
45 xulío
agosto
setembro 1974

GRIAL



FRANCISCO BUSTELO: Introdución ao estudo cuantitativo da poboación galega no século XVIII.

R. CARBALLO CALERO: Figuras representativas da literatura galega actual.

J. L. FRANCO GRANDE y J. LANDEIRA YRAGO: Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos.

LUIS SEOANE: Encol da miña aportación ao arte mural.

WILLIAM B. YEATS: O país da saudade.

X. C. TREBOLLE BARRERA: Polos camiños da galega Egeria no Sinaí.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 45 - XULIO, AGOSTO, SETEMBRO 1974

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Introdución ao estudo cuantitativo da poboación galega no século XVIII, por FRANCISCO BUSTELO ... 257

Figuras representativas da literatura galega actual, por R. CARBALLO CALERO ... 269

Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos, por JOSÉ FRANCO GRANDE y JOSÉ LANDEIRA YRAGO ... 280

Encol da miña aportación ao arte mural, por LUIS SEOANE ... 308

ESCOLMA

O país da saudade, por WILLIAM B. YEATS ... 319

O Neno, por X. M. RODRÍGUEZ PAMPÍN ... 327

A estrela do emigrante, por LOIS VÁZQUEZ ... 340

Poemas pequenos, por XOÁN XULIO ALFAYA ... 343

PENEIRA DOS DÍAS

Polos camiños da galega Egeria no Sinaí, por XULIO-CÉSAR TREBOLLE BARRERA ... 347

Jesús Corredoyra, o pintor arrebatado, por ÁLVARO GIL ... 354

Sobre a poética de Manuel Antonio, por M.ª DO CARME GARCÍA RODRÍGUEZ ... 356

Comentos sobor do libro "Estudos do Dereito Civil de Galicia", por XOSÉ GONZALO DE LA HUERGA FIDALGO ... 364

Novas sabencias, por ÁLVARO PARADELA ... 372

LIBROS, por *S. Lorenzana, V. Arias, M. Lourenzo e Cosme Barreiros* ... 374

O REGO DA CULTURA ... 381

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

INTRODUCIÓN AO ESTUDO CUANTITATIVO DA POBOACIÓN GALEGA NO SÉCULO XVIII

1. RECONTOS DO SÉCULO

É ben sabido que o estudo da poboación galega no século XVIII prantexa difíciles problemas, poisque os datos dispoñíbeles indican unha disminución da poboación ao final do século que, polo de agora, non se sabe se atribuíla a erros censáis, ou a unha forte emigración, ou ás dúas cousas conxugadas. Ademáis, os datos que se teñen dos diferentes recontos semellan contradecírense uns cos outros. Ises datos son:

1717 [1]	116.629	veciños
1749 [2]	336.177	veciños
1768 [3]	1.088.435	almas
1787 [4]	1.345.803	habitantes
1797 [5]	1.142.633	habitantes
1804 [6]	253.109	veciños

[1] Vecindario general de España, Biblioteca Nacional, (Ms. 2274), Madrid, folio 195. Noutro traballo meu, "El Vecindario general de 1712-1717 o Censo de Campoflorido", de próxima pubricación na *Revista Internacional de Sociología*, indico que o manuscrito sinala 118.680 veciños, mais que a suma dos datos de cada lugar, xurisdición, couto, fregresía, concello, etc., dá 116.629.

[2] Archivo Histórico Nacional, Hacienda, Catastro, libro 7424. Datos recollidos por Jaime García Lombardero, *La agricultura y el estancameinto económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, 1973, páx. 11.

[3] *Censo Español executado de orden del Rey comunicada por el Excelentísimo Señor Conde de Floridablanca, Primer Secretario de Estado y del Despacho, en el año de* 1787, Imprenta Real, Madrid, s. d., "Estado general de la población de España en los años de 1768 y 1769". O total xeral de almas que se outén pra Galicia é:

456.108	Arcebispado de Santiago
167.547	Obispado de Tui
152.152	" " Ourense
90.480	" " Mondoñedo
222.148	" " Lugo
1.088.435	

¿Coincidían as dióceses co país galego?

[4] *Ibid.*, plan n.º XI.

[5] *Censo de la población de España en el año de* 1797 *executado de orden del Rey en el de* 1801, Imprenta de Vega y Compañía, Madrid, s. d., plan n.º XI.

[6] José Lucas Labrada, *Descripción económica del Reyno de Galicia*, Fe-

Advírtese deseguida que antre 1717 e 1749 hai un incremento enorme, o mesmo que antre 1768 e 1787, e que, en troques, en 1787-1797 rexístrase unha disminución cáseque tan considerábel coma o aumento denanterior. Tocantes á derradeira cifra da relación, indica un vecindario inferior nun 25% ao de 55 anos denantes. Compre percurar, xa que logo, algunha espricación económica, demográfica ou estadística a ises altibaixos que, á primeira ollada, semellan escesivos.

A economía progresóu pouco na Galicia do século XVIII, acentuándose na segunda mitade o desequilibrio antre recursos e poboación, por medrar ésta máis do que aquéles. A existencia dunha crase ausentista e consuntiva —nobreza e clero— de grandes propietarios, por unha banda, e pola outra, a peculiar figura galega do foro e máis do subforo, cos señores "medianeiros" (que ausorbían parte do produto da terra sin invertiren en troques nela) situados antre propietarios e cultivadores de tenzas minúsculas, impediron un desenrolo intensivo da agricultura. A produtividade respeito do faitor traballo foi baixando por mor do desenrolo estensivo que se fixo inevitábel pra intentar manter a unha poboación crecente. En termos ausolutos, tal produción estensiva tiña un límite. Chegados a il, pra moitos galegos non había máis que unha alternativa: morreren de fame ou emigraren [7].

Meijide Pardo ten estudado, da emigración galega no século XVIII, máis ben as causas do que as cifras [8]. Déstas, somentes fai unha cita de Cornide, quen calculara en máis de 25.000 galegos que saían cada ano da súa terra, e máis unha estimación da Xunta do Reino encol de que no período comprendido antre 1750 e 1787 Galicia esperimentóu unha merma numérica de 400.000 individuos. Chega diste xeito Meijide á conclusión de que "Galicia perdía anualmente arredor de 10.000 unidades humás" [9].

2. ANÁLISE DAS CIFRAS DISPOÑÍBELES

De que había máis probeza en Galicia que noutras partes da Península, e da conseguinte emigración de galegos, sobor de todo na segunda mitade do século, non semella haber dúbida. O difícil é datar e cifrar crecemento vexetativo e, tida conta da emigración, crecemento e decrecemento real.

---

rrol, 1804 (reeditado en Vigo, Galaxia, 1971). "Plan del vecindario del reyno de Galicia, sacado del que últimamente han formado las justicias de él, por disposición del Real Acuerdo", páxs. 273 a 287 (da reedición). Non se coñece, pois, a data do vecindario, prósima, polo que dí Labrada, a 1804.

[7] García Lombardero, en *op. cit., passim* e especialmente cap. V, esprica detidamente por qué ningunha das tres crases (propietarios, intermediarios e cultivadores) quería ou podía invertir na terra. O subdesenrolo galego escomenzóu así no século XVIII por mor dunhas estruturas económicas e xurídicas que frenaban todo progreso.

[8] Antonio Meijide Pardo, *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*, Madrid, 1960.

[9] *Ibid.*, páx. 120. Tal conclusión, como máis logo veremos, non semella descamiñada. Mais, ¿por qué chamar ás persoas "unidades humanas"?

Inda que esta angueira requeriría unha documentación moito máis depurada do que a dispoñíbel hoxe en día —de moi escasa fiabilidade en varios casos, menor probábelmente que noutras zonas— vexamos qué se deduce dun somero análise demográfico das cifras dispoñíbeles. Comecemos cos datos de 1787 e 1797, dos que se ten pra Galicia, como pra as demáis rexións, a distribución por edade [10]. Ises datos, axeitadamente reordeados, pódense presentar así:

	1787 *Varóns*	*Mulleres*	*Tasa de masculinidade*
	V	M	TM=V/M
Deica 7 anos	124.111	120.722	102,8
De 7 a 16	114.308	111.369	100,5
De 16 a 25	97.137	112.635	86,2
De 25 a 40	130.302	149.092	87,4
De 40 a 50	76.473	88.596	86,3
De 50 arriba	98.811	116.576	84,8
	641.202	698.990	
Total V + M = ...	1.340.192		

Istes datos, transformados pra poderen constituír unha pirámide de edade [11], son:

Feixes dun ano en cada intervalo do cadro anterior (con tantos por mil antre parántesis)

	V	M
Deica 7 anos	17.730 (13,2)	17.246 (12,9)
De 7 a 16	12.700 (9,5)	12.374 (9,2)
De 16 a 25	10.793 (8,1)	12.515 (9,4)
De 25 a 40	8.691 (6,5)	9.939 (7,4)
De 40 a 50	7.647 (5,7)	8.860 (6,6)
De 50 arriba	3.294 (2,5)	3.886 (2,9)

Istes datos no censo de Godoy, son:

	1797 V	M	TM
Deica 7 anos	100.765	96.464	104,4
De 7 a 16	93.969	97.980	95,9
De 16 a 25	75.059	97.165	77,2
De 25 a 40	105.195	124.041	84,8
De 40 a 50	75.500	81.647	92,5
De 50 arriba	95.238	99.607	95,6
	545.726	596.904	
Total V + M = ...	1.142.630		

[10] No "Censo Español..., año de 1787", *op. cit.*, nas referencias citadas nas notas 4 e 5 supra.

[11] Pirámide sinxela, craro é, poisque somentes coñecemos a distribución da poboación en seis grupos de edade.

Feixes dun ano en cada intervalo
(con tantos por mil)

	V	M
Deica 7 anos	14.395 (12,6)	13.780 (12,0)
De 7 a 16	10.441 (9,1)	10.887 (9,5)
De 16 a 25	8.340 (7,3)	10.796 (9,4)
De 25 a 40	7.013 (6,1)	8.267 (7,2)
De 40 a 50	7.550 (6,6)	8.165 (7,1)
De 50 arriba	3.175 (2,8)	3.320 (2,9)

En 1787 prescindo da "poboación institucional" —5.611 persoas— é decir, a que vivía nos hospitáis, hospicios e casas de misericordia, casas de reclusión, casas de espósitos, colexios de varóns, colexios de "femias", e institutos masculinos e femeninos do estado regular, e que non figura distribuída por edades.

Por outra banda, no censo de 1787, esa distribución por edades contén, tal como se indica nas cifras que presentéi, seis grupos, a empezar polo dos sete primeiros anos de edade, e rematando nos de máis de 50. En troques, no de 1797, o grupo "de 50 arriba" desglósase en 50 a 60, 60 a 70, 70 a 80, 80 a 90, 90 a 100, e de 100 arriba. Pra podéremos comparar uns e outros datos, en 1797 agrupo nun soio feixe os maiores de 50, que pra o cálculo dos tantos por mil, o mesmo que en 1787, considero que abranguen soio deica os 80 anos. (En 1797 había, según o censo, 4.084 galegos e galegas de máis de 80 anos, isto é, o 0,36%).

Polo que fai á tasa de masculinidade, os demógrafos saben que en toda poboación a proporción antre homes e mulleres é relativamente constante. Por razóns de tipo biolóxico, que sólo moi recentemente empezan a acrararse, nace un 5% máis de nenos que de nenas. En troques, as mulleres viven máis que os homes, e non como se creía deica hai pouco porque os segundos sexan en moitos campos máis aitivos que as primeiras, senón, según semella, por mor da diferente composición xenética do par cromosomático sexual.

Así, pra cada tipo de poboación existe unha tasa de masculinidade tipo, coa que poden compararse os datos dos que se dispoña. Según se axusten máis ou menos a ela, resultarán, polo tanto, máis ou menos fidedinos tais datos.

Unha poboación de mortalidade constante e espranza de vida ao nacer de 30 anos, condicións que se axustan bastante, como ten sinalado un demógrafo italián [12] e tencionei confirmar eu noutro traballo [13], ás da poboación peninsuar na se-


[12] Massimo Livi Bacci: "Fertility and Nuptiality Changes in Spain from the late 18th to the early 20th Century", *Population Studies*, London, vol. XXII, 1.ª parte, n.º 1, marzo 1968 (páxs. 83 a 102), 2.ª parte, n.º 2, xulio 1968 (páxs. 211 a 234).

[13] "La población española en la segunda mitad del siglo XVIII", *Moneda y Crédito*, 123, dec. 1972, páxs. 53 a 104.

gunda mitade do século XVIII, teñen as seguintes tasas de masculinidade [14]:

Nacemento	105	40-44	105,8
0-4 anos	102,4	45-49	104,0
5-9 "	102,2	50-54	101,0
10-14 "	102,8	55-59	97,1
15-19 "	103,3	60-64	92,9
20-24 "	104,0	65-69	88,5
25-29 "	104,7	70-74	83,8
30-34 "	105,6	75-79	79,0
35-39 "	106,1	80-84	74,2


Cos datos diste derradeiro cadro e cos de 1787 e 1797 (únicos censos nos que figura a poboación por edade e sexo) dibuxemos tres curvas de tasas de masculinidade: a curva-tipo, a do censo de Aranda e máis a do censo de Floridablanca.




Advírtese unha anormalidade grande no censo de Floridablanca, que se acentúa no de Godoy, nas tasas de masculinidade da poboación comprendida antre os 15 e os 40 anos de edade. Esas anomalías, porén, ¿poderían espricarse pola emigración?

Construamos as pirámides de edade pra téremos máis elementos de xuicio:

[14] Louis Henry, *Manual de démographie historique*, Genève-París, 1970, páx. 39.



Pirámides de edade da poboación galega en 1797, según os datos do Censo de Godoy (trazo groso) e en 1787, según os datos do Censo de Floridablanca (trazo punteado)



Pirámides de edade da poboación española en 1797, según os datos do Censo de Godoy (trazo groso); en 1787, según os datos do Censo de Floridablanca (trazo punteado groso); e en 1768, según os datos do Censo de Aranda (trazo punteado fino)

A comparanza destas pirámides coas españolas [15] permite facer algunhas matinacións.

En 1787 a proporción dos homes en todos os grupos de 7 a 50 anos é inferior á media española, mentras que isto non ocurre coas mulleres, agás nos grupos 7-16 e 25-40 en moi pequena medida.

En 1797 sucedía o mesmo, coa salvedade moi solprendente de que a proporción do grupo 40-50 resulta elevadísima e meirande que a do feixe 25-40. Nas mulleres ocurre algo semellante a 1787, coa diferencia de que a proporción do grupo 7-16 non é inferior á nacional. De todo isto despréndese:

1. Que deica 1787 había emigración masculina que non atinguía, como é lóxico, a nenos e vellos. Emigración femenina tamén había, pro moi pouca [16].
2. En 1787-1797, pra espricáremos a disminución en termos ausolutos da poboación, tivo que haber unha fortísima emigración que atinguira a homes e mulleres, nenos e vellos, por igual (cousa ilóxica), salvo (o que aínda é máis ilóxico) ao grupo de varóns de 40 a 50 anos de edade. Tanta falla de lóxica semella confirmar a moi escasa fiabilidade do Censo de Godoy no caso de Galicia.

A curva da tasa de masculinidade resulta aceitábel en 1787, tida conta da emigración. Pola contra, a de 1797 amostra unha tasa baixísima pra o grupo 25-40 e unha tasa máis outa que en 1787 pra o grupo 40-50, cousa ésta tamén pouco verosímil e que confirma o dito no párrafo precedente.

En suma, os datos do censo de Floridablanca semellan demográficamente aceitábeles e os do censo de Godoy non.

Tencionemos, non embargantes, unha cuantificación teórica das poboacións posíbeles en cada data, tida conta da existencia da emigración.

Supoñamos que o crecemento vexetativo da poboación galega foi igual no século XVIII ao promedio español, cecáis lixeiramente inferior por unha meirande mortalidade, especialmente infantil, derivada dunha relación máis desfavorábel do

---

[15] As pirámides españolas están tomadas do meu traballo citado: "La población española...", páx. 87, onde cometín, por certo, un pequeno erro, que agora reitifico, e que consistíu en calcular os tantos por mil respeito do total de cada sexo e non, como debe facerse, respeito do total da poboación.

[16] En Galicia había no 1797 dúas mulleres solteiras por cada tres casadas, mentras que a media española era de cáseque unha a tres. As cifras son:

	Galicia	*España*
1. Solteiras de máis de 16 anos.....	165.138	1.114.231
2. Casadas e viuvas	240.073	2.394.585
Proporción 2/1	1,5	2,2

cociente alimentos/poboación [17]. Tomemos coma tasa anual media de crecemento vexetativo 0,4% [18].

Consideremos, como parece lóxico por razóns obvias, que ningún censo pecaba por esceso. Tomemos daquela as cifras —que son as máis outas— de 1749 e 1787 coma límites inferiores da poboación posíbel nas dúas datas e introduzamos a emigración pra estimáremos, a partir dos datos de 1749 e 1789, a poboación teórica probábel nos anos doutros recontos.

Fagamos por calcular cáles poideron ser esas cifras de emigración. Abordemos primeiro o problema dende un punto de vista teórico e supoñamos unha poboación que no ano base (B) ten un volume determinado (P). Tal poboación rexistra unha emigración (M) ao longo de t anos. Sendo c a tasa de crecemento vexetativo, a poboación en cada un dos $t + 1$ anos será:

Ano	*Poboación*
B	P
$B + 1$	$P(1 + c) \pm M$
$B + 2$	$P(1 + c)^2 \pm M(1 + c) \pm M$
$B + 3$	$P(1 + c)^3 \pm M(1 + c)^2 \pm M(1 + c) \pm M$
$B + t$	$P(1 + c)^t \pm M(1 + c)^{t-1} \pm \ldots \pm M(1 + c) \pm M$

Sumando a derradeira espresión do cadro precedente, teremos:

$$P_{B+t} = P(1 + c)^t \pm M \frac{a^t - 1}{a - 1}$$

onde $a = 1 + c$ [19]

Se despexamos M, poderemos escribir:

$$M = \frac{\pm (P_{B+t} - P_B\, a^t)(a - 1)}{a^t - 1}$$

M pode ser positiva (inmigración = I) ou negativa (emigración = E). No caso galego había emigración, craro é.

---

[17] Non podemos corroborar iste feito coas proporcións do grupo 0-7 anos, que é demasiado amplo. Esas proporcións non son en Galicia inferiores á media española, inda que en 1797 é menor o tanto por mil correspondente ao de 1787, o que indicaría menos nacementos ou ben un incremento da mortalidade infantil ou, se cadra, por tratarse do censo de Godoy, defeitos censáis.

[18] Pra España, Livi Bacci, *op. cit.*, páx. 90, atopa 0,43% pra 1768-1797. Ise porcentaxe semella plausíbel, polas razóns que aducín en "La población española...", *op. cit.*, páx. 102.

[19] A suma é doada de facer, poisque:

$P_{B+t} = P(1 + c)^t \pm M(1 + a + \ldots + a^{t-1}) = P(1 + c)^t \pm MS$

E S outénse imediatamente. Nefeito,

$S = 1 + a + \ldots + a^{t-1}$ (1)

$Sa = a + a^2 + \ldots + a^t$ (2)

Restando (2) de (1),

$S(a - 1) = a^t - 1$; e $S = \frac{a^t - 1}{a - 1}$

Pra a primeira mitade do século, onde sóio temos datos de veciños, non procedería considerar emigración algunha, xa que según os datos do vecindario de Campoflorido e do Catastro de Ensenada, o incremento de poboación no 1717-1749 foi enorme. Tan enorme que ises datos non poden representar de ningún xeito a realidade demográfica. Cecáis sexa escesivo afirmar, como fai García Lombardero, na súa obra citada (páx. 13), respeito do Catastro, que "as ocultacións nas respostas ao custionario, no que se refire ao número de veciños, deberon ser práiticamente nulas". O que sí semella indubidábel é que tais cifras son moito máis fiábeles do que as do vecindario. Se consideramos certas aquélas, e aceitamos unha tasa de crecemento do 0,4%, o número de veciños en 1717 tiña que ser:

$$V_{1717} = V_{1749}\ 1{,}004^{-32} = \frac{336.177}{1{,}1363} = 295.852 = 116.629 \times \frac{254}{100}$$

En 1717, pois, de seren certos os datos que encol de veciños figuran na documentación primaria do Catastro de Ensenada, e considerando que a poboación galega medróu en 1717-1749 ao 0,4% anual, o número de veciños tiña que ser do orde dos 300.000, o que indicaría que no vecindario de Campoflorido sóio se contóu un veciño de cada 2,5 [20].

Tocantes ás poboacións posíbeles noutras datas, se partimos dos datos de Floridablanca, outeremos pra 1749:

$$P_{1787} = P_{1749} \times 1{,}004^{38} - E\,\frac{1{,}004^{38} - 1}{0{,}004}$$

Se consideramos que P_{1749} vennos dada polo número de veciños do Catastro de Ensenada multipricado polo coeficiente 4 [21], quédanos:

$$E = \frac{4 \times 336.177 \times 1{,}164 - 1.345.803}{40{,}95} = \frac{219.437}{40{,}95} = 5.360$$

[20] Outra posibilidade, craro é, consiste en que no 1749 se contaran máis veciños dos que había, ou que se cometera un erro na transcrición das cifras do Catastro. As omisións de 1717 puideron ser grandes, mais ¿tanto? Compre ter presente, antre outras cousas, que a proporción de nobres, que non figuraban no Vecindario de Campoflorido, era en Galicia moi baixa, tal como indican os recontos dispoñíbeles.

	Nobres	*Poboación*	%
1749	10.995 (veciños)	344.247 (veciños)	3,2
1787	13.781	1.345.803	1
1798	8.733	1.142.630	0,8

É certo que, pola contra, os probes "de solemnidad", que probábelmente tampouco se inclúen en 1717 —inda que o manuscrito do Vecindario nada dí ao respeito— tiñan que ser moitos máis.

[21] García Lombardero, *op. cit.*, páx. 12, cunha mostra do catastro de Ensenada atopa un coeficiente de habitantes por veciño de 3,1. Isto sóio se es-

Polo tanto, se son válidos os datos do Catastro de Ensenada (convirtidos en habitantes co coeficiente 4) e os do censo de Floridablanca, e se a tasa de crecemento anual vexetativo da poboación foi 0,4%, houbo unhas 5.400 persoas que emigraron cada ano de Galicia, en promedio, antre 1749 e 1787.

Polo que fai á cifra de habitantes de 1797, xa víramos que o Censo de Godoy parece pouco fiábel. Nas advertencias que figuran ao principio do mesmo díse que a disminución da poboación de Galicia no 1797 en comparanza coa de 1787 "máis se debe atribuir á pouca esactitude das razóns remitidas polos Justicias, que a unha verdadeira disminución das xentes, por non haber motivo pra causala" [22].Polo visto en Madrid, xa en 1797, iñoraban feito tan notorio coma o da emigración galega. Nembargantes, ¿puido ser ésta tan cuantiosa como pra xustificar a considerábel disminución do número de habitantes en 1787-1797?

De momento, e na espera de que se fagan estudos máis polo miudo da demografía histórica da Galicia do XVIII, semella imposíbel precisar o erro por defeito das cifras de 1797. Sóio cabe afirmar que son pouco fiábeles —menos, dende logo, que as do Censo de Floridablanca—. Se consideramos éstas derradeiras esactas, compriría aumentar daquéla as de 1797 nunha proporción cuia cuantía sería do 5%, do 10% ou aínda máis [23]. Se cadra, polas anomalías dos gráficos, meirandes que nos españoles, pódese pensar pra Galicia nun erro por defeito do orde do 10% [24].

Cabería, daquela, facer o cadro seguinte:

---

pricaría se as mulleres solteiras, cuio número como xa víramos é moi elevado, viviran independentes e foran consideradas veciños. Mais isto parece difícil de crer. Véxase a miña nota "La transformación de vecinos en habitantes. El problema del coeficiente", *Estudios Geográficos*, XXXIV, 130, febr. 1973, páxs. 153 a 164, onde, polas razóns que alí aduzo, chego a coidar que o coeficiente 4 sería o máis axeitado pra a primeira mitade do século XVIII.

[22] "Censo Español..., año de 1787", *op. cit.*, Advertencias (sin páx.).

[23] Pra España atopo en "La población española...", *op. cit.*, páx. 94, unhas omisións probábeles do 5%, cun límite superior do 10%. Livi Bacci en "Fertility and Nuptiality...", *op. cit.*, páx. 87, nota 13, sinala a posibilidade de que a poboación galega, anoxada por levas e impostos, boicotease o Censo do 1797. Non semella ter en conta, porén, iste autor italián a posibilidade dunha emigración moi grande. O certo é que a emigración trambílica moito todo ensaio de cuantificación demográfica de épocas preestadísticas.

[24] Polo que fai á posibilidade dun boicot xeneralizado, semella pouco probábel pra a concencia política da época. Compre sinalar, nembargantes, que xa en 1724 Jerónimo de Uztáriz afirmaba que "é notorio tamén que de Galicia saía pra as Levas, e Recrutas de Flandes, moita máis xente que doutros Reinos", 2.ª edición, 1742 (reproducida en edición facsímil, Madrid, 1968), páx. 21. Richard Herr, *The Eighteenth-Century Revolution in Spain*, Princeton, 1960. (Tradución castelán, *España y la revolución del siglo XVIII*, Madrid, 1971, páxs. 205 e 206), dí que no inverno de 1790-91 "unha nova esación de impostos ocasionóu unha revolta violenta antre os xa asoballados labregos galegos". O bispo de Ourense daquela simpatizóu cos revoltados. O Goberno atenuóu os impostos e mandóu tropas.

Hipóteses	*Omisións*	*Habitantes*
baixa	5%	1.199.765
media	10%	1.256.896
outa	15%	1.314.028

Nos tres casos, a cifra teórica anual media de emigrantes en 1787-1797 tería sido, respeitivamente, de 19.600, 14.000 e 8.400 [25].

3. CONCLUSIÓNS

Galicia no século XVIII quedóuse atráis do resto de España, ao non ter progresado a súa agricultura por mor dunhas estruturas socioeconómicas antiprodutivas. A estensión da produción agraria co meirande emprego de faitor traballo non logrou aumentar os recursos tanto como a poboación, polo que se rexistrou na segunda mitade do século unha forte emigración [26].

Cos datos dispoñíbeles hoxe, se supoñemos unha tasa de crecemento vexetativo do orde do 0,4% anual, se aceitamos coma probábeles os datos dispoñíbeles de 1749 e 1787, e se consideramos un coeficiente de catro pra a conversión de veciños en habitantes, pódense facer as seguintes afirmacións:

1. O vecindario de 1717 adolece dun erro por defeito do 250%.
2. Antre 1717 e 1749 non houbo emigración.
3. Antre 1749 e 1787 houbo unha emigración dunhas 5.400 persoas por ano.
4. Antre 1787 e 1797 houbo unha emigración probábel dunhas 14.000 persoas por ano.
5. O censo de Godoy de 1797 presenta cecáis un erro por defeito do 10%.

---

[25] Cifras outidas de sustituir na fórmula anterior:

$$E = \frac{(P_{1787} \times 1{,}004^{10} - P_{1797}) \times 0{,}004}{1{,}004^{10} - 1} = \frac{1.345.803 \times 1{,}04 - P_{1797}}{10{,}2}$$

P_{1797} polos tres valores correspondentes ás tres hipóteses outa (A), media (M) e baixa (B):

$$E_A = \frac{1400 - 1200}{10{,}2} = 19.608$$

$$E_M = \frac{1400 - 1257}{10{,}2} = 14.019$$

$$E_B = \frac{1400 - 1314}{10{,}2} = 8.432$$

[26] Emigración de tempada había xa, sin dúbida, denantes. Mais o ésodo definitivo de tantos galegos empezóu probábelmente mediado o XVIII, e dura, como é sabido, deica os nosos días. O que supuxo tal emigración na historia de Galicia queda ben refrexado nas seguintes verbas: "Dende o punto de vista demográfico, a emigración galega ven sustituir, no ciclo moderno, a función desempeñada no ciclo antigo pola mortalidade catastrófica —pestes, guerras e fames, frecuentemente ensarilladas—. Dende un punto de vista económico, a emigración galega representa un dobre e constante desa-

6. Esta derradeira hipótese quedaría corroborada pola comparanza dos gráficos da tasa de masculinidade e distribución por edade do dito censo cos do censo de Floridablanca.

As cifras da poboación de Galicia no século XVIII serían:

	Veciños		*Poboación* *Cifras teóricas*	*Cifras [11] redondeadas*
1717	303.112 × 4	=	1.212.448	1.210.000
1749	336.177 × 4	=	1.344.708	1.350.000
1787			1.345.803	1.350.000
1797			1.256.896	1.260.000

A emigración sería:

	Por ano	*Total*
1749-1787	5.400	210.000
1788-1797	14.000	140.000
1749-1797		350.000

Coma colofón somentes quero insistir outravolta en que se trata dunha simple *introdución* ao tema. Compren traballos máis polo miudo, antre outros, nos puntos seguintes:

— Coeficiente de conversión de veciños en habitantes.
— Estudo dos datos primarios dos censos de Aranda, Floridablanca e Godoy.
— Estudo cartográfico do Censo de Aranda pra coñecéremos a estensión territorial das dióceses galegas.
— Posibilidade de datar o Vecindario de Labrada.
— Análise das posíbeles diverxencias antre a tasa de crecemento da poboación galega e da española, cecáis mediante a mortalidade infantil e outros parámetros demográficos.
— Estudo da emigración por fontes indireitas non demográficas.

FRANCISCO BUSTELO
Universidade de Santiago
de Compostela

xuste, por unha banda, antre a presión demográfica e a estrutura do sistema produtivo; por outra banda, antre a capacidade de xeneración de escedente polo sistema e o uso ou destino do escedente realmente xenerado. Dende un punto de vista social, a emigración galega constitúe a manifestación masiva dunha forma de escravitude que pervive deica o noso século. Dende un punto de vista ético, a emigración galega sifiifica a negación constante do dereito máis elemental da persoa: o dereito á propia vida no propio país. Dende todos iles, a emigración galega supón a renuncia á revolta". Xosé M. Beiras, *O atraso económico de Galicia*, Vigo, 1972, páx. 29.

[11] Do censo de Aranda, por iñoráremos os límites xeográficos das dióceses, e do Vecindario de Labrada, por non sabéremos a súa data esacta e qué categorías comprendía, non podo, hoxe por hoxe, facer ningunha consideración.

FIGURAS REPRESENTATIVAS DA LITERATURA GALEGA ACTUAL *

Se desde o punto de vista estrictamente filolóxico podemos falar dunha lingua galego-portuguesa, como unha unidade da que non son senón variedades dialectáis as distintas formas do portugués e do galego actual, forzoso é recoñecer que os destinos históricos que afastaron as terras de alén e de aquén Miño determinaron unha escisión no campo das manifestacións literarias daquel complexo idiomático, que conduciu a un isolamento mutuo das literaturas portuguesa e galega. Como se o estormento lingüístico cuia elaboración artística posibilita ambas literaturas non fora o mesmo sustancialmente, ao menos nunha consideración histórica, e non houbera habido, se non máis, dous séculos en que non é posible distinguir antre literatura galega e literatura portuguesa, hoxe en día viven de costas unha da outra ambas manifestacións artísticas dun mesmo xeito de espresión oral, só polo decorrer do tempo e polas vicisitudes da historia fragmentado socialmente en dous grupos que, endebén, presentan peculiaridades lingüísticas aínda moi lonxe de constituir dificultades para a mutua comprensión.

Podemos, pois, falar aínda de lingua galego-portuguesa. Pero non podemos falar de literatura á que aplicar esa mesma denominación. Os destinos políticos desviados de galegos e portugueses marcaron co seu selo as literaturas dos respectivos países. Unha mutua iñorancia afástanos lamentablemente.

A independencia política de Portugal posibilitóu o desenrolo autónomo da literatura no país. Galicia perde toda literatura desde comezos da Idade Moderna. A lingua literaria dos galegos nos séculos XVI, XVII e XVIII é o castelán. E cando no XIX o idioma galego volve a adquirir rango literario, a fronteira do Miño está pechada. A ambos lados unha docilísima sumisión ao feito histórico da separación cultural, unha pasiva aceitación do orde esistente, unha falta absoluta de vocación cara a direición voluntaria dos acontecimentos, van ser causa de que a nova literatura galega dé as costas á literatura portuguesa e que sexan escasos os leitores dunha e outra banda que se interesen pola actividade desenrolada máis alá da fronteira.

* Este traballo corresponde ao texto dunha conferencia pronunciada polo autor en Coimbra, o 21 de xaneiro do 1971, no decurso da Semá galego-portuguesa organizada naquela cidade.

O que perdéu a literatura galega renacida ao non aproveitar a esperiencia técnica da literatura portuguesa é imponderable. O selo de primitivismo vacilante que no manexo da lingua e a técnica literaria amosa, non sei se como unha eiva ou un enlevo, a nosa literatura oitocentista, non houbera esistido se os nosos escritores tiveran como clásicos, segundo parez que reclamaría a natureza das cousas, aos clásicos portugueses. Pero non foi así, e o galego e o portugués tardan en se lembrar modernamente de que son dúas ponlas dun mesmo tronco, o antigo galego-portugués.

Non faltaron, certamente, contactos antre ambas literaturas pero son resultado da empeñada actividade de persoalidades especialmente conscientes dos vencellos que ligaban aos nosos pobos. En conxunto, moi pouco, en relación co que houbera podido ser.

Unha leve pegada, totalmente esporádica, de Camoens, áchase nos *Cantares Gallegos* de Rosalía. Curros coñecía moi ben a literatura portuguesa do seu tempo, e traducíu ao castelán escritores como Guerra Junqueiro, Teófilo Braga, Pinheiro Chagas. Mais na obra galega do autor de *O divino sainete* non é importante o calco da literatura portuguesa.

Dos tres mestres do século XIX é Pondal, endebén, quen rendéu o másimo homenaxe a esa literatura coa composición do seu poema *Os Eoas*. Esta epopeia é deliberadamente unha réplica de *Os Lusíadas*, e segue tan de perto o seu modelo que resulta anacrónica como realización dos nosos tempos. Pondal e os seus amigos agardaban que a obra sería a coroación do traballo poético do bergantiñán. Pero un poema tan lealmente encadeado a un modelo do século XVI non podía poseer a vida, a frescura, o alento da criatura que xurde espontáneamente, engranzada certamente nunha tradición, pero non empeñada en navegar corrente arriba no río da historia. A obra abortóu, e nunca foi publicada íntegramente.

As influencias da literatura portuguesa na literatura galega moderna é tema para unha tese de licenciatura na Universidade de Santiago. En todo caso, materia de erudición. Como a fortuna de Rosalía en Portugal. Ósmoses que apenas siñifican nada nas respectivas literaturas. As relacións antre Noriega Varela e Teixeira de Pascoaes, o coñecimento i estima do poeta de Mondoñedo con referencia aos sonetos de Olavo Bilac, os artigos de algúns modernos galegos sobre Guimarães Rosa, son curiosidades literarias que nos redimen un pouco do noso isolamento xeral, pero que non exerceron ningunha influencia sobre a masa de leitores galegos, portugueses ou brasileiros.

Esta situación só pode ser modificada se as máis altas institucións de cultura dos respectivos países, é decir, as Universidades, asumen a dirección da empresa. Galegos e portugueses conviven hoxe en Coimbra para intercambiar información

sobre problemas de filoloxía que a uns e a outros nos afectan. A miña contribución aspira sobre todo a proporcionar aos nosos xenerosos invitantes algúns dados, escolmados sen prexuicios, sobre o estado actual da literatura galega; sobre o que hoxe, na literatura galega, ten porvir, oferece probabilidades de permanecer. Teño escollido catro figuras representativas das respectivas xeracións; catro figuras, pois, epónimas. Catro figuras, pois, que, segundo o meu sentir, teñen asegurada algunha forma de permanencia na historia da literatura galega.

¿Cál é a chave que nos pode abrir as portas do futuro? En literatura, como en todo, é inútil a repetición. É candidato á permanencia un escritor que aporta algo, que engade algo ao esistente, que fai progresar a sustancia histórica. Hai, evidentemente, unha dialéctica da historia, i esto é o que nos permite entendela e prevela. Un escritor pode estar situado na corrente da historia ou pode estar á marxe da historia. Aquél permanece, éste perece. Pero esa permanencia i este perecer son históricos, teñen unha realidade histórica, que non hai que confundir coa episódica sona ou o episódico esquecimento. Os artellos da historia somente se perciben mediante a radioscopia do historiador. Grasas escrecencias e masas musculares corruptibles ocultan aos ollos profanos a estructura ósea do fenómeno histórico.

Por suposto, todo proceso histórico dáse nun determinado contesto cultural, e a nosa prospección é só válida dentro dese contesto, aínda que se basee en leis de aplicación xeral. As premonicións que fagamos nós, arrincando dunha situación particular, poden organizarse segundo un esquema que inspire sorpresa ou decepción ao educado nunha escola que contemple outras liñas do devir. Será deformación escolástica, da que nos deberemos liberar previamente, este enxergar as cousas proprias con ollos alleos. A nosa alleación é moi forte, e con frecuencia darános unha imaxe invertida da realidade. Antes de refugar como estraña a visión que se nos brinde, debemos meditar se unha eiva de educación non esplica a estrañeza como unha deformación do suxeito que contempla e non do ouxeto contemplado.

O noso tempo é limitado. Non imos facer o censo dos escritores galegos da actualidade que o serán tamén da futuridade, senón a discutir as probabilidades de selo que ostentan hoxe algúns dos escritores que consideramos representativos da respectiva promoción. Dentro da marxe de error xa referida, veremos se supoñen algo que non esistía denantes deles nas nosas letras, veremos se a historia da literatura os necesita para os titulares dos seus capítulos ou os seus nomes están predestinados a ser mera erudición, e veremos tamén, no caso de que os instalemos no catálogo do porvir, qué parte da súa

obra, qué calidades do seu traballo son as verdadeiramente importantes na edificación da literatura galega.

Comenzamos polo sobrevivinte dunha xeración que desempeñóu un papel esencial no desenrolo da literatura galega, a xeración que coñecemos co nome do boletín de cultura galega onde os homes dese grupo acometen a empresa de lograr para esa cultura un nivel europeo. Ramón Otero Pedrayo era antes de 1936 unha figura literaria moi admirada nos círculos onde a súa obra se leía. Pero foi despóis da guerra cando escalóu os cimos da popularidade. Foi a súa oratoria a que lle proporcionóu a sona. Nun momento en que era imposible unha literatura de contido ideolóxico, as calidades formáis da prosa oratoria de Otero —a riqueza de imaxes, o vibrante cromatismo, a suntuosidade e o esplendor— atinguíronlle unha popularidade que en certo xeito falseaba o seu perfil. O orador devoróu ao escritor. Otero era ouvido, pero non lido. A música embriagadora do seu verbo engaiolaba ao ouvinte; pero esa mesma prosa escrita —Otero escribe esactamente igual que fala— era priguizosamente obliterada. A música escríbese para ser escoitada e non para ser lida. Só pode leer música o que sabe descifrar os signos. O círculo de leitores de Otero apenas se amplióu; pero os seus concertos verbáis atinguiron agora a másima popularidade.

As augas volveron ao seu rego cando cambióu o ambiente literario. Rematada a segunda guerra mundial, os problemas que prantexaba a reconstrucción dun universo humán moral e físicamente arruinado, constituiron o fundamento de toda literatura. A ideoloxía abríuse de novo camiño, primeiro baixo especie de metafísica, logo baixo especie de socioloxía. Otero non era portador de mensaxe algunha nestes aspectos. A súa obra é lirismo laudatorio da esencia do galego, apoloxía estética da tradición. Un cristianismo non conturbado pola agonía da contradicción e a dúbida, arroupado de veludos litúrxicos, paternalmente consolador e filialmente fraternal, unxido na súa humildade polos olios da gracia e sentimentalmente marcado polo carisma da confianza e a sumisión, non satisfacía á nova forma militante de relixiosidade, que levaba no tempo o caritel do esistencialismo. Deus non é artista, *Monsieur Mauriac non plus*. Pero Otero sí o é. Os novos cristianos non sentían o cristianismo de Otero, feito de sinxela piedade campesina e de obrizo ritual catedralicio, como unha misa na capela do Santo Cristo de Ourense. E cando remitíu a frebe esistencial, e fuxindo da anguria metafísica, do engullo crarividente e do absurdo fundamental, o home, despóis de sondar cruelmente á súa propria alma, guindóu, zuruxán asustado, os seus bisturís indiscretos e, chamando polos seus irmáns, refuxióuse no coro de semellantes que o protexen contra sí mesmo cos laídos das mágoas comúns que se concretan no pan e no teito,

a obra de Otero, en eminente parte social, pero, craro está, ceibe de todo dogmatismo científico ou político, parecéu conformista, ou neutra, ou aséptica, ou escapista, a aqueles que fuxindo de sí mesmos diluíranse ou teimaban diluírse na masa da colectividade. Tampouco neste aspecto a obra de Otero aportaba mensaxe algunha. De xeito que agora, no tempo dunha literatura antiliteraria, volvéronse as tornas, e aquel púbrico á moda que escoitaba a Otero, deixóu de se interesar por el.

Pero ningún galego consciente pode pensar hoxe en Galicia sen pensar en Otero. De xeito que a visión de Galicia que se revela na obra de Otero Pedrayo, está incorporada ao fluir vivo da historia. En sustancia, esta visión, pola súa ouxetividade sen mezquindades propagandísticas, pola súa veracidade fundamental, pola súa penetración sen pedantismos, é unha aportación definitiva, que confire ao noso escritor o rango de educador do seu pobo.

Esto non quer decir que a permanencia que pronosticamos para Otero sexa unha permanencia de tipo puramente socrático, unha permanencia difusa na obra de todos os escritores que o sucederon, como permanece nos discípulos a obra do mestre. De todos xeitos, a grande aportación de Otero á literatura galega foi a súa visión de Galicia, máis completa, con moito, que a de calquer outro escritor galego. O estilo de Otero como prosista, aceitemos ou non os seus supostos estéticos, é un brillante logro que non se pode esquecer. Non esistía nada semellante antes de Otero na literatura galega. E aínda que o influxo de seu estilo foi desproporcionadamente insignificante en relación coa súa forza, a súa orixinalidade e o seu engado, a literatura galega ficóu marcada por el, de xeito que a súa historia hoxe sería inconcebible sen Otero.

Un xeito de ver a Galicia; un xeito de conducir a prosa. Fixémonos cómo os logros fundamentáis polos cales ao meu xuicio Otero Pedrayo ten asegurada a permanencia nas letras galegas, son logros metódicos, estormentáis. A obra de Otero, máis romántica que clásica, abre perspectivas, traza camiños, fornece claves. A realización literaria mesma, callada en obras xenéricas i específicas, está afectada, agás certos momentos afortunados, pola fidelidade a un ideal romántico esgotado xa como fonte de creación. A novela máis ambiciosa do noso autor, planeada como unha especie de *Guerra e Paz* da vida señorial e campesina do século XIX, e concebida consecuentemente á luz dun vigoroso realismo, único método axeitado para o tratamento da súa vasta materia social, non calla pola contradicción que supón nela a esistencia dun lirismo fantástico de convencional romantismo que calca na obra o caritel dunha hibridade infecunda. Cando en traballos de reducidas dimensións logra Otero, por puro azar, ou por imposición feliz da forte realidade da materia, manter alonxado a este demo

romántico anacrónico que esgotóu as súas posibilidades creadoras nas páxinas de Scott ou Chateaubriand, temos preciosas mostras en maqueta do que houbera podido ser a epopeia novelesca que Otero houbera podido edificar.

Otero Pedrayo foi unha revelación relativamente serodia como escritor galego. Polos mesmos anos vinte en que o seu nome comenza a soar en Galicia, fanse notorios os de outros escritores nados no fío dos dous séculos, algúns dos cales —Amado Carballo; Manuel Antonio—, aínda que ceifados por unha morte temperá, acadaron longa repercusión nas letras galegas. Antre estes novecentistas, como algunha vez foron chamados estes escritores nados ao redor de 1900, figura un poeta de curta producción, hai moitos anos calado, presente hoxe nas revistas polos seus traballos de erudición, iñorado por tanto como realidade literaria pola crítica xornalística, e cuia obra, callada en dous libros dos cales o máis antigo é o máis esencial, non siñifica nada para a actualidade efímera, pero que, se non estamos nun erro, ten un siñificado histórico que asegura a súa permanencia.

Foi tamén nas páxinas de *Nós* onde Fermín Bouza-Brey se dou a coñecer como poeta. Un feixe de poemas foi reunido en 1933 co tiduo de *Nao senlleira*. Outra escolma, *Seitura*, pubricada en Portugal despóis da guerra civil, se engade algunha nota sentimental á solemne armonía do primeiro libro, non supera o feliz equilibrio de espresión, o maxestuoso arrandeo do verso, a cugulada e dourada plenitude, a saudosa sensualidade ricaz, o lumioso balbordo de abellas que erguen o seu vo das páxinas de *Nao senlleira*. A poesía de Bouza é, se se quer, menos nova que a de Amado Carballo e a de Manuel Antonio. O esencial na obra destes dous mozos é a metáfora ousada. Por eso son vangardistas. A poesía de vangarda era metáfora pura. Bouza sabía demasiado de ritmos de Cancioneiro medieval para disolver en metáfora a súa poesía. Ésta non é nin pretende ser revolucionaria. Alíñase disciplinada e congruentemente na sucesión constitucional e orgánica da nosa tradición. Noriega e Cabanillas, os dous grandes mestres do tempo en que Bouza enceta os seus cantos, representan na literatura galega o que noutras partes foi parnasianismo, ou modernismo, ou simbolismo, aínda moi vencellado ao realismo romántico dos precursores. Un avance máis decidido polo camiño do simbolismo está implícito na estética dos compoñentes do grupo *Nós*. Pero o grupo *Nós* carece propiamente de poetas. Non é que non haxa antre os seus homes poderosos líricos, como Otero Pedrayo. Pero non hai artífices do verso. Os poetas da xeración *Nós* son marxináis a esta xeración. Son Cabanillas e os seus discípulos: un Taibo, un López Abente. Secomasí, non disciplinada, non luída, non sistematizada, hai unha obra poética en verso —en verso arestado, descompensado ás veces

de acentos, abrupto de hiatos ou precipitado de sinéreses— composta a ratos perdidos polo proprio Otero Pedrayo, que é como un bosquexo da obra que non escribíu o poeta que non esistíu da xeración *Nós*. Esta obra avanza desde Cabanillas ate Bouza, e forma como o elo perdido, ou esquecido, ou aínda en fusión, pero dialécticamente necesario, que esprica a poesía de *Nao senlleira*, tras da cal o posmodernismo prevangardista está xa adoviado para se desplegar.

Así, a poesía de Bouza instálase nun alvéolo naturalmente disposto nas estacións, nas mansións desta vía real da poesía galega que discurre con arreglo á lei da evolución interna da idea poética no seu desenrolo histórico. Está, pois, fortemente artellada na tradición, e considerada no tempo e no espazo en que se desenvolve, xustifícase de pran, non é anacrónica nin utópica, non é serodia nin prematura, non é tópica nin estravagante.

Deste xeito, frente á obra de Otero Pedrayo, que, lograda ou non, é unha obra de xenio individual, de inspiración daimónica irresistible, de proporcións xigantescas e tesitura estrema, aparez a obra de Bouza como realización práctica dun teorema histórico, como execución ouxetiva dunha solución teórica, dominada por unha modestia clásica, que evita ou impersonaliza o suxeitivo, de dimensións limitadas i estensión tonal voluntariamente reducida. Non é, pois, obra de inspirado romántico, senón de acougado e asisado artesán, compensada e sólida.

Federico García Lorca lleva a casa de Morla Lynch "la infausta nueva de la muerte de don Ramón María del Valle-Inclán, ocurrida en una clínica de Galicia" —había fallecido en Santiago, a las dos de la tarde del 5 de enero, en el sanatorio médico-quirúrgico del doctor M. Villar Iglesias—. El día 15, durante el homenaje madrileño a la memoria de don Ramón, Federico "recita los sonetos de Rubén Darío a Valle-Inclán y el prólogo de *Voces de gesta*", Marie Laffranque. Al coronel Iglesias le han escamoteado la expedición amazónica: "Pretenden enviar a otro al frente de la empresa y dejar al capitán dirigiéndola desde Madrid [...] Federico protesta airadamente", Morla Lynch, *loc. cit.* En mayo, en el agasajo al pintor Viñes, encuentro y conversación con la pintora gallega Maruja Mallo, amiga y contertulia del poeta. Lectura en pleno campo —mes de junio— de los *Seis poemas galegos*, a sus amigos madrileños José Ruiz-Castillo y Daniel Tapia: regresaban los tres de una excursión a Alcalá de Henares, y a la altura de Torrejón, sentados en la cuneta, se improvisó el recital. A mediados de julio, Federico García Lorca abandona Madrid: el 17 se instala en su casa de Granada. En la capital de España, días antes, se había despedido de su anciano maestro de primeras letras, que allí vive: "Vine a despedirme, don Antonio. Mañana parto a Granada [...] Ayer vi pasar el entierro de Calvo Sotelo. Se producirán sucesos muy graves", Claude Couffon, *A Grenade, sur les pas...*, París, 1962. [El 19 de agosto de 1936, muerte en la carretera de Víznar a Alfacar: "Cuando el enterrador llegó poco después ...recuerda que el poeta llevaba una corbata de lazo—. *Sabe usted, de esas que llevan los artistas*", Ian Gibson, *La represión...*, París, 1971.]

[1937]

Estreno en Madrid, en plena guerra civil, de *Los títeres de cachiporra. Tragicomedia de don Cristóbal...*

[1938]

En Valencia, el Comisariado General de Guerra publica una edición popular para los soldados, del *Retablillo de don Cristóbal*: "...don Cristóbal el andaluz, primo del bululú gallego y cuñado de la tía Norica de Cádiz; hermano de Monsieur Guiñol de París y tío de don Arlequín de Bérgamo [...] uno de los personajes donde sigue pura la vieja esencia del teatro", *Retablillo*, final.

trance. Víctimas de la guerra fratricida, mueren en Galicia escritores, poetas, periodistas, artistas; entre los colaboradores de Nós, *Roberto Blanco Torres, Camilo Díaz Baliño, Jaime Quintanilla, Frade, A. Casal Gosenxe...*

1937/1938

El escritor gallego José María Castroviejo publica, en Vigo, su primera obra, Altura. Poemas de guerra *(en el colofón MCMXXXVIII). El libro es un canto "A los muertos por el Imperio y la revolución y la fuerza de España en el mundo",* sic. *Uno de los poemas,* Paso firme, *aparece dedicado* A Federico García Lorca †. *En Buenos Aires, a finales de 1938, reimpresión de* Seis poemas galegos, *incorporados al tomo II de las* Obras Completas *de Lorca, prologadas y recopiladas por Guillermo de Torre.*

JOSÉ LUIS FRANCO GRANDE
JOSÉ LANDEIRA YRAGO
Vigo

ENCOL DA MIÑA APORTACIÓN AO ARTE MURAL


Escribíume hai poucos meses un mozo galego preguntándome pola miña pintura mural feita na Arxentina e a posibilidade de unha pintura mural en Galicia. Respondinlle que en Galicia os pintores fixeron pouca pintura mural e foi destinada, cuasi exclusivamente, ou millor, exclusivamente, a Casinos, Bancos, Hoteles e Tabernas. Algunha, moi pouca, encarregada por algunha dependencia estatal. A Igrexa, os auntamentos, as Diputacións, non solicitan dos artistas traballos dese xénero. Respondín que, non embargantes, as posibilidades en canto aos artistas son moitas si se lles encarregan traballos, se deposita confianza neles e non se lles queira impoñer un xeito de ver. Algúns pintores como Colmeiro, Laxeiro, Lugrís, Prego de Oliver, etc., entre os que eu coñezo, fixeron pintura mural. Pouca, mais mostraron as suas posibilidades. En Ourense, un núcleo de pintores máis mozos que os citados, os irmáns Quesada, Virxilio, de Dios, Pousa, non sei si Manzano, fixeron, que eu seipa, un mural colectivo nunha taberna, o que supón unha moi boa esperencia, semellante á feita polos surrealistas franceses, arredor do ano 45, nun sanatorio psiquiátrico.

Na década do trinta o arte mural foi unha preocupación dos artistas galegos. Eu escribín sobor desto. Mais non me importa repetir o que fai tempo escribín. Arturo Souto, polo ano trinta e catro ou trinta e cinco, propoñía ao Auntamento coruñés facerlle unhas decoracións murales poñendo por precio pra o seu traballo o xornal de un albañil. Nunca soupen cal foi a resposta. Sei, dende logo, que a proposición non foi aceptada, ao menos verbalmente. Carlos Maside maduraba temas para levar ás paredes por si alguén, un día, corporación municipal, dependencia do Estado, ou particular, lle facía un encárrego dese tipo. Manuel Colmeiro, que fixo en Buenos Aires denantes de facelos en Galicia algúns dos millores murales desta cidade, tiña feito por aqueles primeiros anos do trinta uns bocetos, que supoño conserva, que desenrolan os traballos da terra e do mar da poboación galega. O malogrado Francisco Miguel viña de traballar en México no equipo de Siqueiros e denantes no de Rivera, os grandes muralistas mexicanos; traía, pois, unha esperencia valiosa, pero tivo que vivir en Galicia de facer batiks, máis que da súa pintura; unha pintura que tiña moito que ver, nos de-

rradeiros tempos, denantes de morrer violentamente, co realismo máxico. Supoño que Manuel Torres e algúns outros pintores terían soñado con facer tamén ese xénero de pintura. Denantes tiñan feito murales, Castelao, pintados en grandes telas, para o Hotel de Mondariz por encárrego de unha das persoas máis interesantes do seu tempo en Galicia, que ninguén aínda estudóu, Enrique Peinador, e que hoxe atópase en non moi bon estado no depósito da Academia Gallega; Bello Piñeiro, que decorou o Casino de Ferrol con unha obra que é un exempro de "Art Nouveau" galego. Camilo Díaz, que tiña feito a decoración con temas de estudantes no Café Español de Santiago, xa desaparecida, cavilamos por incuria das autoridades, e unha capela dos Bermúdez de Castro en Viveiro. Existen algúns exemplos máis modestos. Os pequenos que fixo Buxados na entrada da súa casa en Viveiro. Do mesmo Castelao existe ou existíu outro no Casino da Estrada.

As posibilidades son moitas. A Igrexa mesma aínda hoxe ofrece posibilidades. No mosteiro de Poyo fíxose, fai algúns anos, un mural en mosaico representando A Derradeira Cea, e os frades trouxeron pra esa laboura a un artista, creo que checoslovaco, especialista, dixéronme, en traballos relixiosos. Fixo unha obra fría, cuasi equivalente á imaxinería industrial, e pra eso tróuxose a un artista de fora de Galicia descoñecéndose a existencia dos artistas galegos. A obra está feita en moi bon mosaico, que fan, teño entendido, os mesmos frades do mosteiro, cuio oficio de mosaiquista sería moi útil que enseñasen ao pobo, creando unha industria que os servise. Entón impedíuse a posibilidade de que tivese Galicia unha obra importante de tema relixioso feita por algún dos artistas que denantes citéi. Por outra banda, os frades esquecéronse que moitas das millores obras de arte relixioso non foron feitas por especialistas neste tema, senón simplemente por artistas sen especialidade temática algunha.

No que se refire a mín, fixen en Galicia con porcelanas e pizarra un mural para a fábrica de cerámica do Castro e outros para a de Sargadelos. Dous propietarios pra os que me pediron bocetos en Vigo, non logréi facelos. Cecáis porque non entenderon o senso do que eu propoñía, ou porque non seuperon ver os bocetos. Nun dos casos tratábase de facar a fachada dun frigorífico no Berbés, frente ao mar, e os propietarios, ou propietario, tiñan matinado, creo, que o artista debería representar pescadores ou peixeiras das que trafegan no peirao. É decir, que o artista tiña que reproducir o que prácticamente podíase ver ao natural, entrando en competencia con éste, sen matinar —non ten por qué facelo el, ese é o problema do artista— que decorar unha fachada sin desfacer a súa arquitectura, ou modificala, é unha grande responsabilidade pra aquel a quén se lle encarrega. Por




Luis Seoane

Fragmento de parede pintada con resinas sintéticas no Teatro San Martín, un dos máis *estensos de América*. Mide 33 x 11 metros.

outra parte, un sobrestante, ou algo así, tiña feito poñer unhas xigantescas letras, as que se debían respetar polos cartos que tiñan costado; este foi o argumento pra que non se sacasen. Un gasto inútil, pois tratándose de unha fábrica, unha placa houbese sido dabondo. As letras dese tamaño, concebidas polo sobrestante, farían dano a calquera decoración. Eu sei que o meu amigo que recomendara o meu nome pra este traballo, V. Paz Andrade, gran escritor, economista e promotor de moitas iniciativas, sofríu coa incomprensión deses empresarios. Anos máis tarde pedíronme outro boceto. Tratábase de un pequeno monumento pra decorar unha praza. Propuxen e fixen un boceto pra un traballo en pedra, seixo de Galicia, pizarra e granito. Tamén interviña un amigo meu. Endexamáis soupen o resultado da presentación do boceto. Nin o meu amigo, nin eu, provocamos en ningún intre unha conversa acraratoria encol delo. A min tivéseme gostado facelo. A idea miña era facer un monumento despoxado de calquer anécdota, que lembrase en todo caso os máis antergos monumentos galegos, os da prehistoria, un menhir, por exemplo, ou os milladoiros que é un dos casos que eu coñezo de monumento colectivo, xunto coas catedrales ou as igrexas do pasado. Non entenderon nada, penso. Cecáis tivesen querido que se figurasen barcos de pesca ou traballadores de fábricas de salazóns ou conservas, ou algo que poidesen entender os que non teñen nada que ver co gosto do arte nin coas preocupacións estéticas dos nosos días, ou de sempre. No segundo caso proiectaba tamén continuar unha vella veneración galega, a que se ten pola pedra, trocándoa en monumento.

O mozo preguntábame polo que eu tiña feito neste xénero en Buenos Aires. Pois ben, teño feito mais de trinta murales dende hai arredor de vinte anos, algún como o tidoado "Nascimento do Teatro Arxentino" de 33 x 11 metros de medida. Neste caso foi pintado con resinas sintéticas e ten xa 19 anos, feito en 1955. Dixen que foi pintado porque moitos outros non o foron, xa que troquéi de procedementos moi a miudo. Fíxennos superpoñendo pedras, facendo taraceas, con mármores de difrentes coores, usando o temple, resinas sintéticas, o mosaico pra "O Libro de Ruth", no que foi Banco Israelita del Río de La Plata; noutros casos a cerámica en colaboración, facendo eu os cartóns, con Fernando Arranz, o gran ceramista madrileño morto en Buenos Aires, a quén Díaz Pardo lle adicóu unha pequena monografía; fíxenos con metales, ferro e bronce, en pedra picada e reconstruida na parede, seguindo o dibuxo con un flexe de bronce apenas perceptible; fun o primeiro que usóu este procedimento, que eu seipa, con temas figurativos. En releve con premoldeados de formigón; fixen grabar pedras facendo insculturas; fixen

vitráis, etc. Non me detiven en canto a variedade de procedimentos, por afán de experimentar en algún caso, e outros pra contribuir á riqueza e unidade da obra arquitectónica, sempre, naturalmente, de acordo co espacio proposto e sin atentar contra da parede, ergueita de acordo co proiecto do arquitecto. Fixen murales en obras públicas, como no Teatro a que denantes me referín, en Bancos, en grandes galerías comerciáis e pra edificios privados. E os meus temas refírense en xeral a Galicia, escluíndo o do Teatro San Martín que se me tiña contratado co referinte ao nascimento do teatro arxentino, a primeira obra dese carácter que foi representada en Buenos Aires, "Juan Moreira", e está desenrolado con enteira libertade. Trátase de unha peza teatral que se representóu por primeira vez nun circo. A parede pinteina con un fondo abstracto de coores brilantes, onde o grafismo representa precisamente un circo, que, no seu centro, alude a unha escea da obra. Mais os meus temas, repito, teñen que ver cuasi na súa totalidade coa figura humá galega. Trátase pra min sempre de unha especie de Nai Galega, outra constante na temática que nos ven dende a prehistoria, a deusa que incorporóu Roma ás súas creencias, a dos cruceiros galegos, as que pintaron Souto e Colmeiro, etc. Alguén preguntábase, hai pouco, que fan os emigrantes. Pois ben, aparentemente nada, como non sexa loitar contra a emigración, os primeiros nesta loita, sin que ninguén os escoite, e espallar Galicia polo mundo do xeito que poden. É o que fixen eu como pintor, e denantes Colmeiro, Maruja Mallo, tamén




Luis Seoane

Fragmento do mural pintado con resinas sintéticas pra un edificio de apartamentos.

en Buenos Aires, cos temas dos murales. Para a Habana fixen, con Fernando Arranz, un mural en cerámica para a casa de Xerardo Álvarez Gallego, que se conserva. Na cidade de San Juan pintéi figuras galegas nun mural pra o Banco desa provincia arxentina, a mil e máis kilómetros de Buenos Aires. Sempre solicitéi libertade pra os meus traballos. Pra unha fábrica de tapices de Buenos Aires fixen unha ducia deles. Tamén fixen "collages" de teas, o tapiz máis antergo. O tapiz é un xénero de arte mural e tecéronse deles os exemplares que sinalan dende fai anos os acordos da asociación internacional de fabricantes de tapices. Os meus están distribuidos, aparte da Arxentina e Uruguay, que eu seipa, en Francia e Estados Unidos. Os vitráis, cinco ou seis, fíxenos con figuras campesiñas e un deles de 12 metros por 3 metros. aprosimadamente, lembrando a paisaxe galega. Somentes en dúas ou tres oportunidades fixen bocetos pra os encárregos. As máis das veces fixen fibuxos moi simples, sempre advertindo que éstes variaban coa execución da obra, pois unha cousa era a visión de unha obra realizada nuns centímetros de papel e outra nunha parede de poucos ou moitos metros, metros e non centímetros. Pra unha persona allea ao arte é moi difícil por otra parte interpretar un boceto. O boceto lévao o artista na mente e está constantemente modificándoo; seino por esperencia de anos. Cando mos pediron os de Vigo fíxenos sabendo que logo de velos os que prometían ser meus clientes, seguramente non os aceptarían, como así foi. Cando un artista ten probado o seu oficio en anos de traballo non pode a súa posible obra depender do gosto de un xerente de empresa ou de unha xunta directiva. Enmáis, unha obra deste carácter está feita pra o público en xeral que é quen en definitiva xusga.

Os artistas galegos do ano trinta soñaban con un muralismo que seguise o exemplo do mexicano. Coñecían a revista "Forma" do Ministerio de Educación de México, e os exemplos de Orozco, Rivera, Siqueiros e outros a quenes o goberno da revolución mexicana tíñanlles ofrecido paredes de edificios públicos que eles encheron de figuracións relativas á revolución agraria e á colonización española. Os galegos trataban de exaltar Galicia a través do traballo das súas xentes, Maside, Souto, Colmeiro e Francisco Miguel. Pretendían louvar eses traballos facendo con elo un canto ao pobo galego sin o carácter de loita e agresivo, en canto ao pasado histórico dos mexicanos, imposíbel, en ningún país que non fose, nun intre dado, como o de México, e sin o pintoresquismo de que facía gala por exemplo Rivera. Non trataban tampouco sin xusticia e con demagoxia de interpretar a historia do seu país. Mais os soños dos nosos pintores non poideron levárense a cabo. Colmeiro fixo en Buenos Aires algo do que soñóu



Luis Seoane

"Mater Galleciae". Fragmento dun mural para a galería comercial do centro de Buenos Aires, feito en ferro e bronce.

en Galicia, nun gran centro comercial. "Galería del Pacífico", un canto lírico e un mar mitolóxico galego e unhas espléndidas figuras campesiñas no seu traballo. Maruja Mallo fixo uns murales pra un cine desta cidade, e máis tarde Laxeiro trazóu o seu fermoso mundo en varias paredes de Buenos Aires.


En canto ao pensamento que me guióu a min está espresado nun ensaio que fixen en 1962 para a "Revista de la Universidad de Buenos Aires", tidoado "Acerca de la Integración de las Artes" onde defendín a sensibilidade e fantasía frente aos cánones estéticos. Denantes, en 1949, fun un espectador en Londres do Congreso que reuníu arquitectos, pintores, escultores, críticos de arte, no Instituto de Arte Contemporáneo de esa cidade; referinme a el nese ensaio, tratando ese problema que sigue preocupando hoxe e vai preocupar sempre, penso. Creo que a posibilidade maior de integrar as artes terase si traballan xuntos no anteproiecto da obra artistas e arquitectos. En aquel Congreso escoitéi os lamentos de Fernand Leger e Henri Moore, grandes muralistas do noso tempo, polos encárregos que lles fixeran sin poder discutilos. Defendín nese ensaio a visionarios como Gaudí, en cuia obra integráronse verdadeiramente as artes como denantes nas catedrales, castelos e igrexas medieváis, ou como nas obras inxenuas, naturalmente moi difrentes, que, si se quere, poden adscribirse ao surrealismo ou ao arte bruto; as deses constructores por afición e instinto que foron o carteiro Cheval, erguendo o seu pazo con materiáis moi diversos, en Francia, ou o emigrante García Naveira en Betanzos, e que nós temos por exemplo en Galicia. Tanto un como outro son uns "naifs", ou unha especie de arquitectos dos domingos. Cheval foi estado polos surrealistas e máis tarde polo pintor Dubuffet en algún dos seus ensaios encol do "art bruit". No caso de García Naveira, tendo éste logrado facer unha fortuna en Buenos Aires, erguéu en Betanzos, a súa cidade natal, un enorme edificio nunha gran finca que denominóu "O Pasatempo" que tería de lle servir de fogar, e donde fixo modelar releves que constituían a historia de súa vida e dos persoaxes e feitos históricos que el ademiraba ou tiñan conmovido a súa imaxinación, ademáis de facer uns fermosos xardíns onde se destacaban laberintos de mirtos e grutas de estalactitas e estalacmitas, todo cuasi desaparecido hoxe, desfeito non sabemos por orden de quén, pensamos que dende logo por xentes sin idea do valor deste xénero de arte. En París atopa o "naif" Cheval uns ardentes defensores da súa obra nos surrealistas e nun gran pintor, Dubuffet, que indicaban ao público e ás autoridades o respeto que merecía o pazo que o carteiro construira nos días de vagar. Nese pazo exemplarízase un caso de absoluta integración das artes, según o noso xuicio. Esto mes-

mo siñificaba pra Galicia a obra de García Naveira. Un grupo de estudantes de Santiago de arredor do ano 30 no que estaba eu incluido, descobríramos algúns pintores "naifs", como foi o caso do guardia municipal Landín, e o do vello ex emigrante Ben e Bóo, dos que fixemos mostras e notas pra os xornáis, incorporándoss á nosa historia como pintores do que pode señalárese como un xénero de pintura, a dos "naifs", incluido fai tempo na historia do arte contemporáneo. Un exemplo deste tipo de arte foron, xa o dixemos, o edificio e xardín, ergueitos pola vontade e direición de García Naveira. Eu defendín esa laboura dende unha revista de Buenos Aires cando xa era tarde, pois estaba cuasi totalmente destruido e erguíanse, en lugar dos fermosos laberintos, as plantas de lúpulo a cuia semente adicaron parte de aquela finca que representóu o soño dun emigrante e que ilustraba pra nós verdadeiramente a integración das artes na Galicia contemporánea.

Tratéi de defender sempre, a ésto responde o meu ensaio de 1962, o acordo que ten de existir entre arquitectos e artistas, facendo dunha obra de arquitectura un traballo común, dende o anteproiecto, entre o que ten que dirixir a obra e ten xa a concepción primeira dela e os artistas que van colaborar con el. Así ocurríu noutras épocas, culminando co barroco, co manierismo, que sigue sonando pra algún a mala verba, e en algunhas, moi poucas, obras feitas de arquitectos de hoxe. Esta colaboración conseguíuse, penso, en algunhas das obras que fixen, sexan acertos ou non, na taracea de mármore e travertino nunha parede que fai ángulo coa bóveda abstracta que pintéi nunha galería comercial; os ferros en releve nun edificio de departamentos nun bairro da cidade; no grande muro que abrangue dous pisos de altura e tiña un problema para a visión polas escadas lateráis de un piso a outro no Teatro San Martín, etc., etc.

Esto é unha referencia ao meu traballo de muralista e non se refire á calidade do feito por mín, suxeto ao xuicio dos demáis, críticos ou non críticos. Polo de pronto esas obras forman parte xa da historia desta cidade e integran o enorme aporte galego a ela polos temas que desenroléi e porque así foi a miña vontade.

Non quero rematar sin lembrarme con un sentimento de nostalxia non exenta de frustración, dos pequenos murales que tiñamos feito arredor de 1940, pra un café restaurante de Buenos Aires fundado polos Villaverde, industriáis de Vilagarcía; Elpidio que fora diputado, e Luis, pintor: establecimento que chamaron "La casa de la Troya", onde traballamos Colmeiro, Federico Ribas, o mesmo Luis Villaverde, i




Luis Seoane

Ferro e bronce pra o mural "Os conquistadores" do Banco Español del Río de la Plata. (Fragmento).

eu, ilustrando nas paredes refráns galegos. Xunto a nós, un pintor escenógrafo valenciano, Gori Muñoz, de acordo con Castelao, pasóu ao muro un dos dibuxos déste do álbum "Nós". Quen, anos máis tarde, mercóu o establecimento, o primeiro que fixo foi facer borrar os murales, porque, con seguranza, parecéronlle pouco comerciáis.

LUIS SEOANE
Buenos Aires



O PAÍS DA SAUDADE

Como é sabido, William Butler Yeats está considerado como o lexítimo fundador do renacimento dramático irlandés. Ao se atopar un día con Lady Gregory convencéuna da súa idea de crear unha escena en Dublín pra os autores do país. Lady Gregory aceitóu percurar os fondos necesarios, e dese xeito xurdíu no ano 1899 o Teatro literario da Irlanda. Alí estrenóu Yeats ese mesmo ano *A Condesa Catalina*.

Tempos antes, o sonado dramaturgo dera a conocer en Londres, no Teatro Independente de Grein, o folkdrama que agora reproducimos co tíduo de *O país da saudade*. Esta versión galega foi realizada direitamente do idioma orixinal por Plácido R. Castro, en colaboración cos irmáns Antón e Ramón Villar Ponte. Publicada, xunto coa tradución de *Catalina de Houlihan*, nun folleto de cortísima tirada aló polos anos trinta, traguémola agora a estas páxinas como homenaxe aos seus tradutores.

PERSOAS

MARTIÑO BRUIN
BRÍXIDA BRUIN
XOÁN BRUIN
MARUXA BRUIN
P. HART
UNHA FADA MENIÑA

O lugar da aición na Baronía de Kilmacowen, no Condado de Sligo, e nun tempo antergo.

É un casal coa lareira encol do chao, no meio dun profundo ban sito á dereita. No ban, sentadoiros e unha táboa, e da parede pendurado un crucifixo. Enche todo o escentileio das labaradas do lume. Á esquerda unha porta aberta e á esquerda da porta un tallo. Pola porta fítase o bosco. É xa no termo do serán. A lúa escomenza a peneirar a foula de prata por entremedias das arbres, levando os ollos á lonxanía, a un mundo vago, misterioso. — MARTIÑO, XOÁN *e* BRÍXIDA *áchanse pousando acarón da táboa, perto do lume, adobiados con fatelos dalgunha época anterga; rentes deles pousa un vello crego, o* P. HART. *(Pode portar hábito de frade). Óllanse restos de xantar e de bebidas encol da táboa.* MARUXA *está en pé, arrechegada á porta, lendo nun libro, de xeito que, de arredarse os ollos déste, pode fitar o bosco.*

BRÍXIDA

Ora porqué lle mandéi lavar a louza para a cea, pillóu ese libro vello que tíñamos no faiado; desde entón está dobregadiña encol del. Enxordaríannos as súas queixas e os seus laios se tivera que traballare como algunhas, P. Hart; erguerse como me eu ergo ao abrente; remendare e fregar, ou cabalgare coma vós na noite de corisco e chuvia co Copón e o Pan bendecido baixo o brazo...

XOÁN

Moito vos alporizades, ña nai.

BRÍXIDA

Ti casaches con ela, e xa sei, temes que se encabuxe e por iso poste da súa banda.

MART.

Ao P. Hart

Despóis de todo é natural que a mocedade saia á defensa da mocedade. Ás veces rifa un pouco, se cadra, coa miña compañeira, e agora está iludida dabondo —non hai senón vela— con ise libro vello. Mais non compre asoballala moito por iso. Cando as lúas do matrimonio teñan amañecido e morto dez veces tornaráse tan acougadiña coma un liquen nunha arbre.

P. HART

Os seus corazóns son tolos talmente como os corazóns dos paxaros, hastra que veñen os fillos.

BRÍXIDA

Non quixo termarme da caldeira da auga nen muxir a vaca, nen siquer poñere os cobertos e o mantel.

XOÁN

Sin, ña nai, sin...

MART.

Xoán, cata que esa garrafa está meio valdeira; vaite a adega e rube dela a millor que atopes.

P. HART

Seique é a primeira vez que vexo ler a moza. ¿Qué libro ela lerá?

MART.

A Xoán

¿Ora que agardas? Fai o que che eu dixen e non revolvas o viño ao sacarlle a cortiza á garrafa. É viño do bon que dá El Señor; conque sen presa terma do mandado.

Ao P. Hart despóis que saíu Xoán.

Un navío español naufragóu en Ocris Head cando eu era novo e ainda teño algunhas garrafas daquel agasallo do achar...

En aceno para Maruxa.

Non pode sofrire que a reprendan. O libro en que ela lé estivo esquencido aló polo faio coma un meio cento de anos. Meu pai que en groria esteña contóume que o escribira meu abó e logo de o escribire fixera matar unha xuvenca para ben encoadernalo... (Pro está servida a cea e poderemos darlle á lingua máis e millor, entramentras gaudimos.) Non tiróu gran proveito dese libro, asin Deus me salve, o pai do meu pai, pois desque del se soubo, encheulle a casa de violinistas de camiño, de poetas troteiros e de xentes polo xeito.

Ao P. Hart

Tendes diante de vós o pan torrado:

A Maruxa

¡Ei, rapaza! ¿qué maravillas choe ise libro para ti deixares enfriar o pan? Si eu e meu pai tivéramos lido ou escribido libros, penso que non vos quedaría nen a Xoán nen a tí, cando a morte me leve, unha media chea de onzas marelas.

P. HART

Non enchas a testa de sonos valeiros. ¿Qué é o que andas ti a leres?

A Maruxa.

MARUXA

Como unha principesa Edane, filla dun rei de Irlanda, ouvíu unha voz que cantaba nunha noite de víspera do mes de maio, igoal á de hoxe, seguíndoa meio desperta, meio adormecida, hastra chegar ao país do Encanto e do Ensono.

Onde ninguén faise vello, nin piedoso, nin serio.
Onde ninguén faise vello, sabio nin raposeiro.
Onde ninguén faise vello de lingua marmuladora.
Onde é ledicia sabere a cantiga o tempo, sin fin.

¡E ainda áchase alí, iludida, a bailare! Na sombra profunda, orvallada, dun bosco verdecente ou no cumio do monte por onde as estrelas camiñan.

MART.

Ao P. Hart.

¡Deus que me deu. Terme da rapaza para que deixe o libro. Meu abó marmulaba palabras somellantes e non entendía miga de cans nin de cabalos, deixándose engañare por calquer rillote. Decídelle con franqueza o que vós pensades.

P. HART

Arreda ese libro de ti, ña filla. Deus inza os ceios por riba de nós como se fosen grandes aas para nos dare acó en baixo, na terra, unha curta rutina de tarefas e de

días. Logo veñen os anxos náufragos a poñeren engados e tentacións que enfeitan con lizgairas esperanzas e con sonos velaíños para que o corazón se encha de orgulo e meio tremente de anceio gozoso saia da paz de Deus. E foi algún anxo náufrago, cego dos ollos polas bágoas, quen engaiolóu o corazón de Edane hastra o iludire con ledas verbas. Ña filla n'El Señor! Eu xa vin outras rapazas intranquilas e sen acougo, coma tí; mais ao pasaren os anos e voltárense como as súas veciñas, sintiron de novo o lecer de coidar os seus meniños, de fagueren a manteiga, de latricaren de casoiros e romaxes; porque a vida vai sortindo dun fulvo bermello de ensono para logo se convertire nunha lus vulgar de horas vulgares, hastra que chega a vellés, outra vez a nos traguere o fulvo vermello...

MART.

É moi certo, abofellas. Mais ainda ela é nova dabondo para se decatar do que seña a verdade.

BRÍXIDA

É dabondo vella para sabere que en pecado se atopa a que anda a folganear iludida.

MART.

¿Pois, ora ela que culpa ten? Cata que se pon tristeira cando o meu fillo anda nos campos, fora da casa, e isto, e cicáis a lingua ceiba dabondo da miña boa muller, obrígana a se encondere na leitura como adoitan a escondérense os nenos, para non ver a escuridade, debaixo das roupas do leito.

BRÍXIDA

Non faría abofé migalla de laboura se me eu calara.

MART.

Ora que terá de estrano que no vispora do maio ande a soñar coas fadas? Pro, dime, rapaza, dime si tes a mán a ponla de freixo que as mulleres penduran do limiar da porta para fagueren que a boa sorte nos entre na casa. Lémbrate ben de que poden roubaren ás casadas de pouco tempo no víspora do maio, despóis de anoitecido, entre fusco e lusco... se non son un fato de argalladas todo canto os vellos marmulan rentes do lumé.

P. HART

Cecáis seña verdade. Non chegamos a abranguere nunca en ningures o límite dos poderes que Deus concede aos espíritos ruins e cativos con algún fin misterioso.

Maruxa Bruin pilla unha ponla de freixo que se acha encol dun tallo e dependúraa dun cravo que hai no marco da porta.

P. HART

Fixeches ben, rapaza. Compre conservar os antigos costumes nosos.

Unha nena estraordinariamente enfeitada, cecáis coa verde coor das fadas do bosco achégase o perciso para roubar a ponla, fuxindo logo leda ao levala en trunfo.

MARUXA

No mesmo intre de eu pendurar a ponla do cravo unha meniña belida saíu correndo da veste do vento que acariña as mestas sombras do bosco; pillóuna coa man esguía e branca, aloumiñada ao fuxire... A sua face é pálida, descorada, coma a auga denantes do abrente da mañán.

P. HART

¿De quén será esa nena?

MART.

De ninguén, señore. Maruxa anda a soñar sempre que pasa alguén, cando o que pasa é somentes un folgo do ár ou unha racha de vento.

MARUXA

Levaron o freixo bendecido as fadas. Non traguerán, ben sei, boa sorte á nosa casa; pro fólgome moito de tere sido agarimosa con elas. Ora ¿non son fillas de Deus coma nós?

P. HART

Rapaza, rapaciña, son fillas do demo, do mal cativo, e teñen poder hastra o fin do tempo que ha ser cando Deus queira escorrentalas nunha gran loita campal para as torar despois en centos de anacos.

MARUXA

Cecáis, Padre, Deus sorrinte e ledo lles abra fidalgamente a súa gran porta.

P. HART

Si os anxos sin lei, que fadas coidades, viran isa gran porta, caerían mortos co fulvo escintilante da paz eterna; e cando taes anxos petan nas pobres portelas dos nosos fogares, quen logo dos escoitare quéirase ir na súa compaña, terá que andar xa sempre, sin acougo, envolto nas mesmas ondas de tormenta nas que eles voltexean.

Un brazo vello, achacio, cúrvase arredor do marco da porta; peta alí e fai acenos de presencia. Ollase nidiamente na lus prateada do luar. Maruxa Bruin vai a velo, ficando queda de súpeto un instante. Martiño Bruin anda no atafego de lle encher o prato ao P. Hart. Brixida Bruin remexe no lume.

MARUXA

Correndo á táboa.

Hai alguén acolá fora que me fixo acenos de que eu saise cabo del. Erguía a mán como si portase unha co-

pa e a levara á boca cecáis para que nos decatemos de que esliga de sede .

Pilla unha cunca de leite da táboa, e con ela corre á porta.

P. HART

Pode ser a nena que decíades non era talmente nena...

BRÍXIDA

E, si cadra, é verdade o que ela dixo, Padre; pois non lle hai ningunha noite en todo o ano tan desavegosa como esta noite.

MART.

Nin mágoa nin dano poderá faguérenos ninguén entramentras esteña o bó Padre canda nós, baixo este teito.

MARUXA

Unha vella velliña, coma outra non vin en ningures toda enfeitada de verde.

BRÍXIDA

As fadas piden leite e lume no víspora do maio. Disgraciadiña da casa que lle los dá; teñen entón poder sobre dela ao longo de todo o ano.

MART.

¡Cala, muller, cala! Tenta de pechares a boca.

BRÍXIDA

Pro ¿ti non ves? Déulles leite. Xa eu matinaba que ela habería de traguer a desdita a esta casa.

MART.

Ora ¿quén era ela, muller?

MARUXA

Tanto a súa fala como a súa face parecéronme estranas, moi estranas.

MART.

A semán derradeira veu familia forasteira ao monte do Clover; ben che podería sere daquela xente.

BRÍXIDA

Mesmo estóu que papo de medo.

P. HART

A Santa Crus libertará este fogar de todo mal, namentras alí dependurada esteña.

MART.

A Maruxa.

Ven a te sentares eiquí, acarón de min, rapaza; a esquencer os sonos de descontento, pois quero que ti alumees os derradeiros anos do meu vivire coma o bon escintileo da borralla da lareira; e cando me eu morra serás a máis rica de toda a nosa bisbarra porque teño unha media cheia de onzas marelas alapada onde ninguén poida atopala.

BRÍXIDA

Tórnaste parvo, abofé, axiña que fitas unha cariña guapa... e, cata que eu teño de aforrare canto poido, privándome de moitas cousas ¡ben o sabe El Señor! para que a dona do meu fillo poseia toda cras de adovíos que lle pida o corpo.

MART.

Ora non te arruces, muller. ¡Ela é unha boa rapaza!

Ao P. Hart.

Velahí tén a manteiga a rentes da mán.

A Maruxa.

¿Non coidas, ña filla, que o Destino e mailo Tempo tratáronnos ben a min e á vella Bríxida? Escoita... Temos, gracias al Señor, un cento de ferrados de boas terras, e sentámonos ún cabo doutro, acarón do lume; fólgome coa amistade deste reverendo Padre! ollo perto de min a túa faciana e a faciana do meu fillo —puxemos o seu prato beira do teu— e, cata que el agora chega traguendo canda sí o único que nos faltaba: bon viño na abastanza.

A Xoán que entra cunha garrafa.

Remexe o lume e bótalle turba hastra que faiga boa labarada. Ver rubir do lume as chamas tremelantes e velaíñas é mesmo sentíremos no corazón a ledicia e a sabiduría; esto é o millor da vida... Namentras somos mozos arelamos percorrer un vieiro que ninguén teña percorrido; pro gracias ao amor e ao termare dos fillos atopamos novamente o saudoso vieiro antigo polo que xa se anda a camiñare hastra que chega a hora do pasamento no que ún pecha os ollos para sempre decíndolle adeus ao Destino, ao Tempo e a todo...

Maruxa pilla un anaco de turba alcesa da lareira e sai con ela fora da porta. Xoán, indo trás da súa dona, dalle cara cando ésta xa torna.

XOÁN

¿O que é que che empurra contra a friaxe do bosco? Hai non sei que lus entre os troncos das árbores que lle fai a ún chavear receioso.

MARUXA

Un velliño coma outro non vin nunca en ningures, fíxome aceno de querere lume para alcender a pipa.

BRÍXIDA

¡Cata que tal! Regalaches leite e lume na noite do mais ruín agoiro de todo o ano, e quen sabe se por mor deso non trouguéchela desdita do mal de ollo para a nosa casiña. Antes de te casares eras folgazana e

nugallona, inda que esguía e xeitosa, e gostaba de te pór galanos adovíos nos cabelos; e agora...

Respondendo a un aceno do P. Hart.

agora —¡non, Padre, quero falar crariño!— non serve pra sere muller de ninguén.

XOÁN

—¡Cale xa, miña nai! Non se arruce.

MART.

A Brixida.

Encabúxaste dabondo.

MARUXA

E que me importa a min, que se me dá dese aspro rifar, si entreguéi esta casa, onde teño que ouvire todo o día del Señor unha língua aceda, ao poder das fadas.

BRÍXIDA

Ti ben te decatas de que chamar ás "boas xentes" por ese nome, como o falare delas abondo, pode traguer a sombra desavegosa ao fogar.

MARUXA

¡Vinde fadas, vinde axiña a me leváredes desta casa triste! Devoltaime toda a libertade que eu perdín: a de folgar cando queira e traballar cando me pete. ¡Fadas, levaime embora deste mundo tristeiro, e melancónico, pois arelo coa alma e o corazón choutar velaíña convosco dacabalo do vento, correr cos pes núos na compaña da brétema encol da xerfa risoña do mare, despeitada e leda, e beilar como unha chama sotil e tremelucinte polo cumio dos montes.

P. HART

¡Non reparas no que dís! Falas sin te decatares das tuas verbas.

MARUXA

Padre, estóu xa farta e moi cansa de catro língoas. A língoa raposeira e sabia. A língoa piedosa e sán. A língoa margurenta máis que o mar. E unha língoa, língoa amabel ateigada de meluras de amor ensoniñado que é a língoa do meu cautiverio.

Xoán, levándoa canda sí para un tallo da esquerda da porta.

Non me culpes a min, ña meniña... Cantas veces estóu desperto no leito, como se esmagara espiñas, a matinare que todas as cousas torvan ou acoran a tua testa escintilante! ¡Qué fermosa é a tua frente ancha, descorada, baixo o nuboso frolescere dos cabelos meigos! Séntate, nena, pousa eiquí á miña beira, cabo de min... Eles son vellos dabondo e xa téñense esquencido de que foron novos coma nós.

MARUXA

Ah! ti es o gran hoco da porta desta casa, i eu a ponla de freixo bendecido, e se poidera penduraríame leda do limiar hastra ben traguer a sorte á nosa casa.

Tenciona apreixar a Xoán nos seus brazos, mais fitando timidamente ao crego que ten nela fixos os ollos, despóis de os erguer agarimosa déixaos caír de súpeto.

P. HART

Miña filla, miña filla, colle a súa man traballadora e apréixaa docemente. So polo amore vencéllanos Deus a si mesmo e ao fogar que nos arreda do deserto que está fora da súa paz, da libertade entoleadora e da meiga lus que abrouxa.

XOÁN

Se fora meu o mundo pra cho dare, daríacho todo: e non somentes cos seus casáis mellores, senón hastra con canto dese abrouxamento de lus e de libertade leva acochado no seo, si ti o degoirabas.

MARUXA

Pois eu collería ao mundo e crebaríao en anaquiños nas miñas máns para fitar fachendosa a tua sorrisa ao velo asín esnaquizado.

XOÁN

E eu daquela arranxaría un mundo de fogo, sin ninguén dicáz, serio ou sabio dabondo, sin nada falso ou vello que se anoiara, pra o encherse de acougo sereo do ceio no que tremelucintes candeas alumeasen a túa faciana de moza soedosa e senlleira.

MARUXA

¿De qué máis belidas candeas perciso que as dos teus ollos?

XOÁN

Houbo un tempo no que unha mosca a bailare nunha raiola de sol ou de vento levián que chega da alborada acugulaba teu corazón de sonos que ninguén máis, agás ti, coñecía; pero agora o rexo vencello do casamento mesturóu para sempre teu corazón de antes tan guarido e frío co meu quente corazón... O sol e maila lúa terán de se esmoreceren, os ceos haberán de enrolárense como un pergameo... pro teu espírito maino e branco ha seguire, endebén, camiñando beira do meu espírito.

Unha voz canta no bosco.

MART.

Escoita, que alguén anda a cantare... O que cantóu, o que canta... "O de corazón solitario múrchase... Cantiga meiga como outra nunca ouvín.

Vai á porta.

MARUXA

A Xoán.

Oh, estréitame nos teus brazos. De cousas cativas e ruíns teño falado esta noite.

A VOZ

Ven o vento das portas do día,
vento, ventiño mais lene que fosco,
a murchare coa súa folía
que brinca e rebule nas sombras do bosco
das fadas suario,
ao de inxel corazón solitario
que aboia na foula da melanconía...
Por mans dunhas fadas
a riren con risas de río que espella alboradas,
teceuse con sombras de bosco
e con frebas da lus do luar
o branco suario
que abala un vento, máis lene que fosco,
deitando o cantar:
"Corazón solitario
te haberás de murchar."

Entramentras danzan as fadas nun recuncho arredado, facendo un milagre de euritmia nun verde circo, cos seus pes brancos como leite, a voz prosigue:

Ora bailan as fadas,
calando de súpeto as súas risadas,
porque o vento xa rí, xa marmula e xa canta
dun país no que son hastra os vellos fermosos
e onde hastra os sabios, non son fachendosos,
e falan decote con leda ledicia que encanta.
As fadas ouviron no seu camiñar
que un xunco decía
—¡De Coolanei o xunco sería!—
este meigo cantar:
"O corazón solitario teráse murchado
cando o vento en murmurio haxa rido e cantado." [1]

MART.

Ora porque estóu ledo, quero que os máis esteñan ledos coma min. Vou traguere á casa á nena que canta para que perto da lareira escurrente o frío.

Sai e volta coa fada meniña.

A NENA

Cánsome dos ventos, das augas e das luces abazanadas.

[1] Os tradutores respetaron os temas básicos da cantiga; pero non a forma, pra lle dar así no galego a consonancia que, según os antigos precetistas, era a ofrenda de maior estima pra os deuses arcanos.

MART.

E non ten miga de estrano, porque cando se choe a noite, o bosco é un logar frío que aterrece; pro eiquí has ser, ña nena, para nós benvida.

A NENA

Sónche benvida, porque cando me eu canse dista casiña quente unha hai eiquí que ten de se ire, de se marchare...

MART.

Oh! qué fala meiga, que estrana fala de ensono a súa... ¿Non che tomóu o frío?

A NENA

Faréime un novelo, encollidiña, acarón teu, porque vin correndo esta noite desde lonxe, moi lonxe.

BRÍXIDA

Tes un fermoso corpo lanzal.

MART.

Molladiño está o teu loiro cabelo.

BRÍXIDA

Quencereiche os teus pes xiados.

MART.

Abofé que tes de vires de lonxe, de moi lonxe, pois nunca en ningures ollei a túa belida face; tes que estares cansa e sentires moita fame. Eiquí darémosche pan e viño.

A NENA

O viño, polo acedo non me gorenta. Vella nai ¿non tes cousas doces para min?

BRÍXIDA

Teño seique un pouco mel.

MART.

Es lanzal, feituca e solermeira. A nai estaba cheia de cabuxo denantes de ti vires.

Brixida, que volta co mel e deita leite nunha cunca.

Decátome ben de que és filla de xente afidalgada. Ollai que mans ten, tan esguías e tan brancas; e que veste boniteira.

Á nena.

Cata o leite que che trouguen... Agarda un momentiño: vouno pór ao lume pra que quenza, porque as cousas que sirven a probes coma nós non lle gorentarían, ben sei, a unha nena fidalga coma tí.

A NENA

Desque amence o día tendes que soprar para que abra a roseira do lume os pétalos das súas chamas e tendes que gastar os dedos hastro o óso no traballo, vella nai. Os novos poden acougar no leito a soñaren, abran-

guendo ledas esperanzas; pro vós, en troques, a vos consumíredes arreo porque o voso corazón xa é vello.

BRÍXIDA

Os novos son nugalláns e preguiceiros.

A NENA

A Martiño.

Vosos recordos fixéronvos sabio, vello pai; os novos teñen que salaiar a esguello de tantos sonos e esperanzas; pro vós sodes sabio porque o voso corazón é vello.

MART.

¡Quén tiña de pensare que unha nena amase a vellés e a sabidoría!

Brixida oferécelle á Nena máis pan e mel.

A NENA

Non lle quero máis, ña nai.

MART.

Abofé comes ben pouco... Xa está o teu leite quente.

Dándollo a bebere.

¡Qué groulo tan pequeno! Case non bebiches miga...

A NENA

Poñéime as miñas sandalias, vella nai. Quero beilar un pouco agora que xa comín.

Beilan os xuncos beira do lago de Coolanei e como os xuncos de verde veste e como as ondas de veste branca, beilar eu quixera hastra que xuncos e ondas adormiñados sigan beilando.

Brixida ponlle as sandalias á nena; ésta vai a beilare, pero de súpeto fita ao Crucifixo, ceiba un berro e oculta coas mans os ollos.

A NENA

¿O qué é esa cousa feia dependurada na crus negra?

P. HART

¡Te non podes decatar do moi perversas que son as tuas palabras! É o noso bento Señore Cristo.

A NENA

¡Escondédeo!

BRÍXIDA

De novo me abafa o medo.

A NENA

¡Escondédeo !

MART.

¿Quererías tal maldade?

BRÍXIDA

¡Ela quer un sacrilexio!

A NENA

¡O qué cousa atormentada! ¡Levaina axiña deiquí!

MART.

Teus pais teñen, ben sei, a culpa.

P. HART

Isa é a santa imaxe do fillo de Deus.

A NENA

Aloumiñando ao crego.

Leváino, leváino; escondédeo.

MART.

Non, non.

P. HART

Porque és tan nova e coma un paxaro que se abraia de cada abalar da folla, levaréino para outro sitio.

A NENA

¡Escondédeo! Ocultádeo dos ollos e do pensamento.

P. HART

Xa que viñeches a esta baronía haberéi de te instruire na nosa santa fé ;e como és tan lizgaira e tan aguda penso deprenderás de contado o que che eu ensiñe.

Aos vellos.

Temos que sere garimosos cos casulos. O noso Criador non permitíu que a ideia do Calvario acorase ás estrelas da mañán na súa cantiga primeira.

Descolga o Crucifixo da parede, levándoo ao ban interior onde o deixa.

A NENA

Veleiquí hai un sitio pra beilare; beilaréi...
Ven o vento das portas do día
abalando seu lene suario
de leda folía
que rí no cantar:
"Corazón solitario
te haberás de murchar
ao meu fulvo de lus de luar."

Beila ao mesmo tempo que canta.

MARUXA

A Xoán.

Ora cando se acercóu a min fai un intre coidei ouvir outros pasiños que tripaban riba do astrago e unha música maina e doce a soar no vento —como frautas invisíbeis— rimando a súa melodía coa melodía dos seus pes.

XOÁN

Non teño ouvido máis que as suas meigas pegadas choutadoras.

MARUXA

Eu inda sigo a ouvir o que ouvía de antes. Os espíritos cativos andan a beilaren na casa.

MART.

Ven, nena, ven cabo de min, e si me das a promesa de non falares perversamente do que para nós é sagro, heiche de regalare unha moi linda lilaina.

XOÁN

Traguédema xa, vello pai.

MART.

Veleiquí teño unhas fintas galanas que merquéi fai pouco na vila para enfeitar á muller do meu fillo, e que ela ben sei deixará que chas done, coas que podes cinguir eses rebeldes cabelos que os ventos alporizaron.

A NENA

Decídeme si me queredes.

MART.

Eu quérote, abofé.

A NENA

Ah! Pro queredes este fogar tamén. ¿Querédesme logo a min?

P. HART

Cando o Todopoderoso puxo nunha criatura coma ti tan grande parte da súa mocedade, ollar somentes, xa é querere.

A NENA

Pro... quérelo máis a El.

BRÍXIDA

¡Blasfema!

A NENA

A Maruxa.

E ti ¿quéresme tamén?

MARUXA

Nono sei.

A NENA

Quéreslle ti a ese mozo mociño... mais eu poido levarte canda min a choutare dacabalo dos ventos, na compaña das brétemas, a correre por riba do mar entre a escuma das olas, despeiteada e lizgaira, e a beilare no cumio dos montes como unha chama velaíña.

MARUXA

¡Raíña dos Anxos! ¡Santiños milagreiros e avegosos! ¡Defendédenos! Váinos pasar algo terribel. Fai un pouco levóu a ponla de freixo bendecido.

P. HART

Anda a te abraiare coa súa parola sin siso. Nin sabe o que di. Nena ¿cántos anos tés?

A NENA

No tempo do sono do Inverno meus cabelos caen a fei-

to e meus pes camiñan inseguros. Cando as follas despertan con risadas verdecentes, a miña nai lévame da aurora no ocaso, nos seus brazos dourados. Axiña hei ser muller pra me casare cos espíritos do bosco e máis da auga. Pro ¿quén poderá decire cando teña eu nacido pola vez primeira? Paréceme que son moito más vella que a águia que abeñoa a voar senlleira por riba do monte de Ballygawley que é o monte máis vello que hai baixo a lúa.

P. HART

¡Oh, que é ela unha das fadas!

A NENA

Chamóume eiquí alguén, mandéi os meus mensaxeiros por leite e por lume; voltóu a chamárseme e entón viñen eu.

Todos, agás Xoán e Maruxa, póñense tras do crego na busca de achego.

XOÁN

Erguéndose.

Inda que teñas feito obedecere a todos estes, non enfeitizaches ainda os meus ollos nin tes logrado tampouco de min nin un degaro nin un agasallo que che faigan poderosa. Botareite da casa.

P. HART

Non; deixádeme a min; hei ser eu quen se enfrente con ela.

A NENA

Porque levástedes deiquí o Crucifixo son tan forte, tan rexa, que si eu nono quero, ninguén poderá pasare por onde meus pes teñen beilado e por onde as puntas dos meus dedos avalaron.

Xoán loita por se achegar a ela e non pode.

MART.

¡Mirai! ¡Mirai! ¿Non vos decatades vós de que unha cousa invisibel detén a Xoán? Mirai de que xeito move as mans como si lle esbarasen ao tentar afincalas contra dun muro de cristal!

P. HART

Enfrontareime eu só con este poderoso espírito. Non vos toméis de temore. El Señor está connosco, e connosco están tamén os Santos Mártires e os Inocentes e os Magos adoradores coa súa cota de malla e o que morréu en crus e resucitóu o terceiro día e todas as nove xerarquías anxélicas.

A Maruxa.

¡Prégalles ben ña filla aos anxos e os santos!

A NENA

Que fora a se axionllare acarón do asento de Maruxa, apreixoándoa nos seus brazos.

Virás canda min, esposa nova, recén casada, a ollares unha xente máis leda: Nuala dos braciños brancos, Aengus dos Paxaros, Feacra da escuma que salga, e aquel que é xefe das Hostes do Oeste; Finvarra e a súa terra —país que o corazón arela— onde non baixa en ningures a mareia da beleza nin rube a da decadencia; onde o goce é sabiduría e o tempo unha cantiga sin fin... Bícote e o mundo xa comenza a se esvaire...

XOÁN

Esperta dese sono que te iludiu e pecha os ollos e os ouvidos.

P. HART

Ten que ollar, e que escoitar tamén, porque agora somentes poderá salvala a eleición da súa alma. Ven ña filla, ven cabo de min; ponte eiquí á miña beira; pensa nesta casa e nos teus deberes nela.

A NENA

Non, non te arredes, sigue a meu carón e vente canda min, esposa nova, esposa recéncasada; lles non deas fe, pois de lla dares voltaraste vella, como os máis; terás fillos, cociñarás, dobregaráste sobre da manteigueira, rifarás por mór da manteiga, os pitos e os ovos, hastra rematares unha vella de língua aceda que encollidiña e tremelente ande sempre a pensare na tomba.

P. HART

Eu asiñáloche, ña filla, o vieiro do ceo.

A NENA

Pro eu poido levarte, esposa recén casada,
onde ninguén faise vello, nin piedoso nin serio;
onde ninguén faise vello, sabio nin raposeiro;
onde ninguén faise vello de língua marmuladora;
onde non hai fala amábel que tórnese escravizadora...

Porque non obedecemos máis pensamentos que os que buligan pola nosa mente con só chiscar un ollo.

P. HART

No santo nome do Crucificado, ordénoche María Bruin que veñas á miña beira.

A NENA

Garimosa te eu gardo en nome do teu propio corazón.

P. HART

¿Coidas porque levéi deiquí o Crucifixo que xa non son ninguén? ¿Coidas por eso que o meu poder esmorecéuse? Vóuno buscare.

MART.

Apreixado a el.

Non.

BRÍXIDA

Nonos abandonedes, señor.

P. HART

Deixádeme ir antes de que seña tarde; é so meu pecado a causa de todo.

A NENA

Escoita a leda cantiga: "Ven esposa recén casada; ven aos boscos verdes; ás limpas augas ridentes e as luces descooradas..."

MARUXA

¡Iréime canda ti!

P. HART

¡Ela está perdida, santo Deus.

A NENA

Rentes da porta.

Ora tes que te desafivelare da mortal esperanza que inda non deixa de cinguirte, pois nós que galgamos sobre dos ventos, que corremos riba das olas e que beilamos no cumio dos montes somos máis lizgairas que as pingotas de orvallo da roseira da alborada.

MARUXA

¡Oh, lévame canda tí, leváime convosco!

XOÁN

Heite de eu gardar, meu amoriño; teño máis que verbas; teño estes brazos barudos como ponlas de ferro para te atenacear, e nen todas as hostes das fadas, faigan o que lles pete, han poder conseguiren que te ceibes das miñas mans.

MARUXA

¡Cariña amada! ¡Voz amada!

A NENA

Ven a min esposa recén casada.

MARUXA

Eu améi sempre o seu mundo, máis... máis...

A NENA

Paxariño branco, vente canda min paxariño .

MARUXA

¡Chámame!

A NENA

Ven canda min, paxariño.

Xurden figuras no bosco que beilan na lonxanía.

MARUXA

¡O, qué gusto cantare e beilare!

XOÁN

Fica na miña compaña.

MARUXA

Inda penso que me gorentaría ficare, máis... máis...

A NENA

Ven, paxariño coa crista de ouro.

MARUXA

Docemente.

Máis...

A NENA

Ven paxariño cos pes de prata.

Maruxa Bruin morre, e a nena váise de súpeto.

XOÁN

¡Ela morréu; está morta!

BRÍXIDA

Arrédate desa imaxe; fóronse o corpo e a ialma. Botaches os brazos arredor dunhas follas apiladas polo vento ou do tronco dun freixo que tomóu a súa figura.

P. HARST

Asín pillan a súa presa os espíritos do mal, case da mesma man de Deus, e de día en día seu poder faise maior, moito maior, e os homes e as mulleres abandoan aos vellos camiños honestos porque a fachenda ven a petar nos seus corazóns cos cotenos tentadores.

Fora hai figuras que beilan e cecáis un paxaro branco, e moitas voces a cantaren:

Ven o vento das portas do día
a murchare coa súa folía
que envolve da sombra o suario,
ao de inxel corazón solitario .

No intre danzan as fadas nun sitio arredado avalando nun circo os seus pes brancos como o leite e deitando ao ar seus brazos como o leite tamén brancos.

Ora bailan as fadas,
calando de súpeto as súas risadas,
porque o vento xa rí, xa marmula e xa canta
dun país no que son hastra os vellos fermosos
e onde hastra os sabios, non son fachendosos,
e falan decote con leda ledicia que encanta.
As fadas ouviron no seu camiñar
que un xunco decía
—¡De Coolaney o xunco sería!—
este meigo cantar:
"O corazón solitario teráse murchado
cando o vento en murmurio haxa rido e cantado".

W. B. YEATS

O NENO...

O NENO, O VELLO E O ENCORO

O neno saíu co seu abó a dar unha volta pola beira do encoro ¡Daba xenio velo! Mesmo semellaba un anaco de ría pillada entre os altos piñeiros, inda que sin chanelas nin mexilóns, sin trasmallos nin sancosmeiros, e, sobre todo, sin un horizonte azul aberto ao infindo.

O neno xogaba coas piñas, turraba dos fieitos e estoupáballe os corazóns ás pegas que tiñan a sorte de pasar por alí, apuntándolles co bastón do vello, mentres que este tomaba alento sentado enriba dun penedo. Pero o que mais lle gustaba ao neno era ver caer a auga da presa a esnaquizarse no cemento coma un feixe de neve. As turbinas non lle facían moita gracia, eran grandes abondo e por enriba non lles podía tocar; había pouco tempo aínda que un mociño da aldea deixara a vida enredada nunha polea.

O neno era todo un contento; xogaba, brincaba... pero a sua ledicia non tivo lindeiros cando un señor do encoro o levóu dar unha volta na lancha de motor. ¡Cómo corría! E que bonitiño o vieiro de escuma branca que iba deixando tras de si como os avións de agora. A lancha corría, danzaba, bailaba sobor da auga clara, festexada polo quedo fungar dos piñeiros, coreada polo eco dos altos penedos que, enfiado na morna brisa de agosto, batía na faciana do neno, abanicada ao compás do timón. ¡Qué gran festa, a festa do neno!

Unha vez que baixóu da motora, corréu o rapaz a contarlle ao abó a súa aventura do encoro:

—Abó, abó— berraba.

Pero aínda tardóu o vello en despertar do seu sono e de arrincar os ollos bagoentos das corredoiras e regatos, dos carballos e castiñeiros, das romas e carros que ficaron para sempre embaixo do encoro.

O NENO FAI UN REGALO

Os foguetes estouparon no ar anunciando a hora da festa; xa os músicos, non moi ben enrengleirados, iñan cara o palco para empezar o concerto.

Todo tiña cara de risa: o tiovivo, as barquiñas, os salóns de tiro, os vendedores de quincalla... etc. Os rapaces contaban os patacóns e os mozos os reás, pois aínda tardóu moito tempo en valer a chiquita máis dunha peseta.

O neno fixera unha boa feira coas propinas do día e parrandeaba todo cheo de razón especulando coa súa ledicia na banca das súas posibilidades económicas. Percorría o campo da festa deixándose engaiolar xa polo punto de mira dunha escopeta, xa polo olliño dunha rosquiña; todo turraba del, pero reparando nunha quincalleira, decatouse de que María estaba de santo e que compría facerlle un regalo. Nono pensóu dúas veces e despóis de remexer o lote, por trinta reás, mercóu unha sortilla que lle parecéu máis churrusqueira ca de calquer marajá. Fóronselle cáseque todolos seus aforros, pero un regalo é un regalo e sentíase cheo de contento.

En catro brincos púxose na casa e, ceibando polo rabiño dos ollos toda a bondade que fora capaz de apañar neste mundo, sin folgos e coa camisa saíndolle por enriba dos pantalóns, fixo solemne entrega do seu gasallo a María.

¡Ai! María, que xa entraba na edade de presumir, decíndolle non sei cantas cousas e dándolle non sei cantos bicos, rematóu por lle levar a sortilla a unha moza de servir proporcionándolle a sorpresa da súa vida.

O neno non entendía nadiña. Mesmo lle parecía deambular entre personaxes das películas que xesticulan sin voz detrás dunhas caretas insalvables.

Sí. Claro. Foi daquela en que o neno non sabía nadiña de metales.

Xa.

O NENO E AS TESOURAS

Enriba da mesa brillaban as tesouras coma un espello aloumiñado por un raio de sol. Tíñaas deixado alí a nai entre fios e dedales, mentres ela saíu á porta.

¡Ai, cómo brillaban as tesouras enriba da mesa...!

Ao seu lado, o batidor, os fios, dedales, nin o mesmo oviño das agullas valían nada de nada, nadiña de nadiña. Si o sabía o neno...

Pero boeno, si o neno nos poidera falar das tesouras non andaría eu emborronando cuartelas. ¡Non, home, non!

O caso é que se subíu solermiñamente á mesa e empezóu a xogar coas tesouras de follas longas e afiadiñas, afiadiñas...

O que pasóu despóis tamén o sabedes: chega a nai, berros, rifas, choros; o caso é que o neno ficóu sin tesouras.

Veña mais choros e agarimos tamén.

Nembargantes de nada valeron as explicacións, e o neno sentíuse tan absolutamente desgraciado, tan totalmente abandonado...

Xa sabedes.

O NENO E OS RAIOS X

O neno, ben pequerrechiño aínda, feito un carabeliño co seu traxe roxo de lá, saíu coa súa nai moi cediño —¡aínda era de noite!—, para ir a Santiago a que o vise o médico polos raios X.

Todo foi unha abraiante aventura para o neno, pero cando apagaron a luz e o meteron entre aqueles ferros no medio da escuridade, o neno rompéu a chorar anguriado. E a súa nai apretándolle unha man entre as súas foino acougando garimosamente.

Mentres o médico non vía máis que ósos ensarillados, apenas estremecidos entre tanta ferrunxe.

¡MEU CAPITÁN!

¡Andrómaca, penso en ti...!
Baudelaire

Nunha branca caixa de piñeiro xacía o neno afogado, vestido coma nos días de festa: pantalón gastado pero aínda sin remendos, camiza zurcida e alpargatas sin estrenar. Sobor dun chan de terra ben barrido, e baixo dun apodrecido teito, as paredes a medio calear mais ben antoxaban ser un decorado abondo improvisado.

¡Ah! ¿Víchedes algunha vez á nosa xente peneirar á morte nos seus corazóns? Mozos, nenos e vellos, homes e mulleres a bater o tempo co alento, mentres arrolaban o berce outonado, emborcando a alma naquel silandeiro mirar!

Mas o silencio froleceu no peito mellor arado, entre saloucos mareiros coma gavotas terra adentro pregoando o vendaval:

—¡Meu capitán! ¡Miña casa chea! ¡Vaste...!

Xa non voltarás conmigo á leira, non, nin me axudarás máis na facenda da casa ¡Cántos traballiños non pasamos ainda este ano no berbecho!

¡Meu fillo, meu filliño! ¡Si es un anaco de min...!

Sempre tan dispostiño, tan guapiño. Inda non ben chegaba da escola e xa estaba acarón de min para me axudar ¡Meu capitán!

¡Meu capitán! ¡O pai dos seus irmanciños!

Sempre a decir: ¡miña nai, queres que che axude, miña nai!

E agora, e agora...

¡Non tiveron a culpa os teus compañeiriños, non! Eles ben fixeron o que poideron para te salvar, meus probiños, qué máis iñan facer... qué máis...

¡Ahhh... si eu estivera alí!

X. M. RODRIGUEZ PAMPIN
Melide

A ESTRELA DO EMIGRANTE

SOÑO ENMEIGADO

DEBAIXO dun mazairo, o Parrala durmíuse. E tivo un sono antergo. Unha lumieira tola acenaba, bulreira, coma un pantasma trépedo, coa súa risada amarela.

Il camiñaba derreado de todo, co sacho ao lombo, nista noite ensumida, polo vieiro irado do Castro. Camiñaba sen sombra, antre xestas e vidueiros, cara a fronteira, cara o porvir.

(*A estrela do emigrante* beilaba unha muiñeira funeraria no Camiño de Santiago).

O Castro, cheo de esqueletes celtas e románs, co seu mosteiro esborrallado e os vellos pardiñeiros, tíñase inda de pé, malia o bimbión dos séculos. Tripaba formigueiros de frores aluaradas, antre xestas, piornos e carqueixas, silvas machas e toxos.

Cando os Mouros saían de noite ás corredoiras, a lúa sempre amostraba os cornos, sempre estaba no couce. E os nenos das bisbarras tiñan sonos azúes.

¿Por qué se enguedellaba nistas cavilacións —canción de berce lonxana e melancónica— cando rubía ao Castro, pola banda do Piricallo?

Un regueiro de bágoas rubíalle tamén pola concencia. E lembróuse do Paco da Curuxa, morto aló no estranxeiro. Fora o meirande amigo que tivera.

(*A estrela do emigrante* beilaba unha muiñeira funeraria no Camiño de Santiago).

Eran dous rapazolos, percurando solpresas, sempre nise lindeiro antre a ademiración diante das cousas e a inquedanza por chegar á sabencia dos vellos.

Unha tarde, a Guindeira —a vella aquela da casa escagallada, no lugar da Lamela— chamóunos, polo baixo. Tiña sona de meiga.

Cando baixaba da solaina, os rapaces fuxían coma lóstregos. Cecáis foran os guedellos longos, ou os dentes mouros, ou a ollada furadora que ela tiña, o que alporizaba aos pequechos do lugar. Pro o Parrala e máis o Paco da Curuxa, nembargantes, afixéranse á Guindeira. Tódalas seriñas, polo empardecer, iban á cas da vella pra parolear un pouco. As verbas que saían dos seus beizos tiñan releve de cousas embruxadas diante da pantasía e a ollada abraiada dos dous nenos.

(*A estrela do emigrante* beilaba unha muiñeira funeraria no Camiño de Santiago).

Ouvía agora mesmo aquela voz enfurruxada:

—Ai, nenos, vide eiquí. Sede bos, percuráime unha cesta de mazás e diréivos un segredo inorme, que ninguén conece, nin se alcontra nos libros.

¡Ladaíña estrevida, engado da curiosidade!

Un bon día viñeron as mazás:

—Tía Guindeira, tome. Son pra vostede todas. Sonlle as millores mazás da leira dos muiños. Xa case apodrecían. Escollímolas ben. Díganos logo agora ise segredo.

Os ratos fedentos andaban ás corridas, da escaleira ao cortello, do cortello á escaleira.

A vella encetóunos a súa sorrisa laberca e díxonos:

—Eu sei ler nas estrelas.

(*A estrela do emigrante* beilaba unha muiñeira funeraria no Camiño de Santiago).

Emporiso ista "cencia" non lle la digo a todos. Vide perto de min, meus nenos, vide perto. Escoitade o porvir.

—Un día, ún de vós iráse polo mundo, desandando tristeiro o Camiño de Santiago. Mirade ben ao ceo, sempre antre fusco e lusco. Dúas ringleiras de estrelas hanse borrar un día. E a lúa baixará e bicará unhos ollos xa xeados, brancos, brancos coma azuceas, abertos ao silencio.

Son verbas pra gardar sempre alcendidas. Igoal que unha candea morrerán, cando a racha do vento mareiro chega de súpeto...

O que quede ha de alcontrar a súa fror estrelecida no vieiro máis irado do Castro. Pode ser de carrasco ou de codeso, de toxo ou de carqueixa.

Ao lumbrigar, enxame de calados vagalumes bulirá nisa cinza da paisaxe orballada... ¡Un dos dous ven agora de morrer!

—¡...!

—¡Negras verbas de agoiro malfadado, quedáivos na lembranza do Parrala, no seu soño enmeigado!

E pasaran os anos. E pasaran disgracias. E pasaran... Pasaran traballiños, arreo, Parrala e máis o Paco da Curuxa. Pra loitar pola vida, coa estrela moura e louca: "Ser, evos certo, cada ún nácevos coa súa estrela").

(*A estrela do emigrante* beilaba unha muiñeira funeraria no Camiño de Santiago).

O Paco da Curuxa emigrara a Alemaña. Conecéu a meirande soidade na saudade. Víuse soio nise mundo alteiroso, coma un escravo máis, traballando en cadea, pra poder, dise xeito, manter muller e fillos. Coma moitos galegos. E ninguén lle ofrecéu a súa amistade. Non tiña alí con quen falar, nin con quen botar un chanqueiro, nin con quen marmurar. Non, nin xiquera era un home no traballo, senón un monifate, una peza de carne das máquinas dalí.

O aluguer andaba polas nubes, e tivo que meterse nunha vella

gaiteira con goteiras. Aquelo era unha lama: Pois que chove a miúdo nisas terras...

(*A estrela do emigrante* beilaba unha muiñeira funeraria no Camiño de Santiago).

Nunha "tasca" da vila —do nome vale máis non se lembrar— víu un letreiro infame: QUEDA PECHADA A PORTA PRA OS CAS E OS ESTRANXEIROS.

Aquelo foi igoal que se lle meteran unha faca no peito.

"Dá vergonza ser home", diz que foron as súas verbas derradeiras...

O Parrala vía inda unha estrela viaxeira. Despóis soio farelo ciscado. E polo chan, cinza e cinza das frores do carrasco.

Espertóuse baixo o mesmo mazairo, cantando coma un cego:

Polos ferros quentes
iban as súas mans.
Carexas doentes
dos nosos irmáns.
Polas pombas mortas,
pola cinza gris,
van pechando portas
mentras chora o bris.
Polo sangue ledo
do amigo que viña
foi quedando quedo
o sol na cociña.
Polo sol xeado,
pola escuridade,
o noso emigrado
morréu na saudade.

A estrela do emigrante xa non beilaba xiquera unha muiñeira funeraria. Morría nos seus ollos. Tamén il emigrara. Xa pra sempre.

LOIS VÁZQUEZ
París

POEMAS PEQUENOS

I

NACIMENTO

Nacín ao descer no camiño da vida.
Nacín, coma o loto, antre a lama
das miñas miserias,
das miñas penurias.
Nacín no recanto dun día de chuvia,
esquecido de todos,
afastado da estrada asfaltada
que leva a ningures
e deixando aos meus pasos perderse
por vieiros pequenos e probes
que van antre frores,
que cruzan regatos
e pasan mui perto das fontes,
por embaixo dos albres sombrizos
e a traveso do frío das noites.

II

SOIDADES

Hai soidades repletas de amor
que son boa terra
prá leda semente
que desce do ceo
e ven espallarse
nas almas dos homes.
Hai soidades que son
como atmósferas limpas,
como días de sol.
Hai soidades que son o valeiro
de todas as cousas,
que non sexan Deus,
o valeiro de todo desexo,
de toda ambición.

III

É NOVEMBRO

É novembro
e fai un pouco de frío.
Vou de vagar pola rúa.
(Vou surrindo).
Merquéi castañas asadas
e lévoas con agarimo.
¿Quén me pode prohibir
un pracer tan pequeniño?

IV

O ZÉ

O Zé perdéu os lentes
nunha amarga bebedeira.
¿Quén pode comprender
esta traxedia?
O Zé non ten diñeiro
na carteira.
O Zé traballa muito
e gaña unha miseria.
¿Quén pode comprender
esta traxedia?

V

O MANEL

O Manel ten trece anos
e fai o traballo dun home.
Anque queira aprender a leer,
non pode.
Anque queira instruirse,
primeiro é loitar contra a fome.
Non é xusto nin bó
que haxa homes tan probes,
suando por catro patacos,
pra que outros engorden.

VI

CÁNTAS VECES...

¡Cántas veces eu quixen morrerme
de todas as mortes
e ter as doenzas de todos os homes,
tiritando con todos os fríos
e velando intranquilo
en todas as noites...

VII

O RÍO SADO

Contemplo o río Sado,
esquézome das horas,
espero silandeiro
a que o sol se esconda.
Mentras na auga xogan
as gaivotas
e as barquiñas sulcan
o río que repousa.
A tarde vai caíndo,
a miña alma soña,
Setúbal durme un sono
tecido de lus rosa.

VIII

NA MIÑA MEMORIA

No cabazo da miña memoria
só quero guardar
lembranzas de amor,
anacos de vida,
tenruras concretas,
non odios,
nin contradicións.

IX

SILENCIO

Silencio.
Silencio dos meus ósos.
(O silencio desta tarde
non ten dono).
Silencio.
Silencio e chuvia,
silencio e sono.

X

S O Ñ O S

Os meus libros durmen,
durmen os meus folios.
Nunha folliña branca
verco os meus saloucos.
Non teño máis nada
que soños.

XI

HOXE ESTÓU A SOFRIR

Repaso os meus dolores,
cismo na miña sorte.
Hoxe estóu a sofrir,
hoxe sei que son home.
Hoxe quero collervos das mans
porque sinto as pegadas da noite.

XII

HOXE PÉSANME OS ÓSOS

Hoxe pésanme os ósos como chumbo,
hoxe doime a memoria.
Quixera descansar un sono longo
i esquecer a miña historia
pra nacer outra vez
no recanto máis lonxano e primitivo
onde a vida sexa simple e sinceira
e non esta parodia.

XIII

O MEU OFICIO

Recontar as estrelas,
recordar ríos,
fuxir de todas as mentiras,
coidar das frores
e dos niños:
Velahí o meu oficio.
Non teño máis salario
que vivir mergullado nun feitizo.
Non teño máis horario
que erguerme cando o sol
e deitarme cando é noite
ou si fai frío.

XOÁN XULIO ALFAYA
S e t ú b a l

POLOS CAMIÑOS DA GALEGA EGERIA NO SINAI

O ouxeto do presente artículo é presentar os datos que avalan o orixen galego da autora do *Itinerarium Egeriae*, e que xustifican a usanza do nome Egeria en lugar do tradicional Etheria, como máis conforme ao orixen galego da autora e á onomástica desta rexión. Asimesmo, e dende o campo dos estudos bíblicos, presentamos o cadro actual que hai sobre a lexitimidade histórica da localización que Egeria establece respecto da teofanía divina do Éxodo do Djebel Mûsa (2.244 m.), no macizo meridional da península sinaítica.

Resulta adoitado atopar nos escaparates das librerías ou nas esposicións de libros en Israel, e sobre todo en Xerusalén, o libro *Itinerarium Egeriae* ou *"Etheriae"*, diario de viaxes dunnha monxa ou matrona de fins do século IV que partindo dos lindes extremos do océano de Occidente, fíxose famosa no Oriente" [1]. As espedicións actuáis pola península do Sinaí sírvense deste *Itinerarium* coma guía de viaxes e como tal tiven a ocasión de utilizalo co motivo dun viaxe feito polo Instituto Ecuménico Mundial de Xerusalén en xaneiro de 1972; o xefe da expedición, da universidade hebrea de Beer-seheva ,prodigaba semellas de cotío aos datos xeográficos, históricos, litúrxicos... aportados por aquela "benaventurada Egeria que supera polo seu coraxe a todolos homes do século, como o conta a súa admirable historia" [2]. Egeria cóntalle "ás venerables donas, miñas irmás" [3] o seu pelerinaxe por Exipto, Palestina, Mesopotamia e polos Martyria de Oriente deica Constantinopla. Dunha curiosidade insaciable, como ela inxenuamente recoñece: "ut sum satis curiosa!", non para de admirarse dediante de cada detalle que atopa, crédula diante de todo o que os seus guías lle contan, sinxela e franca, sin pretensiós artísticas, allea á cultura profana do seu tempo, mais con grande conocemento do Antergo Testamento, conforme ao novo modelo de cultura i educación que Xerónimo e Agostiño trataban de implantar daquela.

---

[1] "Carta de Valerio a los monjes del Vierzo sobre la bienaventurada Aetheria" publicada coma apéndice en *Etherie. Journal de Voyage*, texto e tradución de Hélène Pétré, (Sources chrétiennes), Paris, 1971, páx. 272-273.

[2] Idem, p. 268.

[3] *Éthérie. Journal de Voyage*, p. 107.

¿Quén foi esta muller e de ónde procedía?. Dende o achádego do manuscrito latino nun convento de Arezzo por Gumarrini en 1884, éste propuxo identificar á autora do *Itinerarium* con Silvia ou Silvania, irmá ou cuñada de Rufino de Aquitiania, da que fala Palladio. Gamurrini coidaba atopar nalgúns pasaxes do texto semellas ca rexión francesa de Aquitania: p. ex., a comparanza que fai Egeria dos ríos Eufrates e Ródano pola impetuosidade das súas augas: "Flumen magnum Eufratem... ita enim decurrit habens impetum, sicut habet fluvius Rodanus, nisi quod adhuc maior est Eufrates" [4]. Emporiso xa A. Bludna [5] especulóu sobre a posibilidade de que a viaxeira tivera pasado con anterioridade pola rexión do Ródano e houbera feito referencias a este río na parte do texto que falta no comenzo do relato. Por outra parte, a fama da impetuosidade do Ródano podía ser coñecida noutras terras sin precisar que tivera que nacer nas súas marxes.

En 1905 o beneditino Dom Férotim [6] descubríu unha riola de cadrares entre o *Itinerarium* e os viaxes dunha santa muller contados por Valerio, monxe que vivía en Galicia no século VII. Dendes do seu retiro do Vierzo, perto de Astorga, Valerio escribíu unha carta aos seus monxes, tratando de alporizar o seu fervor co maravilloso exemplo da benaventurada Egeria: "O tempo en que a fe católica nacente e a imensa claridade alumosa da nosa santa relixión, chegadas con demoranza a estas plaias do extremo de occidente, brillaron por fin nelas, a benaventurada monxa Egeria, alampada pola chama da engolemia da gracia divina, axudada polo poder da maxestade do Señor, con todas as súas forzas e un corazón intrépido, emprendéu un imenso viaxe polo mundo enteiro" [7]. As indicacións de Valerio sobre a patria e o punto de partida da viaxeira non son moi precisas: "occiduae plagae... extremitas; extremo occidui maris oceani litore". Emporiso estas expresións no vocabulario xeográfico de Valerio, asi coma no de Isidoro e Idacio, non poden aplicarse máis que a Galicia. Hélène Pétré, na nova edición do *Journal de Voyage* (Paris, Du Cerf), fina decindo que o orixen galego de Etheria e a identidade da patria con Valerio conservan a maior probabilidade" [8]. A única voz discordante despóis do descubrimento de Dom Férotim foi a de C. Meister en 1909, quen propuxo a Galia Narbonense como patria de Egeria. Meister pensa nun mosteiro de Marsella ou de Arles, nunha zona perto do Ródano e do Mediterráneo. Pra esto afíncase nun texto do *Liber de Locis sancti* probablemente de 1137, de Pedro o Diácono, bibliotecario de Monte Casino. Nomeando probablemente a Egeria, Pedro o Diácono fala dos sabrosos peixes do Mare Italicum. A hipótesis desta cita é

---

[4] *Éthérie. Journal de Voyage*, p. 160.

[5] A. Bludau, *Die Pilgerreise der Aetheria*, Paderborn, 1927, p. 233-237.

[6] Dom Férotim, *Le veritable auteur de la "Peregrinatio Silviae". La vierge espagnole Aetheria*, Revue des Questions historiques, t. LXXIV, 1903, 2.º vol. p. 367-397.

[7] "Carta de Valerio" publicada en *Éthérie. Journal de Voyage*, p. 268.

[8] *Éthérie. Journal...*, p. 12.

dificilmente aceptable; Z. García examina e refuta os dous argumentos principáis, histórico e lingüístico, de Meiter e o máis que lle concede aos partidarios da localización francesa é a posibilidade de que Egeria, natural de Galicia, habitara temporalmente nalgún mosteiro galo.

O estudo do nome da peleriña e da feita do seu viaxe ofrece unha riola de datos que confirman o orixen galego da autora do *Itinerarium*. Polo tocante ao nome, a tradición manuscrita da carta de Valerio é, además de probe, moi diverxente. Ofrece as seguintes variantes: Egeria, Echeria, Etheria, Heteria, Aetheria, Eiheria. Dende un comenzo Dom Férotim adoutóu a forma Etheria como a máis natural e que corresponde ao francés "Céleste". Heraeus (1908), Meister (1909), Z. García (1910) e Löfstedt (1911) siguen a opinión de Dom Férotim; únicamente modifican a ortografía do nome de Aetheria, afincándose en dous dos manuscritos.

Durante un certo tempo discutíuse tamén a posibilidade da forma "Eucheria" pero non chegóu a impoñerse. A corrente de opinión máis forte contraria á forma "Etheria" ou "Aetheria", era a representada por quenes propuñan o nome de "Egeria" ou "Aetheria", era a representada por quenes propuñan o nome de "Egeria". Esta opinión foi defendida con grande erudición por Dom Lambert en 1936. Además da tradición escrita deste nome na carta de Valerio, Dom Lambert aporta os seguintes datos, dous dos cales apuntan cara un orixen ou usaxe hispano e galego do nome. 1.º Unha cita recollida do *Liber glossarum*, obra probablemente dun español que escribía alá polo ano 750; 2.º) o tíduo dunha obra que aparece nos tres catálogos da biblioteca de San Marcial de Limoges: *Itinerarium Egeriae abbatisse;* este tíduo dá pé pra a afirmación de que Egeria foi abadesa, emporiso a crítica interna do *Itinerarium* mesmo incita a pensar que se trata máis ben dunha relixiosa e non dunha superiora; 3.º) a trascrición que constituíu un enigma por moito tempo, dunha carta perdida do ano 935 ao capitular da abadía de Celanova (s. XII): *Ingerarium Gerie*. Dom Lambert insiste sobre todo no feito da presencia nunha carta de Oviedo do nome propio Egeria, "nome raro pero que aparecía así dúas veces en España e con maior precisión en Galicia". ¿É esto suficiente pra xustificar o cambio do nome tradicional?. Non coidamos eso, e polo que a nós toca, seguirémoslle chamando Aetheria á autora do noso texto" [10]. Emporiso outros autores recentes utilizan xa o nome de Egeria, así P. Devos, *La date du voyage d'Egérie, Analecta Bollandiana*, 85 (1967), pp. 165-194; *Itinerarium Egeriae*, I-V, ed. Aet. Franceschini e R. Weber Turnhout, 1958; ed. O. Prinz. Heidelberg, 1960, igualmente R. de Vaux na súa maravillosa *Histoire ancienne d'Israel*, Paris (1971), p. 401.

En canto á feita do viaxe, Devos fíxaa no ano 383, data sensiblemente máis anterga que a que podemos calificar de tradicional

[10] *Éthérie. Journal...*", p. 11.

arredor do 395 ou a de Dom Lambert sobre o ano 415. Nesta porfía, Dom Lambert aporta un dato entresacado da carta a Ctesiphon de San Xerónimo; éste refírese ao grupo de seguidores de Prisciliano e repróchalle as súas axitadas idas e vindas, "Hic illumque currentem". Dom Lambert quere ver neste texto unha alusión a dúas virxes consagradas da irexia de Galicia, Galla e Egeria, a primeira, herdeira dunha herexía perto do priscilianismo, ambas e dúas emparentadas ca familia de Teodosio por medio da emperatriz española Fracilla. Dom Férotim xa denantes suxería que Egeria podería ser a filla dun "defensor Civitatis" de España, parente ou amigo de Teodosio, quen según Idacio e Zosimo era natural de Galicia e, unha vez que foi emperador, fixo trasladar a súa familia a Constantinopla. No mesmo texto do *Itinerarium* de Egeria atópanse datos referentes a Teodosio. Foi este emperador quen entre o 380 e o 390 fixo a primeira irexa de Xetsemaní, á que Egeria califica de garrida: "In eo loco ecclesia est elegans" [11]. Trátase do mesmo emplazamento ao pé do monte das oliveiras, onde está construida a actual basílica de Xetsemaní. Pódese asiñar tamén o cadrar de referencias ao "lignum crucis" en Egeria (*Itinerarium*, n.º 37, 2) ao describir a liturxia xerosolimitana do Vernes Santo i en San Ambrosio na súa ladaíña de difuntos á morte de Teodosio no ano 395.

Non teño novas de que se teña establecido unha relación entre as ferventes alusións de Egeria a Santa Tecla e a Santa Eufemia, e o enorme papel desempeñado por estas mesmas santas en Galicia, Según Otero Pedrayo, as piadosas leendas de Santa Eufemia, Santa Mariña, Santa Tecla, os SS. Facundo e Primitivo, e outros mártires do tempo das persecucións, é o único que queda e mantén nas festas e na tradición os orixes descoñecidos da propagación da fe en Galicia" [12]. Os dous ouxetivos principáis do gran movemento de pelerinaxes que tivo lugar a partir sobre todo do ano 326, eran os Santos Lugares do Antergo e Novo Testamento; por outra parte, os Martyria ou hermidas erixidas encol do sartego venerado dun mártir. Egeria cando volve a Antioquía non pode aturar o desexo de visitar o Martyrium de Santa Tecla na cidade de Seleucia de Isauria: "...in Hisauria, est matyrium sanctae Teclae, gratum fuit satis, ut etiam illuc accederem, praesertim cum tam im proximo esset" [13]. Santa Tecla finará alí os seus días arrodeada de algunhas mulleres que facían vida ascética baixo a súa dirección. Egeria, que lle portiña a unha comunidade semellante, non podía menos de sentirse enchoída ao visitar esta ermida, onde atopóu a unha das súas millores amigas ("inveni ibi aliquam amicissimam mihi"), de nome Mathena, á que coñecera con anterioridade en Xerusalén ("Quam ergo apud Jerosalimam noveram") e que rexía un mosteiro de virxes; a verba "virgo" era de aquelas a de uso máis adoito en España

---

[11] *Itinerarium*, n.º 36, 1; *Éthérie. Journal...*, p. 230.

[12] Ramón Otero Pedrayo. *Guía de Galicia*, Galaxia, Vigo, (1965) p. 138.

[13] Itinerarium Egeriae, n.º 22, 2. *Éthérie, Journal...*, p. 182.

pra desiñar tanto as consagradas a Deus nun mosteiro como as virxes que vivían no mundo [14].

Respecto a Santa Eufemia, Egeria pasa por alto os detalles do seu viaxe polas rexións de Capadocia, Galacia, Bitinia, pra fixarse soiamente na súa visita á cidade de Capadoci, onde xa estivera denantes. Ao día seguinte Egeria acabaría o seu longo periplo polo Oriente nas marxes occidentáis do Ponto en Constantinopla. Detívoa de novo en Calcedonia o Martyrium de Santa Eufemia, martirizada no ano 303/4 ou no 307. Era unha das santas máis veneradas no Oriente e sobre o seu sartego fíxose unha ermida onde tería lugar máis tarde o concilio de Calcedonia. Ao día seguinte remontando as montañas de Taurus e seguindo unha roita xa coñecida polas provincias que atravesara á ida, Capadocia, Galacia e Bitinia, cheguéi a Calcedonia onde me detiven por conta do famosísimo martyrium de Santa Eufemia, que xa visitara noutra ocasión e que se atopa neste lugar. A feito día seguinte cheguéi por mar a Constantinopla, dando gracias a Cristo, noso Deus de que se houbera dinado, tan indina i espida de méritos como son, darme unha gracia tan grande, concedéndome non soio o desexo deste viaxe, senón tamén a posibilidade de recorrer todos os lugares que eu desexara e volver de novo a Constantinopla" [15].

Pra acabar e a base dos resultados outidos pola ciencia bíblica actual, exporemos os argumentos que lexitiman a localización do monte Sinaí establecida por Egeria no macizo meridional da península do mesmo nome. Non hai dúbida de que Egeria sitúa a montaña na teofanía do Éxodo no Djebel Mûsa; arredor desta montaña amorea diversos acontecementos do Éxodo, como a frabicación do xuvenco de ouro nun punto xusto do imenso val de Er-vaha ou a acampada dos israelitas neste mismo val. Egeria representa a testemuña máis anterga e decisiva dunha tradición xa sólidamente establecida no seu tempo respecto a esta localización; o seu *Itinerarium* hastra reviste a forma de algo coma unha especie de ritual de pelerinaxes. Hastra que en 1884 foi descuberto o texto de Egeria, existíu unha tradición concurrente que situaba o monte da teofanía no Djebel Serbâl, perto do oasis de Feiran, 50 Km. ao nor-leste do Djebel Mûsa; esta tradición ten o seu orixe na Topografía cristiá de Cosmas Indicapleustes, escrita arredor do 540 d. C., e non hai outro achego bíblico más que o texto glosado de Ex. 17-6. A tradición de Egeria é máis anterga, preséntase xa coma sólidamente establecida e faise tradicional a partir de entón como amostra a derradeira historia das pelerinaxes cristiás ao Sinaí. Emporiso non é posible describir pegadas da tradición anterior a Egeria e coñecer os argumentos que avalaban na súa época a tradición por ela representada. G. Fohrer na súa recente *Historia da Relixión Israelita* di: "A afirmación de que o monte de Yahvéh localízase na zona meridional da península sinaítica, non vai máis alá do século IV

[14] Cfr. *Éthérie, Journal...* Intr. p. 12.

[15] Itinerarium, n.º 23, 7-8, *Éthérie Journal...*, p. 187.

d. C. e resulta grandemente sospeitosa, dada a tendencia que había entón de localizar moitos lugares santos, con resultados falsos as máis das veces" [16]. Tales afirmacións parecen condenar ao fracaso todo esforzo por atopar un fío de tradición dende os acontecementos do Éxodo hastra as pelerinaxes do s. IV aos lugares onde aqueles tiveron lugar. Emporiso a crítica bíblica interna ofrece datas que permiten a localización da teofanía do Sinaí en tres lugares diversos: en Quades ao Norde da Península, nunha zona volcánica ao NO de Arabia (así p. ex., o xa nomeado G. Fohrer) ou no macizo meridional da península, según a localización tradicional que testemuña Egeria. Sin entrar en porfías sobre este problema hai que decatarse de que obras principáis máis recentes incrínanse pola última das posibilidades nomeadas, inda recoñecendo a dificultade dunha decisión neste terreo ou a imposibilidade de fixar unha montaña determinada dentro deste macizo meridional do Sinai. "...il faut chercher le Sinaï dans le sur de la péninsule, sans s'attacher nécessairement au site précis fixé par la tradition postériere. Il est vraisemblable que, très tôt, on n'a plus su où était exactement la montagne sainte"; esta é a conclusión de R. De Vaux na súa gran Historia Anterga de Israel de 1971 [17] asmada polo profesor A. Malamat, da Universidade Hebrea de Xerusalén, como a millor historia actual do Israel antergo. O representante da escola inglesa, John Bright [18] chega a afirmar que "a localización meridional pode reclamar un achego que se remonta aos primeiros séculos cristiáns, *e cuasi con certeza moito máis alá*". ("and almost certainly much farther"). Acaba afirmando que vistos todolos datos, parece millor unha localización do Sinaí perto da tradicional. Mais temos que admitir que non sabemos". En todo caso as xeografías e atlas bíblicos actuáis siguen, con maior ou menor decisión a tradición cristiá transmitida por Egeria e sitúan coma ela o Sinaí no macizo do Djebel Mûsa. Os esforzos diríxense a localizar incluso, como fai por outra parte Egeria, as etapas intermedias entre a saída de Exipto e o Sinaí, i entre éste e Qades, según as indicacións do relato do Éxodo e dos Números. Compréndese que neste problema algúns autores partidarios do Sinaí tradicional conténtense con sinalar os diversos puntos do recorrido cos seus respeitivos nomes, pero non se arrisquen a marcar unha liña continua que enlace os diversos puntos sobre o mapa e represente así a roita seguida polos hebreos no seu éxodo de Exipto; unha reserva semellante mostra por exemplo o xeógrafo e historiador hebreu Y. Aharoni, autor da obra *The Land of the Bible. A historical Geography* (London, 1967), e igualmente o *Macmillan Bible Atlas,* (New York, 1968), mapa 48 ou o *Oxford Bible Atlas* (London, 1962).

¿É posible atopar algún indicio de que a tradición dos hebreus no Sinaí no século XIII a. C. teña perdurado de algún xeito nas

[16] Georg Fohrer, *Gechichte der israelitiischen Religion*, (Berlín, 1969), p. 61.
[17] R. de Vaux, *Histoire Ancienne d'Israel*, (París, 1971), p. 409 s.
[18] John Bright, *History of Israel*, 2.ª ed. revisada, (London, 1972) p. 123.

épocas posteriores deica alcanzar ca tradición testemuñada por Egeria no século IV d. C.? Pódese sinalar somentes unha vaga referencia de Eusebio no seu *Onomasticum*, mais nin deste texto nin da súa tradición anotada por S. Xerónimo puido conseguirse resultado algún. Moito maior interés ofrecen as sonadas inscricións nabaceas dos séculos II e III d. C., que se atopan no macizo do Sinaí i en número moito maior no macizo do Djebel Serbal. Estas inscricións simularían que ambas montañas gozaron dun carácter sagrado i eran centro de pelerinaxes; a santidade destes lugares podía remontarse e ter o seu orixen nos acontecementos da época israelita (s. XIII a. C.) [19]. Esisten máis de 2.500 inscricións deste tipo, son moi curtas, contén moi raras veces un nome divino e endexamáis se refiren a un acto de culto. Aseméllanse máis ben aos "graffiti" que aos caravaneiros nabateos iban tracexando sobre as rochas, ō mesmo que moitos turistas da época moderna que deixan sobre os monumentos artísticos a testemuña imperecedeira da súa soberbia incultura. Emporiso a presencia de tales graffiti" naquela rexión non deixa de ter o seu misterio, pois atópanse lonxe dos bos pastadoiros e oasis e fora das roitas comerciáis. R. De Vaux concluie prudentemente: "As inscricións nabateas non poden insinarnos nada sobre a localización do Sinaí, pero sinalan roitas que puderon ser seguidas polos israelitas" [20].

De novo atopámonos reducidos case a fiairnos da testemuña de Egeria, anque contemos con máis indicios bíblicos que parecen corroboralo. En todo caso "é moi arriscado afirmar, como fixo J. Simons, que a tesis do Sinaí tradicional representada por Egeria, sexa a única compatible cos textos bíblicos" [21]. Así pois, si se trata dunha ilusión, é a ilusión dos primeiros cristiáns e por tal motivo sería xa de por sí un feito histórico interesante" [22]. De tal feito dá testemuña unha muller que partíu do "finis terrae" occidental e fíxose famosa no Oriente.

XULIO-CÉSAR TREBOLLE BARRERA
Xerusalén

---

19 Cfr. M. Noth, *Das Zweit Buch Mose. Exodus* (ATD), p. 125.
20 R. De Vaux. *op. cit.*, p. 402.
21 J. Simons, *The Geographical and Topographical Texts of the Old Testament*, (Leiden, 1959), pp. 251-259.
22 Lagrange, "Revue Biblique" (1897), p. 116.

JESÚS CORREDOYRA, O PINTOR ARREBATADO *

Dúas das cousas que máis poden infruír nun artista son os mestres e máis o medio ambente en que se forma. Isto é, cando un non leve sinalado no seu esprito un vieiro invariabel e decidido que ningunha influencia poida arredar.

E quizaves neste caso se atope o pintor Jesús Corredoyra, que pola súa estirpe sentimental, pola súa solidez constructiva e máis pola súa firme orientación, é un dos artistas máis vitáis da súa época.

Contra dos mestres púidose rebelar dende o seu comenzo. Rebelóuse a toda falsa presión que non estivese no craro e lumioso camiño do seu sentimento. De ahí, que no seu arte sinceiro e iconoclasta non puidera infruír dunha maneira direita o escolasticismo máis que a súa visión interna da natureza. Visión purificada no crisol ardente da súa alma, da súa grande alma de artista.

Máis si se libertóu da Academia en troques foi influenciado polo ambente que pesóu sobor dil como unha pedra dende a súa formación estética. Fíxose ao pé dunhas murallas antigas, baixo o conxuro das voces agoreiras das campás.

Nunha pequena casa, arrodeada dun vello xardín, decatóuse de que tiña corazón e alí, fronte da cidade escura ou pelegrinando polas súas estreitas rúas, soñóu por vez primeira. E así puido facer verdade unha vez máis a lei de Taine: "A obra de arte está determinada por un conxunto que é o estado xeneral do esprito e dos costumes ambentes".

O senso meditativo das obras deste pintor pódese espricar pola infruenza que nel tivo o ambente en que viviu e no que foron concebidas e pintadas.

Nun ambente suxeridor, medieval, nasce á vida do arte Xesús Corredoyra, o pintor do temperamento arrebatado. Houbera podido facer un arte plácido, mais nos seus cadros grises e místicos, cheos de tramas lexendarias, con figuras de espresión tráxica, coallados de detalles decorativos, a idea é esencialmente dramática. Nada tan dorido como os seus lenzos galegos de pobres, cun fondo de soportáis grises, baixo un ceo de trebón.

Dada a súa interpretación patética das cousas, a visión que da Galicia il nos dá, non é a cromática, leda e artificial, senón outra máis profunda, dunha Galicia fidalga, supersticiosa e castigada, de lenda e de romance, un arte paralelo quizaves á prosa de don Ramón del Valle Inclán.

En síntese, Corredoyra comprendéu que o arte galego ten que ser racialmente saudoso.

---

* Como lembranza á revista luguesa "Ronsel", da que se celebra agora o seu cincoentenario, reproducimos este artigo que publicara nas núas páxinas un dos seus fundadores.

Creeráse polo que levamos dito que o seu arte é somentes quietista, mais ten un dinamismo interno tan forte que nos fai lembrar esas paisaxes verdes e húmidas por virtude das augas que corren baixo delas.

Este dinamismo é froito, sen dúbida, do seu desacougo anímico, *pois non en balde é fillo da súa época.*

¿Pro qué lle dá Corredoyra á súa época? Como os artistas máis sabios dalle eternidade ao seu arte. Leonardo de Vinci pedía que un retrato de muller non marcase un tempo determinado pola súa roupa, e Corredoyra non esquecéu este consello, e así nos seus retratos de muller, feitos con gran mestría, vibra unha finísima sensibilidade, como si estivera namorado do modelo, lembrándonos moitas veces o de Lisa Maria di Nolo Ghiordani.

Non é que Corredoyra llo deba todo á Historia, se non que recolléu o esprito antigo, o misterio, a austeridade de outros tempos, transformados no seu laboratorio espritual en novas emocións. Soupo darlle ás cousas vellas un senso novo e ás cousas novas matices arcaicos. Por iso o seu arte terá sempre unha latexante actualidade.

ÁLVARO GIL
Madrid

SOBRE A POÉTICA DE MANUEL ANTONIO

Ao falar da poética de Manuel Antonio referímonos principalmente ás súas poesías mariñeiras e, se ben é certo que a calquera das outras poesías lle podemos apricar as mesmas reglas, os exempros eiquí empregados refírense, como xa dixemos, aos poemas que tratan do mar. Entendemos por poesías de tema mariñeiro todas as comprendidas en *De Catro a Catro,* e dos demáis libros de poesía recentemente saídos do prelo [1], escolmamos as que nos pareceron máis somellantes ás contidas no libro xa citado. Estas derradeiras poesías son: "Mariña-noiturno" (páx. 103), "Foulas" (páx. 99), "Mariñeiro d'a ría" (páx. 107), "Poemas d'o faro I", "Poemas d'o faro II" (páx. 114-115), "Medalla d'a brétema que se pieita nos cons" (páx. 129), "Vento ó mar" (páx. 138), "As melfas" (páx. 139), "Xuicio final" (páx. 208), "Responso" (páx. 247) e "Elexía d'a vella goleta" (páx. 251).

O que o autor rianxeiro pensa da poesía anterior a el, dalgúns poetas contemporáneos, da lingua e da súa propia poesía, atopámolo moi craro en dous escritos seus: no manifesto "Máis alá", datado no San Xoan do 1922, e firmado por Álvaro Cebreiro e Manoel Antonio, se ben é certo que sempre se tivo ao derradeiro como único autor, e no "prólogo dun libro de poemas que ninguén escribéu".

O seu xuicio sobor dos precursores e dos grandes mestres da renacencia é moi duro, e o único mérito que lles concede é o exempro de vontade e de patriotismo que amosan. Pero cicáis sexa mellor que vexamos o que el pensa ao traveso das súas verbas, e así dinos que: "Inda que nos esforzáramos por atopar algo de bo nos 'precursores', o noso traballo sería infroituoso".

"Nós non podemos ollar sen carraxe o baixo e noxento ruralismo de Losada e a maoría dos 'mestres' menores. Nin a valdeirez verbalista, importación madrileña —e co isto xa se dí todo—, de Curros.

Non podemos prestar a nosa loubanza á socorrida e ridícola 'pose' do falso romantismo, enfermedade de moda naquel tempo que chegóu a deslocir algunhas páxinas verdadeiramente nosas, grandes e persoaes de Rosalía. Nin intresarnos polo estreito xeito de Pondal que tan só pudo ser imperceitíbel eco da grandiosidade dos rumorosos e da maxestuosa paganía barda.

O herdo dos devanceiros redúcese, pois, a un exempro de vontade e patriotismo, íspido de toda eficacia literaria, como non sexa pola reaución que produce o desagrado" [2].

Sobor dos poetas do seu tempo, di deles no seu "Prólogo dun libro que ninguén escribéu", que son "tan homildosos devotos da Santa, do Bardo e do Rebelde", que é fácil se independizar, e enga-

---

1 Manoel Antonio, *I Poesías,* Galaxia, Vigo, 1972.

2 Carballo Calero, R., "Algunos testimonios gallegos sobre el galleguismo de Valle-Inclán", en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* tomo XXI, fasc. 65, Madrid, 1966, páx. 320-322.

de "mentras eles, cinguidos ao pasado, siguen cincelando estatuas feitas, fagamos nós, coas nosas inquedanzas unha nova figura, grotesca quizáis, pero noca ao fin pra o retablo dos tempos... Os vellos non son os que escribiron hai muitos anos —aqueles son os devanceiros—. Os vellos son os que escriben hoxe como si vivisen no antonte dos séculos" [3].

Cando fala da lingua, ataca duramente a aqueles escritores que, aínda que son galegos, escriben en castelán; e, sendo grande admirador de Valle-Inclán [4], no seu "Máis alá", no apartado tiduado "Pollitos bien", refírese a el e aos outros decíndolles:

"Maestre: Chamámoslle maestre por ser vostede o 'maestro' da xuventude imbécil de Galicia. Noso, non; que, endebén, sabemos comparar a súa modernidade coa cobardía do debre que tan só pode vivir facendo claudicantes concesións ao forte".

"Non tería o seu nome acolleita nestas liñas si quixéramos tan só chamarlle aquelo. Pero ten que ser ao falar dese fato de cabezas focas, nenos 'foulard e de rubí', engaiolados polo innegábel prestixio da prosa e da ridícula mentira dunha epopeia aventureira que vostede, unha e outra, falsifica".

"Agora, o que quixéramos conseguir da súa incensa persoalidade, sería que intensificase a campaña castelaizante, porque nos arrepía o pensamento de que eles se coidasen chamados por istas nosas verbas de mocedade e chegase algún a desertar de 'la lengua de Cervantes' pra vir a valdeirar na nosa fala as producións do seu serrín encefálico. Isto estaría moi mal. Mal pró castelán, idioma oficial da cursilería que, polo mesmo, ten dereito a aquelas cousas, e mal pró galego, dino de moita millor sorte" [5].

Polo que se refire a el mesmo, á súa lingua, no "Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribéu", di que o autor deste libro "nunca foi a Madrí, nin escribéu en castelán. Nin quer triunfar (na conxugación madrileña do verbo) nin claudicar nun idioma máis doado e mercadeiro, pero alleo. Encol disto, pensa que someter o arte ás necesidades da vida en troques de someter a vida ás necesidades do arte, é a forma máis orgullosa de filisteísmo" [6].

Busca orixinalidade e individualidade, e así dinos: "O autor deste libro, a diferenza dos poetas da súa terra, tan homildosos devotos da Santa, do Bardo e do Rebelde, non por [7] asomellarse a ninguén, e moito menos ao consabido trío, fixo da súa independenza un sagro fanatismo, e veleiquí o tedes só, ergueito e orguloso" [8].

Vai agora a nos presentar a súa poesía e a súa escola: "Ten, además o seu arte resonancias futuristas, creacionistas, dadaístas e non sei qué máis, todas elas anárquicamente escolmadas e autocráticamente peneiradas. Botóuse o traballo de facer un molde propio ao seu lirismo, sin reparar no celeiro de moldes feitos que nos deixaron os inesquecentes Precursores. Ista renuncia ó valioso herdo das frases consabidas, non deixa de pór ás vegadas en camiños de apreto; ben veredes nas follas deste volume os seus poemas latexantes,

3 Fernández del Riego, F., *Escolma de poesía galega*, IV, Galaxia, Vigo, 1955, páx. 90.

4 Información oral de Rafael Dieste.

5 Carballo Calero, R., Ob. cit., páx. 320-322.

6 Fernández del Riego, F., Ob. cit., páx. 90.

7 Aquí cicáis habería que entender "por non" e non "non por".

8 Fernández del Riego, F., Ob. cit., páx. 89.

indecisos, incorreutos. Mais aínda ten o arroallo de gabarse disto cando dí: Poeta de intencións propias, pero non de realizacións alleas" [9].

E é certo que ao ler a poesía de Manuel Antonio atopámonos cunha poesía nova na lingua galega, cunha poesía de resoancias vangardistas, sobor de todo da escola creacionista, e que pon á nosa lírica á altura das correntes europeas e americanas do momento. É o creacionismo de Huidobro o que máis infruencia deixóu en Manuel Antonio, hastra tal punto, que moitas das imaxes do noso poeta pertecen á mesma xoiería imaxinista do poeta chileno. As estrelas, as lúas, as noites, os faros, os horizontes, as ondas, as pipas, os mariñeiros, o mar, as gavotas, os ventos e os bares están presentes de cotío en ambos poetas. Incruso, si fixéramos algunhas comparacións antre as súas obras, poderíamos achar versos moi semellantes antre os dous polas imaxes e verbas empregadas. Así, Huidobro dinos:

"una gotera viva
desangra las estrellas" [10]

"Sobre sus olas, bajo cielos sonámbulos,
mis ensueños se alejan como barcos" [11]

"En el puerto
Los mástiles están llenos de nidos
Y el viento
Gime entre las alas de los pájaros" [12]

"Soy el viejo marino
que cose los horizontes cortados" [13]

"La luna nueva con las jarcias rotas
ancló en Marsella esta mañana" [14]

"Un desorden de estrellas imprudentes" [15]

"El viento que se enreda en tu voz
Y la noche que tiene frío en su gruta de huesos" [16]

E Manuel Antonio:

"loceiros degolados
desánganse de ouro no Mar" [17]

---

9 Fernández del Riego, F., Ob. cit., páx. 90.

10 Carballo Calero, R., *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea,* Gredos, Madrid, 1955, páx. 161.

11 Olivio Jiménez, J., *Antología de la poesía hispanoamericana contemporánea;* 1914-1970, Alianza Editorial, Madrid, 1971, páx. 130.

12 Olivio Jiménez, J., Ob. cit., páx. 131.

13 Olivio Jiménez, J., Ob. cit., páx. 132.

14 Carballo Calero, R., Ob. cit., páx. 161.

15 Carballo Calero, R., Ob. cit., páx. 161.

16 Olivio Jiménez, J., Ob. cit., páx. 135.

17 Manoel Antonio, *De catro a catro,* NÓS, Coruña, 1928, páx. 43.

"Os ecos imprevistos
d'o noso cantar sonámbulo
apagarán os focos da madrugada" [18]

"N-o árbore d'as velas
aniñóu o vento paxaros antípodas" [19]

N-as velas indecisas
follea o vento un indelébel
albun de leit-motiv" [20]

"As velas frouxas
póstumo rompeolas d'os chubascos
cosen os farrapos con fríos de sol morno" [21]

"O vento
atortorando
desfollóu d'os velamios" [22]

"O ceo foise abuado e friorento" [23].

Vemos, pois, que o poeta rianxeiro ten razón cando di que o seu arte ten "resonancias futuristas, creacionistas", resonancias que endexamáis foron negadas por el, xa que, además de buscar a súa independencia coma poeta, busca tamén universalizar a literatura galega e poñela ao nivel da evolución da poesía noutros países. Tamén está no certo cando di que todas estas correntes ás que se refire, están "anárquicamente escolmadas e autocráticamente peneiradas", porque se é certo que a súa poesía ten resonancias creacionistas, tamén o é que o sentido de xogo e humor, que esta tendencia encerra, non aparez no noso poeta, e así, o Mar que nos amosa nos seus poemas, está dotado dun esprito orixinal e de profunda autenticidade, coma de algo realmente vivido. Non hai, pois, nada máis serio e máis grave ca este Mar do poeta rianxeiro.

Todo esto leva a Carballo Calero a decir que "considera que Manoel Antonio foi un poeta de grande temperamento persoal, anque se espresara de acordo con unha gramática de escola" [24]. "Creacionista por sus procedimientos, pero creacionista lleno de personalidad, una personalidad que rebasa el creacionismo, la personalidad más fuerte de todo el creacionismo" [25]. "El creacionismo es accidental en Manuel Antonio, gran voz que acomodó sus palabras a la gramática de una escuela como hubiera podido hacerlo a la de otra" [26].

Sobor dos seus poemas, dinos Manuel Antonio que: "o ritmo dos seus versos non se pode levar cos pes no piso nin cos cotelos sobre

---

18 Manoel Antonio, Ob. cit., páx. 23.

19 Manoel Antonio, *I Poesías*, Galaxia, Vigo, 1972, páx. 99.

20 Manoel Antonio, *De catro a catro*, páx. 13.

21 Manoel Antonio, Ob. cit., páx. 34.

22 Manoel Antonio, Ob. cit., páx. 9.

23 Manoel Antonio, Ob. cit., páx. 36.

24 Carballo Calero, R., *Sete poetas*, Galaxia, Vigo, 1955, páx. 140.

25 Carballo Calero, R., *La poesía gallega del siglo veinte*, Universidad de Madrid, Facultad de Filosofía y Letras, Madrid, 1955, páx. 17.

26 Carballo Calero, R., Ob. cit., páx. 17.

da táboa; i el quixera facelos decote de tal xeito que non puderan ser decramados nin adeprendidos de memoria. Isto somentes, xa o leva direito a perder a ademiranza das amabres mociñas románticas e dos amenos dileitantes de segunda man" [27]. Sigue decíndonos que os seus poemas están cheos dunha "antiburguesa incomodidade. Inútiles como pasatempo, requiren certa colaboración auditiva, inda que non pertenezan escrusivamente á aristocracia nevropathique do profesor Babinski. Esquencéu a gramática lóxica, e a lóxica gramatical; os temas consagrados, as formas invioladas. A súa única páxina romántica é o sucidio do seu sentimentalismo" [28].

Polo que se refire a súa métrica, non hai dúbida de que tamén nos di a verdade, xa que os seus versos son libres sin ritmo nin rima, sin estar atados e ningunha lei, e formando a súa unidade arbitrariamente ou ben aténdose á unidade lóxica ou sintática. En *De catro a catro* hai catro versos, octosílabos, con rima consoante (8a, 8b, 8a, 8b), que o poeta engade como canción popular, e outro poema, "Balada d'o pailebote branco", no que se aprecia certo ritmo. No libro de *Poesías* editado recentemente, nunha das composicións que escolmamos por ser de tema mariñeiro, "Responso", aparez tamén en versos octosílabos, de rima consoante, todo o poema (8a, 8b, 8a, 8b; 8c, 8d, 8c, 8d; 8e, 8f, 8e, 8e, 8f).

Son os únicos poemas nos que se pode levar o ritmo dos seus versos "cos pes no piso" e cos "cotelos sobre da táboa". Nos demáis poemas emprega versos totalmente libres, sen ritmo nen rima; pero estes versos, aínda que son tan ceibes, non se quebran caprichosamente. O poeta respeta a unidade sintáctica, de tal xeito que cáseque se pode decir que cada verso é unha oración:

"Endexamáis souberon os cadabres sin rumbo
que ti os amortallabas c'o teu ollar"

"Xa non vivirá o vento
porque a noite fechóu todal-as portas"

Somentes aparez o pe quebrado ou unha ruptura do verso por razóns tipográficas:

"Inconcretamentes
teño unha voce Eu
e a onda infinda
amigante
repéte-m'a"

Así pois, o verso de Manuel Antonio, según Basilio Losada [29] "tiene peso propio, una trabazón, una austeridad exacta y grave, jamás turbada por el humor, a no ser que veamos en la misma distorsión metafórica un elemento lúdico, próximo al cambiante juego de perspectivas que está en la raiz de la visión humorística... Los versos de Manuel Antonio non son reversibles. El poema no se puede desmontar y montar en un juego ingenioso, antes bien, responde a una arquitectura íntima y contrastada, a una trabazón sentimental en la

---

27 Fernández del Riego, F., Ob. cit., páx. 89-91.

28 Fernández del Riego, F., Ob. cit., páx. 89-91.

29 Losada, Basilio, *Poetas gallegos contemporáneos*, Seix Barral, Barcelona, 1972, páx. 63-64.

que la presencia del mar es elemento constante sobre el que el poeta puede elaborar todas las aproximaciones humanizadoras, en un refinado panteísmo que acaba haciendo del mar en cada poema un reflejo de instantes sentimentales del poeta".

Manuel Antonio é un poeta creacionista, e como tal, as súas figuras e as súas imaxes están dentro das liñas marcadas por Huidobro, e, aínda que o creacionismo do noso poeta sexa moi particular e persoal, é por eso polo que a súa poesía é unha imaxe continada nunha linguaxe figurada dende os seus comenzos deica o final.

Achamos, pois, na súa poesía, imaxes que xurden, según Huidobro, "como la naturaleza crea un árbol" e nas que o poeta "es un dios", pero ao mesmo tempo, atopamos tamén imaxes e tropos relacionados co mundo real. En realidade pódese decir que a meirande parte das metáforas e imaxes que achamos, fan referencia, aínda que nalgunhas é moi no fondo, á realidade do mundo.

Hai, evidentemente, menos arbitrariedade na imaxinería do poeta galego que na do poeta chileno.

Sería moi interesante facer un estudo completo de todas as imaxes da obra do noso autor; pero como eiquí somentes estudamos a súa poesía mariñeira dende unha perspectiva xeral, coidamos que é mellor deixar tal estudo pra facelo da totalidade da súa poesía, e non somentes da que se refire ao mar.

De todos os xeitos imos ver o primeiro poema de *De catro a catro* para nos facer unha idea dos tipos de traslacións de conceptos que soen aparecer en Manuel Antonio.

Imos, pois, siñalar cál é o termo real e o irreal nas súas imaxes máis relevantes, e veremos tamén, neste primeiro poema, os principáis tipos de traslacións, animado por inanimado, animado por animado, inanimado por inanimado, inanimado por animado, abstracto por abstracto, abstracto por concreto, concreto por abstracto, que nel aparecen; que son, como é sabido, algúns dos máis frecuentes mecanismos dos tropos, e aos que se poden reducir prácticamente todos os contidos no testo de referencia.

DE CATRO A CATRO

INTENCIOS

Encheremol-as velas
c'a luz naúfraga d'a madrugada
Pendurando en dous puntos cardinaes
a randeeira esguía
d'o pailebote branco
C'as súas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas

Inventaremos frustradas descobertas
a barlovento d'os horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
d'os nosos veleiros defraudados

Halaremos pol-o chicote
d'un meridián innumerado
N-a illa anónima
de cada singladura
esculcaremos o remorso d'a cidade

Ela noitámbula desfollará
como unha margarida prostibularia
a Rosa d'os Ventos d'o noso corazón

Encadearemos adeuses d'escuma
pra todal-as prayas perdidas
Xuntaremos cuadernos en branco
d'a novela errante d'o vento
Pescaremos n-a rede d'os atlas
ronseles de Simbad

E cazaremol-a vela
sobre o torso rebelde d'as tormentas
pra trincar a escota d'unha ilusión.

POESÍA: *Intencións*

Plano Real	*Plano Figurado*	
Vento	Luz	1
indecisa	náufraga	2
raios (das estrelas)	mans loiras	3
parpadeos (das estrelas)	adeuses (das estrelas)	4
meridián	chicote	5
singladura	illa anónima	6
lembranza	remorso	7
Rosa d'os Ventos	margarida	8
corazón	Rosa d'os Ventos	9
ráfegas	cuadernos (d'o Vento)	10
roitas aventureiras	ronseles de Simbad	11
ilusión	escota	12

AS TRASLACIÓNS


Animado por inanimado: 9
animado por animado: —
inanimado por inanimado: 1, 5, 6, 8
inanimado por animado: 3
concreto por abstracto: —
abstracto por abstracto: 2, 4, 7, 11
abstracto por concreto: 10

Vemos, pois, que dos tipos de traslación aparecen con máis frecuencia, nesta poesía, a sustitución do termo real inanimado por outro irreal, tamén inanimado, e a sustitución do termo real abstracto por outro figurado que é tamén abstracto; é decir, que, das doce traslacións que anotamos, oito pasan do plano real ao irreal, pero dentro do mesmo termo, e somentes hai unha na que o termo inanimado sustitúese polo animado e outro no que o abstracto sustitúese polo concreto; non aparez ningún no que o animado sexa sustituido polo animado nin outro no que o abstracto sustituia ao concreto.

E así, como con esta primeira poesía, poderíase facer con todas as demáis e chegaríamos á conclusión de que, se ben as súas imaxes

son de estilo creacionista, non soe faltar alguna vinculación antre elas e a realidade, de xeito que o mundo poético de Manuel Antonio é menos gratuito, en xeral, que o propugnado pola teoría da escola mencionada. E decimos teoría porque na práctica é difícil para calquera poeta a construcción dun cosmos artístico que sexa o contrario dunha transposición, aínda que novamente ordeada, de elementos dados pola esperiencia do mundo real; e este condicionamento non deixa de afetar ao mesmo Huidobro.

M.ª DO CARME GARCÍA RODRÍGUEZ
Santiago



COMENTOS SOBOR DO LIBRO "ESTUDOS DO DEREITO CIVIL DE GALICIA"

O Volume recolle once estudos sobor da matería xurídica rexional: a mitade deles foron conferencias pronunciadas no Curso organizado en Pontevedra na Primaveira do 1972 pola Asociación "Amigos da Cultura" e o Colexio de Abogados daquela vila e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación; os dous estudos fináis foron contido das conferencias que dous antigos cadeirádegos de Compostela pronunciaron nos días do "I Congreso de Dereito Galego" no outono do mesmo ano na Cruña; e o resto son colaboura tamén de egrexios xuristas para arrequecer aínda máis o valor do Volume, que se pecha ca trascrición das Conclusións do referido I Congreso.

I.—Iglesias Corral en "Terra e Lei" sinala que "A historia fuxe vertixinosamente. Podemos atoparnos de súpeto cunha grande alborada", "Unha grande craridade de maravilla alumea os horizontes interiores". Coma mostras dun Dereito galego considera o Consulado criado no 1785 para dirimir as discordias antre os comerciantes e unha Cédula de Carlos III encol da competencia da Audencia e a Mariña. Remata dicindo que o único tesouro que posuimos é o de ser galegos.

II.—Menéndez-Valdés Golpe en "Presente e futuro do Dereito foral galego" sobor das premisas de non ser preciso ter Dereito privado propio para conservar a Rexión a súa persoalidade e de que as estruturas económico sociáis galegas si ben difrentes non son así en toda Galicia nin esa difrencia se da na Galicia somentes, concluie dicindo se non será cousa de pensar en simples normas especiáis ao Código civil para rexer en calquera territorio, galego ou non.

Semellante enfoque do problema non deixa de oferecer máis dun albo para a crítica. De comezo, habería que perguntar se unha Rexión na percura das súas canles de vida propias se pode permitir un afastamento do Dereito privado verbo do Púbrico cando as fontes daquél veñen dadas nos eidos deste e cando hoxe o Dereito non procede dun costume fortemente sintido e longamente praticado, querse dicir da espontaneidade da vida social, senón das ordes e mandatos do poder que racionalísticamente rexe a comunidade; por tal, se cara ao pasado e o presente o Dereito privado galego se pode pescudar no costumario, cara ao enxeitamento de porvir campesiño, industrial e urbán propio da Galicia tal Dereito estará no lexislado, e esto somentes será galego ou axeitado debidamente á Rexión en canto se faga nela, aínda que sexa no cadro dunha ou moitas leis de bases do Estado. Cecáis en todo esto hai un valor entendido que compre desacochar: o de que no porvir abondará ca lei do Estado para chegar a tódolos recunchos pois, doutra banda, os países ou Rexións non serán difrentes; pro esto está por demostrar e tamén

habería que perguntar se eso é bon e polo mesmo se debe ser arelado e percurado ou polo contrario a difrenzación é unha garantía de liberdade na que ten un rol importante o Dereito rexional, asegún espresará D'Ors no derradeiro estudo deste Volume co gallo de combatir as "esixenzas" concentradoras da técnica, simple medio que non fin.

Esamina dempóis Menéndez o Dereito supledoiro da Compilación de Dereito civil de Galicia entendendo que é o Código; testemuña a esistenza da Compañía familiar aínda que non ao xeito que lle dan as normas da devandita Compilación, coida acertada a esixencia da súa documentación escrita e non os pagos de lexítima en saco, ve coma elemento natural dela o usufruto viuval total e de romate láiase de que as Conclusións do I Congreso non dean solución aos moitos problemas que poden xurdir do reconocimento da persoalidade xurídica da Compañía.

III.—Carballal Pernas en "Revisión do Dereito civil especial de Galicia" sinala que a unidade xurídica en Roma non se conqueriu crucificando os Dereitos provinciáis senón facendo ósmose antre éstes e aquél, e polo mesmo propugna un Código civil xeral con leis pluráis e arrecadar o Dereito da Rexión e incorporalo ao Dereito común. Entende debe ademitirse o costume contra legem para que se poda seguir falando seriamente da permanencia do Dereito foral; a máis de que a Compilación non esgota o censo das istitucións esistentes na Rexión. Recolle algúns dados estadísticos da aplicación da Compilación e prosigue cunha esposición do Dereito vivo sobranceando, co seu bó conocemento do país galego e do Dereito, o tema das comunidades e do dereito sucesorio cara a unidade familiar; entendendo que na Compilación non se arregoa debidamente a base do Dereito agrario galego que é o lugar acasarado. Aponta intresantes comentos encol do mantenemento da esplotación agraria indivisíbel, do usufruto universal, dos aproveitamentos das augas (distancias "árticas", omisións nas operaciones da concentración parcelaria...), dos apoderamentos dos emigrados, da servidume de paso. Sinala que, en resume, a revisión da Compilación debe dunha parte recoller a forza criadora do costume vivo e doutra reconocer no posibel a autonomía da vontade sen sustituila senón ordeala cara ao ben común. Coma conclusións propugna recoller a inmemorialidade coma títduo adquisitivo das servidumes prediáis, o arregoamento da normativa dos montes viciñáis na Compilación e o reaxuste das estruturas agrarias.

IV.—Abraira López en "Para un axeitado Dereito foral galego" salienta a importanza do lugar acasarado na esistenza da familia galega e orixe da Compañía, base da Xunta Parroquial, escontra do individualismo do Código civil. Ese senso comunitario fai das comunidades no Dereito galego algo pensado deica a permanenza e non a estinción; ese senso non permite que o galego sexa separatista. A descentralización cuio camiño, di el, se abre agora nas nacións máis contrarias coma a Franza ten por verdadeiro fin o reconocemento das entidades intermedias, que naceron con independenza do Estado, nun orde hoxe conculcado.

Critica a Compilación de Dereito galego por non haber integrado as antigas leis, costumes e doutrinas, deixándoos coma criterios de interpretación, e que considera deben ser Dereito supledoiro. Pasa dempóis revista á regulación da Compañía familiar que considera

insuficiente, podendo ser un medio de resolver a cuestión agraria. Sinala cómo a Compilación non adica máis que catro artigos ao Dereito sucesorio incumplindo o mandato do artigo 12 do Código civil de recoller o Dereito foral íntegro, e así esquence o usufruto viuval universal, o testamento mancomunado e a facultade de delegación de millora.

Ao falar dos montes veciñáis espresa que a lei xeral de 1968 supón unha bárbara intromisión do foro administrativo na esfera civil. Considera imprescindibel configurar de novo esa materia na Compilación dacordo ca tradición xurídica e a xurisprudencia do Tribunal Supremo; e a da Audencia de Galicia, engadiríamos nós.

Suliña a importanza da Disposición Adicional da Compilación pola progresividade dos seus termos deica futuras reformas e espresa que non se pode esquencer a súa operatividade, pois outra cousa sería suicida non tendo Galicia órganos lexislativos.

V.—Martínez Risco en "Significación social de algunhas institucións non acollidas na vixente Compilación" indica que o censo das institucións xurídico-consuetudinarias do país galego é numeroso e variado málla algúns civilistas hastra hai poucos anos subestimasen ou negasen a súa esistenza. Gaba o senso amplo de porta aberta da Disposición Adicional. Salienta o carácter agrario do Dereito galego e o seu senso comunitario. E así apón coma mostras non acollidas na Compilación o rabusco e o soutelo (modalidade daquél), sinos de solidaridade viciñal a prol dos máis homildes económicamente da parroquia; neste campo non se trata de relacións de viciñanza antre propietarios coma as que examina o Código civil, senón que avencella a terceiros co tiduar do dominio. E son costumes contra legem.

Pro para el o elemento orgánico consuetudinario da sociedade campesiña galega é a Parroquia, coma órgano das relacións humás de convivencia. Salienta o seu vedraño orixe e a súas funcións que resume en tres: sociáis en senso estrito e relixiosas, xurídico-privadas e administrativas; e dentro das segundas suliña os actos colectivos sobor dos bens de propiedade comunal: montes, apastos, veceira do gando, reparto das augas; e fala do cárrego de Vigairo ou Maordomo, chamado "Alcalde de Barrio" pola Compilación. Asegún Risco a bisbarra ou comarca, cadro natural no que se inscribe a Parroquia, "está chamada a sere a entidade natural demográfica sobranceante no feitío corpóreo da Rexión Galega". Propugna na reforma futura da Compilación o reconocemento da persoalidade xurídica civil, cando menos, da Parroquia dada a xeira de fins que ven chamada a cumplir; persoalidade que non se deriva da lei de Montes, que acaso dalgunha maneira a predica dos viciños e non da Parroquia. Reforma de urxente necesidade pra escudir as esixencias de nono facer: fricións cos Axuntamentos, atrancos no exercicio dos dereitos comunáis e perda das posibilidades de solución dos intreses comúns por un órgano de criazón e raigame populares.

VI.—Artime Prieto, recentemente desaparecido, en "A Veciña, a Parroquia e a propiedade xermánica en Galicia" considera a Parroquia coma asociación natural de propietarios, que no orde civil constitúen unha auténtica sociedade defensora dos intreses comúns da veciña; fala dempóis da casa ou casal coma unidade elemental dentro da viciña, cadro dunha familia (que é a fonte das virtudes cívicas) e da explotación agraria pra sostela económicamente e orixe das

institucións foráis máis típicas. E formando parte do casal o monte, pertenecente en propiedade a tódolos viciños, cuia orixe se perde na noite dos tempos; situación xurídica reconocida pola xurisprudencia que non ten nada que ver cos Axuntamentos criazón artificiosa (mera imediación xeográfica de parroquias) do lexislador do 1833; sinala que o chamarlles aos montes de aproveitamento comunal é trasmutalos en púbricos sen razón nen xusticia, é facer unha confiscación, pois pertecen aos viciños non por ser táis senón por telos adquiridos por modos estrictamente civís. O avencellamento aos Municipios que lle impón a lei de 27 de xulio do 1968 foi rexeitado enteiramente nas Conclusións do I Congreso de Dereito Galego.

VII.—Fernández Rodríguez en "A problemática da Compañía familiar galega" dempóis de dar o conceito déla sinala a súa natureza xurídica: simple estado de feito asegún algúns, verdadeira sociedade asegún os outros, e institución sui generis asegún unha tese intermedia baseada nos aspectos familiar e contratual que sobardan o estreito cadro societario do Código civil. Salienta coma características déla: constituirse antre labregos, parentes antre eles, que viven en común, cultivan os mesmos bens e cos seus productos cobren as necesidades de todos. Entende ter importanza a institución pois málía os adiantos técnicos e os planos de desenvolvimento económico sigue habendo leiras e veigas cativas e pequenas, gravames e densidade de poboación; a máis da lei natural de vida que fai chegar á vellez aos patróns da casa ca consecuencia de precisar asociar a algún dos fillos casándoo para a casa.

Non lle parez acaida a esixencia da súa documentación, pois é desnaturizar a institución que xurde do costume e non de formulismos, debendo abondar con que se demostre a súa existenza na bisbarra de que se trate e que se produza a situación de convivencia de mención.

Sobor do costume galego no eido xurídico úns esixen a súa proba, outros coidan que non é preciso por ser fonte do Dereito do país e a posición intermedia sostén que o costume pode ser apricado polos tribunáis se teñen conocemento del ou resulta recollido en sentencias precedentes, tese que parez acoller o Tribunal Supremo cando fala da aplicabilidade do costume notorio.

Entende que para unha maior efectividade da Compañía deberíase reconocer un dereito sucesorio aos socios novos déla que entran con mentes de remplazar no seu día aos tiduares presentes da explotación agraria familiar.

Coida que os traballos de Concentración parcelaria e os de Cooperativismo virán afortalar a base económica da Compañía pois baseados no principio de axuda mutua coma ésta teñen de producir efectos complementarios.

VIII.—Adrio Barreiro en "Algúns aspectos do Dereito privado galego" dempóis de proclamar a existenza indubidábel déste e de recoller a afirmación de Murguía de que o Foro de León foi feito por e para Galicia, fai un percorrido histórico hastra a actualidade e realiza unha revisión de diversos aspectos da problemática xurídica galega:

— na ausencia compre, di el, axilizar a forma xurídica dos poderes dos emigrados, poñer man no problema da capacidade da muller casada e en xeral regular de xeito novo toda a ausencia:

— para a partilla hereditaria trouxo Adrio ao I Congreso de Dereito Galego un costume chamado "abandamento" que resolve ese grave problema con tan sinxelos trámites ao par que con tanto acerto e garantías que fixo perguntarse a ún dos congresistas se as partillas feitas así non quedarían mellor feitas que as realizadas antre presentes. Mais por sere un costume contra legem, a súa admisión antes de facer unha reforma da Compilación ao xeito, somentes podería ter lugar se o Dereito supledoiro desta é primeiramente o costume e somentes dempóis o Código civil;
— o minifundio poderá ser combatido co petrucio e a delegación da facultade de millorar; tamén se precisan, asegún el, cambios na regulación do retrauto polas características do campo galego;
— o resío coma anaco de terreo deixado por fora do valado ou antre casas (venela) non é cousa prevista no Código;
— en verbo das augas sinala que nin o Código nin a lei especial resolven os problemas que de cotío se presentan na Galicia como son os das distancias comenentes e axeitadas ás características do noso campo, os dos usos domésticos e dos pequenos motores para a rega. (Hai poucos días houbo unha mesa redonda para falar destes problemas antre xuristas da zona da Cruña.)

IX.—González López en "Lembranza da loita polo Dereito galego" sobrancea a peculiaridade e singularidade da Galicia, tracea por riba a súa historia e a loita polos seus dereitos: a permanencia no disfrute da terra a medio da prórroga do foro, o desenvolvemento de costumes con forza de Dereito, o emprego do idioma do país nos documentos contratuales, a eleción nalgunhas bisbarras dun home pra que mantivese eses usos e costumes. Danos dempóis unha verdadeira chea de nomes de xuristas galegos de tódolos tempos. Percorre as incidencias do Dereito galego na época da unificación xurídica decimonónica.

Salienta o intrés dos traballos presentados á Comisión de Galicia criada dempóis do Congreso xurídico nacional de Zaragoza no 1946, e amostra as peculiaridades do presentado polos Vogáis da Terra de Pontevedra na materia de servidume de paso e medianeiría, de medio xugo, o resío, sucesións, usufructo universal, legame de cousa allea, millora do que casa pra a casa, defensor xudicial e outras.

Da Compilación de dereito galego suliña a súa Disposición adicional, pro tamén a tradición xurídica galega.

Deica ao porvir e con vistas ao I Congreso de Dereito Galego fai un repaso do que na súa opinión habería ser o seu temario que ven bater xusto con moitas das cuestións que dempóis encheron as discusións do tal Congreso.

X.—Fuenmayor Champín en "Revisión periódica do Código e das Compilacións civís" sinala as variacións que no tempo se ouservan na posición de cada ún e na recíproca antre o Código civil e os Dereitos foráis que de Apéndices daquél semellan chamados agora co nome de Compilacións a seren ordeamentos de cada territorio nun medio no que a esixencia constitucional de unificación non se produz.

Sendo o criterio do Congreso de Zaragoza favorabel á preparación dun Código único, propugna Fuenmayor a comunicanza antre

o Código civil e as Compilacións, podendo ser o contido déstas unha fonte pra un nutrimento do Código a traveso das revisións déste, previstas nunha fórmula legal afortunada pro sen consecuencias até agora.

Da redación das Disposicións adicionáis das Compilacións de Cataluña, Mallorca, Galicia e Aragón tira a conclusión de que as Comisións compiladoras deben ser órganos permanentes; e referíndose aos termos desas Disposicións que falan de "omisións e deficiencias" pergunta agudamente si somentes se fai referencia ao Dereito foral antigo. Alude ao preciso anovamento de calquera lexislación, tamén a foral, se non se quere a súa desaparición pola falla de adaptación ás novas circunstancias da vida social.

Entende que si o Dereito galego estivese nun Apéndice, dado o seu carácter costumario carosamente pasaría a alfándega do artigo 5 (antigo) do Código civil, pro estando recollido nunha Compilación chamada, coma as outras, a fornecer de materiáis ao futuro Código civil xeral, hai maior liberdade de formulación, e mesmo o alumeamento de costumes novos.

Remata pidindo a criazón das Comisión compiladoras e un Instituto de Dereito comparativo do Dereito délas e do Código civil.

XI.—D'Ors en "Rexionalismo xurídico" sinala que o tema é un dos de meirande intres na política do Dereito na España, no que a máis áchase comprometido o conferenciante pola súa intervención na actual Compilación do Dereito navarro, que fica ben lonxe tanto da idea dos Apéndices ao Código coma da idea ecléctica dunha unificación xurídica nacional; esa Compilación é un Código rexional de Dereito privado; engadindo que as coincidencias xurídicas antre as Rexións non abondan pra negar o carácter rexional das institucións iguáis, polo demáis decote con peculiaridades en cada Rexión. Socede nesto coma nas coincidencias antre os Códigos nacionáis.

A dificultade desta pluralidade de Códigos non é razón digna de apoñerse por un xurista de vocación, pois máis que o incomenente resulta un excelente estímulo no exercicio da arte. E nós diríamos que o respeto para as peculiaridades da vida dos outros fica moito por riba das inxeles cuestións da facilidade ou dificultade que teñan os chamados a regular a vida social polas canles do Dereito que sexan máis acaídas e naturáis.

Sinala dempóis que un Dereito rexional ten de ser produto dunha Xurisprudencia rexional. E que non se trata dun conservadurismo costumario se non de dotar de autonomía o desenvolvimento da doutrina xurídica rexional deica a elaboura dun Dereito propio do porvir.

Coida que non é preciso combatir a opinión de que esto vai escontra da unidade nacional e falando do que sería un Código único a base de recoller as particularidades rexionáis di que se parecería moito a un Código universal a base das particularidades dos Códigos nacionáis: un mosaico de variedades desarraizadas do seu territorio auténtico, un desorde de opcións sin sentido.

Non se pode soster, dira el, que a unidade supón dirixir o concerto dunha nación dende posicións centráis porque as persoas situadas nese centro adoitan ser máis capaces, pois nun intre concreto os homes dunha nación decote son os mesmos, todo depende da súa distribución no territorio. A suposta maior capacidade dos homes

do centro é unha consecuencia da concentración das funcións nun só sitio, fenómeno antinatural e rectificábel pola máis natural descentralización.

Doutra banda sinala que o fenómeno de concentración xeral que se ouserva no mundo de hoxe é resultado da técnica; pro sendo esta instrumental, querse dicir un medio para o aperfeitamento do home, non un fin en sí mesma, non se lle pode deixar que constituia un detrimento da liberdade, que decote supón un permiso pra a imperfeción. E para esa limitación ou acoutamento da técnica o rexionalismo é un axeitado e eficaz recurso. A tecnificación que nos maquiniza apesares da comodidade que nos oferece, remata por nos facer desditados.

Para un millor enxeitamento da vida púbrica entende preciso afastar as funcións de goberno ou potestade (a prudencia de escoller os camiños) das funcións de consello do técnico, cuia unión non pode levar máis que ao totalitarismo platónico do filósofo-rei.

Distera o Dereito propiamente dito, que é unha orde xudicial conducida polos prudentes do dereito, da Organización ou Planifación normativa. E a recuperación do sentido do Dereito no primeiro dos xeitos ven favorecido pola redución espacial do ámeto de cada ordeamento xurídico.

En resume, que a causa do rexionalismo xurídico non se debe cifrar somentes no amor natural a unhas tradicións senón tamén nunha máis outa misión de defensa universal da liberdade humá contra a crecente tiranía da técnica.

Asegún diximos no comezo, o Volume féchase ca trascrición das Conclusión de cada unha das cinco Secións do I Congreso de Dereito Galego, cuia lectura e meditación débese recomendar a todo home curioso e achegado aos problemas da Rexión, mesmo pra apontar os defectos que nélas atope; pro, cando menos, non se lles pode negar ás devanditas Conclusións o seren produto dun estudo e discusión de moitos homes avencellados ao Dereito rexional e espallados por toda a xeografía galega e o sere tamén un ponto de arrincada inescusabel xa pra calquera discusión futura encol do Dereito do país e da reforma da actual Compilación do Dereito civil de Galicia, pasado xa o decenio da súa entrada en vixencia.


E pra rematar permítansenos dúas obsevacións:

O Dereito de hoxe é un Dereito lexislado, e polo mesmo coido que a loita polo Dereito propio vai xunguida necesariamente á loita por conquerir ou ben unhas leis estatáis decenáis na reforma da Compilación asegún as circunstancias cambiantes da vida, ou ben un órgano lexislativo propio que baixo os módulos de leis de bases estatáis vaia axeitando ás circunstancias do país cada unha das institucións xurídicas que precise para o seu millor desenvolvimento social.

O Dereito galego é en principio un Dereito agrario, coma o son e foron os de tódolos países do Universo; pro os seus principios informadores e as súas institucións, que son os que persoalizan colectivamente unha comunidade, débense apricar aos problemas das zonas industriáis, urbás e outras do mesmo país, que ven ser o que fixeron dunha maneira ou doutra tódolos países que teñen hoxe

Dereito propio lexislado. Sendo coma é Galicia unha comunidade ben diferenciada constitúe unha unidade, mália os contrastes rural-urbán-campo-industria ou outros que se dan en tódalas colectividades, e polo mesmo precisa unha normativa propia en tódolos terrenos, non somentes no rural ou campesiño, e esta normativa pode ser a tradicional ou outra nova axeitada ás circunstancias presentes, aínda que se inspire nos principios daquéla.

XOSÉ GONZALO DE LA HUERGA FIDALGO
Carballo



NOVAS SABENCIAS

Acó xaz un nemigo: acouga o seu corazón e o meu.

•

Sempre, mais golpemente, houbo ista consina universal dos poderosos: "aparvade, aparvade".

•

Molestar, molesta: pero un home cínico non deixa de ser un home honrado.

•

En realidade sempre houbo "cine": os soños.

•

Enfeitízame o Arco da Vella: non ten nen a coor branca nen a coor negra. ¡Nen a griseira!

•

O misántropo é un bo xuez dos homes.

•

Se queredes conocer axeitadamente aos homes leede aos humoristas.

•

Adoro aos cínicos: por eles entérome dalgunhas verdades que se agachan.

•

Facer trampas ten as avantaxas do proveito. Pero un inorme incomenente: non poder runfar da maña.

•

—¿Vostede non me cree?
—A miña galantería señora, me non permite desmentila.

•

Endozaba as súas horas tristeiras con ruíns pensamentos.

•

Viñan resultar como cuñados espritúais: *ambos os dous* foran treicionados pola mesma femia fermosa .

•

Dícense máis parvaxoladas nos Salóns de Exposicións pictóricas que nos tendidos taurinos e futboleiros xuntos.

•

"Xefe: Témos mala sorte: o detído carez de antecedentes".

•

Algo sabemos e ben sabido: sabemos que é imposible saír con vida da vida.

•

O meu pai sabía ser ditoso: endexamáis ouvía aquelo que poidera molestalo.

A VIRTUDE non debe ser cousa boa: non enxendra envexa.

ME non gostan as visitas: sempre veñen a algo que lles convén a elas.

ACOSTUMAMOS a nomear pobo o que non é máis que xente.


—¡NON diga que pensa. Vostede sómentes sinte!

Nós, os galegos, e durante séculos, non estivemos condenados á pena de morte se non á pena de vida.

TOLERÍA perfeuta: ir a un Banco Comercial pra que nos aconsellen onde podemos invertir os diñeiros que, xa na Conta Corrente ou na Libreta de Aforro do dito Banco témos.

SE o Inferno son os outros, cantos máis sexamos, moito pior.

ÁLVARO PARADELA
Freixeiro



A OBRA MÁIS RECENTE DE LUÍS SEOANE

Luís Seoane ten frecuentado os camiños máis diversos da creación cultural galega: conto, ensaio, poesía... Pero é, sin dúbida, no das artes plásticas onde verqueu os alentos da sua máis rexa vocación. Nestes tempos máis recentes tirou do prelo, un libro de poemas —*A maior abondamento*[1]— e tres de grabados: *Intentando golpear ideas*[2], *Un feixe de dibuxos case esquecidos*[3] e *Oito testas de dez paisaxes*[4].

No primeiro destes volumes o autor pon de evidencia o seu amor ao home en xeneral, ao home con debezo de xusticia e de novos horizontes. E cabo do amor ao home, o amor a Galicia que vai canda el como a sombra da sua figura. O libro ven ser así un canto baril e rebelde do emigrante, do home emigrante de calquer país a traveso do home galego. I en cada verso sempre a presencia da terra nutriz dos seus devanceiros. Nestes poemas fai Seoane unha evocación conmovida do vello país do seu sangue, Galicia é un xigantesco barco, e o poeta, home da sua dotación, nado nun coarto de emigrantes, describe os seus rumbos con versos duros e fraguentos. A poesía do libro é unha poesía en carne viva, preñada de intención e de sentido. Ese cántico encarnado posee, mesmamente, unha alma que o anima. Arrastra tras sí todo un mundo de anguria e dór, de pasión e sentimento, de ternura e rebeldía, no que se reflexa canto atiingue á sofrida e doente humanidade do noso pobo.

A voz do poeta canta a rachadura mortal da sua propia existencia, a anguria do vivir, o fracaso de ilusións e soños. Pero ceibándose da agónica contemplación dos seus pasaxes interiores, traspasa a cadea da soedade pra se sentir solidario da dór dos demáis homes. É ésta unha poesía sofrinte e chameante que arrastra no seu verso un nobre e acorante afán pola terra, o home e o destino de Galicia. Nela, como na sua obra toda, Seoane testemuña con instinto e sinceridade o perenne existir do pobo galego. E faino apoiándose moitas veces no mito e na fe, pois sabe que ambos e dous son elementos necesarios pra a creación dun arte universal. Espresándose tamén nun estilo moi de seu, porque o estilo non é algo que se percura afanosamente co cerebro ou a erudición artística. É un ritmo interno, como biolóxico, que se inora, que non se nota. Pero que ven ser o fecundo manantío de toda a intensidade despreocupada, armónica, unitaria —e nas suas consecuencias perfeitamente intelixible— propia das verdadeiras creacións.

Si éste é o acento que se descobre nos poemas de Luís Seoane, os volumes dos seus grabados reflexan tamén un feitizo verdadeiramente poético. A ciencia da luz, do grafismo, revélase neles espontánea, caletrante, naturalmente sabia; a imaxinación reverte, ora preciosa, ora viva ou dramática, e sempre francamente moza. Velahí eses nove grabados de *Intentando golpear ideas;* ou ese

[1] Ediciós "Cuco-Rei", Buenos Aires, 1972.
[2] Nove grabados. Ediciós "Cuco-Rei", Buenos Aires, 1972.
[3] Edicios do Castro, 1973.
[4] Ediciós "Cuco-Rei". A Cruña, 1973.

Feixe de dibuxos case esquecidos, correspondentes á década dos corenta, nos que o artista reafirma o seu vello interés pola figura humá; ou esas *Oito testas de dez paisaxes,* ensaios de figuracións en negro e branco de paisaxes de moitos sitios de Galicia, pois Seoane gosta de aduviñar tras dos riscos das xentes un xeito desvariado de ser, un herdo, unha historia.

No conxunto destas creacións artísticas hai, xa que logo, unha sabencia técnica evidenciada no logro dos negros, dos diversos matices dos grises, no contraste dos brancos e no dominio da liña.

As figuras deseñadas ou grabadas son técnicamente impecables, e veñen acompañadas de depuradas condicións creadoras. Pero, ao marxe da súa intrínseca calidade, ¿qué é o que suxire este arte calcográfico? Seoane ten considerado en máis dunha ocasión que o grabado foi, dende sempre, un dos xéneros artísticos que servíu pra estabrecer unha comunicación direita antre o artista e o seu pobo. Emporiso, tras da viva modernidade das suas creacións presíntese moitas veces un arte supestre, unha candura primitiva. Así, nas láminas, grabadas ou deseñadas, onde luce a intelixencia, a fantasía e a sensibilidade, acúsase decote a presencia da nosa recuada tradición.

A memoria da terra verquida no arte de Seoane, tradúcese en figuracións das xentes, da entidade labrega e mariñeira de Galicia. I esa memoria ven trasmitida a traveso de puras i elementáis posibilidades emotivas da liña, do punto, do sinificado figurativo. Así, en ocasións, os dibuxos semellan poemas, "ouxetos de poesía" que refugan a comprobación da razón crítica. Non val pra eles a crítica disectiva de laboratorio e sí, en troque, a glosa poética.

Ao noso entender, o que hai nunha obra de irreductiblemente persoal, o que se atoba nela de documento ou testemuño dunha alma, é o que lle otorga a sinificación definitiva. A millor visión dunha obra será, pois, aquela que tenciona, por paralelismo, mesmo por perigoso tropo poético, conducirnos deica a sua máis cerne verdade. Luís Seoane é, xa que logo, un artista que vivíu e vive o seu tempo, que soupo aproveitárese do seu azar, do seu drama e da sua aventura. Pra moitos todo esto é dabondo. Pero a obra do noso artista reborda a sua verdade formal; é algo máis que a sua sincera adscrición a un mundo de achados plásticos. A historia en Seoane, o mesmo que nas xentes do pobo, ten refluido cara camadas escuras, onde deseaparecen anécdotas e feitos; onde queda tan só unha pesada gravidez indiscernible, un tremor de sangue, un aceno atávico, un silencio ás veces...

S. LORENZANA

VIAJE POR LAS ESCUELAS DE GALICIA, por Luis Bello[1]

Aló polo remate dos anos vinte, fai xa ao pé de meio século, o sonado xornalista castelán Luis Bello Trompeta veu reparar nas facareñas escolas galegas. Continuaba aquel *Viaje por las escuelas de España* cuias impresións andaba a publicar —primeiro en xornal, despóis en libro— en moreas de crónicas denunciadoras da precariedade vergonzante en que se desenvolvía a escola oficial española polo entón. Agora, con data do ano derradeiro, unha editorial madrileña recolle nun volume, precedidos dun extenso prólogo e seguidos dun algo menos longo apéndice, os 37 artigos —publicados orixinariamente, do 7 de agosto de 1929 ao 26 de xaneiro do 1930, no orteguiano "El Sol"— encol das escolas de nós.

Da lectura deste mangado de traballos, escritos eles nun estilo vibrante e brillante, moi propio do xornalismo máis celebrado daquela hora, tírase unha imaxen nidia das condicións materiáis en que se realizaba o ensino oficial eiquí cara o remate da Dictadura do xeneral Primo de Rivera. Imaxen que non é

[1] Akal Editor. Col. Arealonga. Madrid, 1973, 302 páxs.

pra envexar por certo; porque a escola popular que se levaba na Galicia daquel tempo non é cousa de cobiza. E a que se leva na actualidade tampouco o é; pro esta fariña correspóndelle a un fol que hoxe non nos toca tanguer. Bello, ben experimentado no lerio de lle tomar o pulso á escola primaria por España adiante, atina a tracexar un cadro certamente expresivo: sobor dun fondo tecido coa situación socioeconómica da Galicia daquel instante dispárase a nos bater nos miolos a pioca en que se desenvolve a miseria de escolas ao dispor do pobo galego. Non hai dúbida da súa notable valía informativa.

É mágoa que Luis Bello, home con preocupacións educacionáis recibidas da *Institución Libre de Enseñanza,* non teña cáseque reparado na calidade do ensino que el víu practicar en Galicia. Tememos que lectores non avisados esguellen esta cuestión transcendente ao faceren comparanzas —como sóio se lles dá pé pra considerar o número de escolas oficiáis e a calidade das edificacións escolares— co risco probable de tiraren a conclusión inxenua de que dende o entón a situación de asistencia educativa pra o noso pobo melloróu moi grandemente. Cecáis non estaría por demáis enxergar dende este fitoiro a oportunidade da publicación do libro.

E máis aínda, resúltanos penoso constatar que o teimudo loitador a prol da escola popular española, quen atinóu a situar decontado a cuestión da língua no centro mesmo da eiva que máis tolle o desenvolvemento normal do home galego, non teña caído na conta de facer proposicións máis axeitadas pra porlle remedio a esta chata que a de sustituír no ensino dos picariños de nós a língua galega que lles é propia pola língua castelá que lles é allea. Co agravante no seu cargo de que esto sucedía cando aínda se non tiñan murchado as conclusións recomendando o bilingüísmo escolar en situacións parellas como resultas dunha nomeada Conferencia no seo da Oficiña Internacional de Educación en Xinebra; conclusións éstas que se lle fai a ún moi costa arriba botar de conta que non coñecera Bello, dada a súa preocupación e a súa ocupación en relación co ensino progresivo. ¿Faráse preciso acodir á socorrida explicación da suposta incapacidade dalgúns mesetarios pra entenderen de cheo os problemas periféricos?

Na introdución con que se enceta o volume, o profesor Anaya Santos —cando escribía esto, docente en Santiago de Compostela— manexando con rigor e método un abundante aparello bibliográfico, presenta a situación escolar galega na época (enmarcada no cadro ideolóxico da España que vai do 1850 ao 1929, o marco educativo español coa realidade nacional en números e os determinantes galegos) dá noticia biográfica de Bello Trompeta e o seu labor como político e creador, e informa da viaxada déste polas nosas escolas (dende os seus antecedentes até a visita mesma, a metodoloxía seguida, a temática tratada nos artigos en cuestión, cun análise sucinto do libro e incluso da correspondente resposta galega) fornecendo profusión de datos que constitúen o urdido preciso pra se formar unha imaxen comprida do desenvolvemento educativo polo entón o común da xente que carece de conocementos especiáis encol do tema.

O apéndice compónse con retallos de xornáis pedindo un homenaxe pra o autor, dando noticia do seu pasamento, saudándoo na súa chegada pra percorrer as escolas galegas, contando que un fato de rapaces pontevedreses adoutaron o seu nome como rubro dunha xuntanza cultural... que, a excepción do traballo de Blanco Torres respostándolle a Bello en relación co tema da sustitución do idioma galego polo castelán no ensino escolar, non acertamos a ver que teñan utilidade fora de lle render homenaxe especial ao xornalista e diplomático de talento que se non discute. Todo elo tiña sido estudado xa e anotado con precisión e xusteza no prólogo sustancioso.

V. ÁRIAS

TEATRO PRA A XENTE, de Eduardo Blanco-Amor [1]

"A mesma desemellanza, non só temática sinón estilística que coasi dun xeito espontáneo se produz entre os meus escritos en castelán i en galego, está sinalando a súa diferencia de destino, de enderezo". Estas palabras de "Xustificación" que aparecen no segundo tomo de teatro de Blanco-Amor [2], pillan ao lector desprevenido; ao espectador, como puiden ouservar na Cruña [3], inconfeso, e, en certa maneira, mártir. E non é que onda nós se conoza máis ou millor a obra en castelán do noso autor, nin que a súa obra teatral —en parte tirada dun orixinal castelán ou adaptada de algunha peza crásica "menor"— contraste especialmente coa narrativa ou poética; trátase, máis ben, de encaixar un fenómeno infrecuente nas nosas ou en alleas letras, cal é o da distinción —enténdase ben a palabra— en función dun destinatario. Paréceme que Blanco-Amor é consecuente cando fala —cando non fala— dun compromiso co púbrico espectante.

As pezas pubricadas neste segundo tomo [4] son ben espresivas ao respecto. O autor pensa que o púbrico espectante —ou seña, potencial— é a "maioría silenciosa" do noso País. A maioría, noutro orde de cousas, silenciada. Esta teoría, que eu chamo "do destinatario previo", pode ser —de feito o é, en moitos casos— unha plataforma pra as barballoadas. Acarón dela medran larapetos e mediocres, pontífices e ilusionistas da "cuestión social". Pero cando o escritor se chama Lorca ou Blanco-Amor, cando o escritor non arrenega da súa poética personal, a integración das formas populares, por máis que estas señan inxeles, prodúcese pola vía do enriquecimento, non pola da ananización. Pode que así esas formas populares, trascendidas, cheguen a limitar ao Norde coa salsa mahonesa concentrada, farta de especias, mais é o único vieiro posible pra o escritor culto —lamentablemente aínda hai que lle poñer ao sustantivo un adxetivo tan simbiótico—. Outra cousa sería confundir a materia literaria co panfleto, político ou redentorista, cuias formas atinguen máismente a unha Historia do Asalto ao Poder, según tamén qué casos. Orabén, confusión non pode habela, ou vivimos nun mundo de parvos.

Das obras escolmadas, hai, ao meu entender, dúas felicísimas invencións: a desacralizante "Fas e Nefas", cuios fondos se perden nas mámoas dos montes, e onde está contida (sic) toda a obra primeira de Arrabal —e penso que o autor de "Oración", "Guernica" e "Fando y Lís" non tería ocasión de conocer o "Fas e Nefas"—; o outro caso é o de "A carauta", recreación do conocido paso de Lope de Rueda, e con decir recreación abonda. O resto das pezas do volume parécenme máis ben "de circunstancia"; son apuntes, ás veces escesivamente presos nesa tradición "costumista" dos nosos precursores, e cuios efectos cara o púbrico habería que analizar especialmente, non fora que detrás da risa aparecera a ilusión de constatar de que "todo sigue igual". O púbrico que presenciou na Cruña a escenificación de "A lebre das ánimas" e "A tía Lambida" tiróu, según puidemos comprobar, a este respecto, severas consecuencias.

Anque a mín o que me parece a consecuencia máis severa, polo de hoxe, é que *Teatro pra a xente* non seña o libro máis polémico do ano. ¿Haberá que esperar a que se vaian estrenando, ún por ún, todos os textos?

M. LOURENZO

---

[1] *Teatro pra a xente*. Edit. Galaxia. Vigo, 1974.

[2] O primeiro é *Farsas para titeres*. Edicións do Castro, 1973.

[3] No decurso da "Mostra de teatro paralela á de Ribadavia" —xunio, xulio—, na que o "Teatro Popular Keyzán", de Vigo, estrenóu tres pezas de Blanco-Amor: "A tía Lambida" e "A lebre das ánimas", ambas e dúas contidas no presente tomo, e mais "Amor e crimes de Juan el Pantera", unha das *Farsas para titeres*.

[4] "O cantar dos cantares", "Fas e Nefas", "A carauta", "Os baralláns", "Tres contos escénicos" ("A medosa Blandina", "A lebre das ánimas", "A tía Lambida").

CRÓNICAS, I: AGITADORES, POETAS, CACIQUES, BANDOLEROS Y REFORMADORES DE GALICIA, por **J. A. Durán** [1]

Estamos dediante dunha serie de crónicas de singular feitío. O autor, baseándose en feitos concretos e documentados, fuxe arreo da temática do lugar común. Tenciona nelas afastárese da parálise do pensamento nun intre dado, que viña acordándose de xeito máis ou menos xeneral. Apreséntasenos así, nestas páxinas, biografías de persoaxes galegos, ortodoxos i heterodoxos, da millor escola. Durán dexérgaos dende posicións que son, de certo, un algo insólitas si se fai delas comparanza coas dos panexiristas e detractores habituáis.

No decurso do apaixoante texto campea, unha vez e outra, como "ritornello" dunha realidade política o tema do caciquismo e máis o da reforma. A crónica histórica —dunha historia recente— artéllase coa esactitude do dato, percurado a traveso dunha pescuda de primeira man. E o cronista, con fidelidade ás fontes consultadas, non escamotea os resultados do seu traballo, nin se deixa vencer por un repuchante neboeiro mental.

O noso comento encol deste libro ten que ser, por eso, encomiasta. Podería chatárselle ás veces de rápido e fecundo demáis. Pero tal feito cabería consideralo asemade como unha louvanza, si se cotexa co de tantos laboriosos e nunca rematados traballos eruditos como, no noso país, se levan realizado.

A primeira parte do volume está adicada a tres figuras sinificativas dun tempo no que se andivo a abanear o atristurado trance da realidade galega: Lamas Carvajal, Basilio Álvarez e Castelao. Pra Durán, Lamas, máis que poeta, foi un xornalista. Cando aínda non atinguira os trinta anos de edade, era o escritor máis prolífico e singular de Galicia. Representóu a grandeza e máis a miseria do millor xornalismo. A sua notoriedade, que non tivo comparanza mentras viviu, foi tan efímera como as páxinas cotiás que o apreixaron. Pero mesmo por eso, é merecente dunha lembranza e dun homenaxe. Tamén, denantes que moitas cousas, Basilio Álvarez ten sido xornalista. A forza da sua persoalidade arrincóu, según se sabe, daquel talento peculiar que o caracterizóu como axitador, como orador de moitedumes. Porén, no artigo de xornal deixóu asemade un fondo calco, que Durán destaca con documentación axeitada.

Alfonso Rodríguez Castelao, cuia figura analizóu o autor deste libro noutros precedentes, cobra aquí unha fisonomía crarexadora dun pasado definitorio. Referímonos aos seus primeiros vencellos con América que, na opinión de Durán, encarnan un novo misterio incitante da sua biografía. E despóis a aqueles outros que en Ourense, Pontevedra e Rianxo determinaron a liña de servicio ao seu país e á sua cultura. En Ourense realizóu a sua primeira exposición individual. Con tal motivo dixo unha sonada conferencia co tíduo de "Algo acerca de la caricatura"; conferencia que, como a exposición, provocaron en 1912 naquela cidade un verdadeiro fervor pregaleguista. Do seu avincallamento a Pontevedra —na hora de escoller un lugar onde vivir longamente— tiveron culpa, quezáis, Perfecto Feijóo e o contacto con Víctor Said, Canitrot, Valcarce e outros intelectuáis daquela hora. Noustante, no arte de Castelao acusan un influxo decisivo as vivencias do seu Rianxo natal. As lembranzas do artista son unha volta constante a situacións vividas, relatadas, intuídas na vila do seu nacimento. Falando, por exemplo, dos fidalgos de Goteira, dí Durán que a ninguén poden danar estes pobres isolados e orgullosos que Castelao amóu coa mesma inxenuidade que se quere ao camiño abandonado.

Despóis de ún ler estas crónicas biográficas, protagonizadas por tres figuras ben representativas dunha época histórica da Galicia recente, bótase de ver que o autor non é dos que se durmen no santo taboeiro das frases feitas. O seu desacougo, remexedor de feitos esquecidos, indúceo a percurar a realidade galega na ubérrima diversidade dos testemuños recollidos nos papéis apenas cacheados dun tempo revelador. As súas pescudas amósanno interesado nos temas máis

[1] Akal Editor. Col. Arealonga. Madrid, 1974.

candentes da historia política dun inmediato pasado, e nos derivados da singularidade da nosa existencia sociolóxica.

Porque o libro que comentamos non remata con estas páxinas que vimos de evocar. Na segunda parte do volume, adicada a historias e léndas, o autor ocúpase do que el chama a problemática galega de sempre: A custión dos montes comunáis, os debates encol da língua, os abritamentos campesiños, as liortas de agrarios e caciques. E de por cabo, un interesante capíduo referido ao bandolerismo galego, no que xogan papel sinificativo a lenda de Xan Quinto e as aventuras e soños de Mamed Casanova.

Fora dos anexos que reproducen textos de evidente interés referentes aos temas tratados, estas Crónicas de J. A. Durán rematan cun cumprido Nomenclátor da prensa periódica de Galicia dende o ano 1907 deica o 1916.

Non hai dúbida que as páxinas do volume que reseñamos veñen precedidas por unha axeitada preparación do autor. Quezáis o andaime historiográfico que a obra amosa careza ás veces dunha solidez definitiva, poisque algúns textos e algúns comentos responden a un acento unilateral determinado polas fontes consultadas. Pero, en conxunto, a síntese está ben lograda e a traxetoria da mentalidade política galega da época aparez con trazos tan contundentes que non poderán alterala as inevitables rectificacións de detalle.

A carón do aspecto erudito relativo a feitos tan pouco estudados, temos que resaltar a louvanza a Durán polas horas de traballo que ten adicado a un tema que deica agora non fora reverdecido con tal acopio de datos. Quen sementa, colleita. Confiamos en que os pescudadores do porvir saberán aproveitar o froito dos desvelos que Durán aquí nos amosa.

S. LORENZANA

AS IMPUREZAS DO BRANCO, por Carlos Drummond de Andrade [1]

A aparición do Modernismo no Brasil trouxo, na súa segunda fase, a vitoria do verso, percurado i empregado, non xa combatido como na primeira xeira. E con ela chegaba a figura de Carlos Drummond de Andrade. Poeta de esprito brillante, o incisivo da súa musa non chega a disimular o lírico que latexa neste home que emprega a ironía irreverente como unha máscara pra agachar a súa melanconía.

Cando no 1902 nacía en Italia Drumond de Andrade, xurdía un dos temperamentos máis singulares das letras brasileiras. Áspero de palabra, liberal de pensamento, na fondura dos seus versos e no punxente da súa prosa espida de adxetivos, cumple a suprema verdade da literatura: Sentir primeiro, despóis pensar i escribir... cando hai algo pra escribir ou que mereza ser escrito.

A partir da súa inicial "alguma poesia", revélase en Drummond de Andrade a súa actitude de defesa que ás veces preséntase co roupaxe do grotesco, xa máis atenuado no seu segundo libro, máis sentido, onde latexa apenas contida a tristura. E dende o seu terceiro libro —*Sentimento do mundo*— en adiante, afiánzase a súa persoalidade hermética, reveladora de que estamos dediante dun poeta de dominio cheo, que sabe expresar o seu pensamento e manexar a palabra. Pero a súa voz persoal, ceibe de toda tutela allea ao seu esprito, faise amarga, confésase desamparada.

Certamente, a poesía drumoniana ocupa un lugar especial nas letras brasileiras. O seu verso sombrizo, profundo, de raiceiras fondamentè prendidas á súa terra "mineira", revela a formación clásica dun esprito que refuga falsos academicismos. Neste volume *As impurezas do branco*, recentemente editado, a temática é máis variada que en toda a súa obra anterior. Contén 67 poemas novos, e 21 reciben por primeira vez meirande esparexemento.

[1] José Olympio. Editora/MEC. Río de Janeiro, 1973.

Abre o volume a sátira feroz á comunicación alucinada e alucinadora, erixida en deus do home contemporáneo. Sigue o poema-colaxe encol do universo reflexado nun Xornal, coas súas mensaxes publicitarias e dramáticas. Deus é un dos asuntos que preocupan a Drummond nestas páxinas, sin que, entretanto, o poeta se abrigue baixo un punto de vista confortador. A súa lírica, por outra banda, celebra artistas e figuras humás exemplares; e penetra no sentimento brasileiro pola interpretación do carácter nacional. Trátase aínda dunha poesía de amor, de fondo amarguexo existencial e cándido abandono ás fontes do corazón.

Técnicamente, o libro non obedece a esquema algún, en termos de moda ou tradición. O autor precura decir o que lle ocurre sobre cada cousa ou situación, do xeito que lle somella máis eficaz, variando ao extremo as solucións formáis.

Con *As impurezas do branco,* Carlos Drummond de Andrade completa case meio século de ininterrumpido noivado coa literatura. Elegantemente desdenoso do brillo ficticio das figuras literarias, da acariñadora armonía das palabras valeiras e da estridencia de fogos artificiáis dos párrafos, é un non frecuente exemplo de home "auténtico". Demostróuno nesas nove décadas nas que desouvíu consellos e volvéu as costas a opinións interesadas, pra seguir sendo "el": sustancioso no contido e cinguido na expresión.

Este recente libro seu, como as súas obras precedentes, abondan pra o definir coma un dos poetas exactos da nosa época, o espello das angurias, o caos e os afáns da era entolecida que andamos a vivir. Pra o comprender como a un consustanciado co tempo, feito dimensión e arredor dun momento sempre, sin desmentir nunca o que un día afirmara orgullosamente: "O tempo é a miña materia; o tempo presente; os homes presentes; a vida presente".

COSME BARREIROS

FERREIRA DE CASTRO

Portugal ven de perder a unha das súas meirandes figuras literarias de arestora: Xosé María Ferreira de Castro. A obra de Ferreira de Castro acadóu, alén das fronteiras portuguesas, un prestixio incontestable. No Brasil, como en Francia, en Bélxica ou en Checoeslovaquia, os máis categorizados críticos consideraban ao escritor como a un dos máis representativos novelistas contemporáneos. Non foi só o autor de *A Selva*, un libro que por circunstancias especiáis conquistóu un excecional renome e unha difusión universal. Foi o escritor portugués quezáis máis traducido en todo o mundo, e as súas novelas *A Lã* e *A neve, Terra Fría, Emigrantes* ou a *Curva da Estrada*, foron recibidas con entusasmo en todos os países.

Fillo duns modestos campesiños, o sonado novelista nacera nunha pequena aldea de Oliveira de Azemeis. O seu esprito aventureiro e a miseria do meio no que vivía levárono a terras brasileiras en percura dunha vida millor. Exercéu os máis variados oficios, perseguido sempre pola súa gran vocación: o xornalismo. A costa de grandes sacrificios chegóu a fundar algunhas revistas e foi colaborador de algúns xornáis onde apareceron as súas primeiras obras en forma de folletín.

Coa publicación de *Emigrantes*, no 1928, Ferreira de Castro quedaba xa marcado como un singular escritor. Despóis *Civilización, Eternidade, Terra fría* e *A misión*... A mensaxe contida nestes libros, como nos que apareceron máis tarde, voa en áas da fe e, voando, fíxose entender de todos. Incitaba neles a erguer pra sempre o soño da fraternidade universal. Anunciaba un futuro millor, consoaba das traxedias do presente. E, irradiando, envolvía o escritor no mesmo halo de pura e poética ternura que desexaba trasmitir a aqueles que saben interpretar o seu anceio de se superar pola permanencia dun ideal superior.

Apenas un mes antes do seu pasamento, Ferreira de Castro escribíulle ao noso codirector Fernández del Riego unha espresiva carta na que puntualizaba os seus puntos de vista como narrador e o seu idealismo ao servicio da verdade. Discreto e sereno, alleo ás fraquezas da vaídade, non consentía pausas nin desánimos. Nacera camiñante. E, camiñando, a grandeza e groria parecíanlle sempre lonxícuas, inda que xa as tivera atinguido. Co supremo fulgor da Perfeción, da súa obra obra dimana i excele, momento a momento, o poder comunicativo de nos ensinar os rumos e roitas da xornada que, pra os atinguir, procuróu e seguíu.

Finóuse Ferreira de Castro e coa súa morte ten desaparecido unha figura ben sinificativa da literatura portuguesa, pero tamén das letras universáis.

GALLEGO 3 E VERBA

O pasado mes de xunio foron presentadas aos representantes dos meios informativos, na Universidade de Compostela, en xuntanza presidida polo seu Rector, as novas publicacións do *Instituto de la Lengua Gallega* "Gallego 3" e "Verba".

Co volume *Gallego 3* péchase a serie encetada en 1971 que constitúe un Método Práctico pra o estudo da Lingua Galega, primeiro obxetivo que se ten fixado o Instituto devandito. Método redactado baixo a direción do profesor don Constantino García polo

equipo que forman X. L. Couceiro Pérez, Ramón Lorenzo Vázquez, Guillermo Rojo e Antón Santamarina co que, como é sabido, estáse a incidir notoriamente no proceso, vella angueira galega, de incluír o noso idioma no ensino eiquí a nivéis diferentes. Neste volume, conscentes os seus autores de que a lingua é o espello da cultura material e espiritual dun país —según se decrara no epílogo do libro— a máis da teoría gramatical correspondente, centrada con prioridade no que se podería chamar "gramática de dúbidas", preséntase tamén un panorama actualizado da nosa cultura a traveso de textos que tratan tenzas diversas da persoalidade paisán de nós.

A revista *Verba, Anuario gallego de Filología,* que dirixe o mesmo profesor don Constantino García e da que é segredario o doctor don Antón Santamarina, seica nace como consecuencia do volume e a importancia acadados derradeiramente polos estudos filolóxicos en Galicia e máis tamén coa aspiración de se convertir nun instrumento que lles dea pulo aos mesmos. Terá periodicidade anual, adicándose preferentemente á filoloxía galega. E como anexo seu publicaránse monografías que pola súa extensión non cadren incluídas na revista. Neste primeiro número, que corresponde ao ano actual, colaboran Harri Meier, Antón Santamarina, R. Carballo Calero, J. L. Pensado, Manuel Alvar, Joseph M. Piel, Guillermo Rojo, Constantino García, Ramón Lorenzo Vázquez, J. L. Couceiro e M. C. Ríos Panisse; acollendo asimade unha seción de notas e outra na que se pasa revista a libros.

Eis, xa que logo, un par de publicacións máis que teñen o seu rol que cumplir na Galicia desta hora.

TEATRO NA ALEMAÑA

Os dramas que apresentan paralelos coa situación actual están despertando na Alemaña un interés particular. Tal é o caso da peza "Michael Kohlhaas" de James Saunders. Máis de quince teatros aceitaran apresentar esta peza despóis do estreno simultáneo en Bonn, Dortmund e Stuttgart. Saunders fai do conflito histórico entre Dereito, Xusticia, Revolta e os seus instrumentos unha contribución actual sobre do tema da rebelión. Despóis que o grupo Baader-Meinhof voltóuse violentamente contra os homes e as institucións deste Estado, ése todo ouvidos pra táis custións.

Outro "rebelde" está a facer actualmente a súa tournée polos palcos alemáns. Con todo, a peza de Ulrich Plenzdorf, *Os novos sofrimentos do xoxen W.* —paráfrase de *Os sofrimentos do xoven Werther* de Goethe—, que acadóu un grande ésito na República Democrática Alemá, non pode transportarse a un outro sistema social sin aturar mutilacións. O monólogo irreverente e irónico do xoven Edgar Wibeau perde completamente o seu carácter provocativo —si é que o tiña— e non pasa dunha diversión noturna amena, consistindo nun papel de destaque pra un actor xoven.

Alén deso, o teatro alemán está fortemente dominado por pezas do inicio do século e dos anos subseguintes —unha tendencia notada dende hai xa algún tempo. Nos programas encóntranse Horvath e Wedekind, Molnar, Else Lasker-Schüler e Marieluise Fleisser. En Frankfurt fíxose unha espléndida representación da *Revolta no Educandário* de Martin Lampel, i en Ingolstadt Heinrich Lautensack foi novamente descoberto pra o teatro coa súa comedia satírica *Briga de galos,* do 1908. Unha inclinación á peza popular amargue ou agridoce e unha preferencia por un meio pequeno-burgués abafado e anguriante son fácilmente encontrables. Moitos palcos amosan as salas de estar das residencias e as pequenas cidades, onde a corrución se disfraza en convencións.

Tres representacións colócanse porén contra de tanta rotina burguesa: *O Proxeto Antiguidade* do Teatro de Berlín no Hallesches Ufer, a montaxe da *Virxe de Orleáns* de Schitter por Hansgünther Heymes en Colonia, e o estreno en Bochum do *Rei Lear* de Shakespeare, baixo a direción de Peter Zadek.

NO "DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

Engadídonlle actos culturáis celebrados con motivo do *Día das Letras Galegas* á relación que incluímos no noso número denanterior, hoxe rexistramos algúns dos que non nos foi posible dar conta daquela.

Na Cruña, a *Asociación Católica de Mestres* compuxo e espallóu entre os seus asociados e amigos unha sinxela monografía "pra conmemorar esta data e máis pra traballar na escola" na que se dá noticia da vida e mostra da obra do autor festexado, a máis dunha escolma de textos literarios clasificados pra seren usados nos diferentes nivéis da Educación Xeneral Básica. En Noia, e no *Liceo* daquela vila, actuaron a Coral Polifónica de Pontevedra e o grupo teatral noiés "Candea", ao tempo que se celebróu unha nova mostra do libro galego e o *Grupo Filatélico* dispuxo un mataselos conmemorativo. En Xinebra, na *Irmandade Galega,* falaron Enrique Quiroga e Xosé Luis Méndez Ferrín, cantóu Amancio Prada e espuñéronse serigrafías e libros galegos. En Montevideo, e no seo do *Patronato da Cultura Galega* deu unha conferencia encol de Viqueira o doutor Pedro Couceiro quen ten sido alumno del. En Buenos Aires, o *Instituto de Cultura Gallega* orgaizóu unha feira do libro galego que foi coroada cunha conferencia de Bieito Cupeiro sobor de "O pensamento de Viqueira encol da escola galega".

O PRIMEIRO LIBRO IMPRESO DE AUTOR GALEGO

Antonio Odriozola, sempre curioso, pubricóu no tomo XXVII de "Cuadernos de Estudios Gallegos", un traballo co título de "El P. Sarmiento, Arias Balboa, y el primer libro impreso de autor gallego". Cunha data entre interrogantes: ¿1474?

Antonio Odriozola dinos quén foi Vicente Arias Balboa, que viviu na segunda mitade do século XIV e comezos do XV, que foi Bispo de Plasencia, e pódese decir del que fora "el mayor letrado que tuvo el mundo en su tiempo". Todos os que se refiren a Arias Balboa están contestes en que era galego, e coidan algúns que estudóu en Boloña. Pois ben, este "mayor letrado del mundo", noso paisano é o autor —Odriozola estuda o asunto con grande aparato bibliográfico e crítico— dunhas "Glosas a los ordenamientos de Alcalá y Briviesca". O impresor sería Juan Parix, impresor á súa vez do primeiro libro imprimido en España, en Segovia, en 1472. Odriozola louba os libros que saíron do prelo de Juan Parix: "aunque Parix procedía de Heidelberg, se había formado tipográficamente en Italia, y a ello debemos que sean tan bellos estos ejemplares que se conservan, en magnífico y fuerte papel". Odriozola ademira "la perfección tipográfica y la elegancia de su letrería, con caracteres romanos y no góticos".

Coidamos que ten interés o dar a noticia do primeiro libro impreso de autor galego, o que fica probado co asisado estudo de Antonio Odriozola: que as devanditas glosas foron da autoría de Arias Balboa.—S. S.

NOTAS

O DÍA do Santiago do ano que andamos foi dado a conocer púbricamente o fallo do *Premio Alexandre Bóveda* que tiña convocado a Asociación "Amigos da Cultura", de Pontevedra, co fin de promover o estudo e a investigación de materias relacionadas coa Economía e a Socioloxía de Galicia. O tal premio, dotado con 50.000 pesetas e a pubricación da obra por unha editorial galega, nesta súa primeira edición fóille adxudicado por unanimidade do xurado, que formaban Xaime Isla Couto, Alonso Zulueta de Haz, Mario Orxales Pita e Ernesto Baltar Feixó, ao traballo tiduado *A renda nacional e Galicia, análise e interpretacións,* do que resultóu ser autor o profesor mercantil e director de Banca don Ramón Barral Andrade.

NA Cruña ven de se celebrar unha mostra de teatro galego parella á que se ten celebrado en Ribadavia co gallo da Festa das Letras Galegas. É intere-

sante rexistrar que, a máis do interés despertado polo certame en sí, nos coloquios sostidos entre participantes e aficionados con este motivo salientáronse como bases fundamentáis pra a existencia e a continuidade dun teatro específicamente galego na Galicia de hoxe: a) Condición popular; b) Língua galega como medio de expresión; c) Autoctonismo dos textos.

NON hai moito aínda publicóuse en Norteamérica o libro póstumo de Edmund Wilson *Unha fiestra sobre Rusia*, que abrangue estudos de literatura rusa dende Pushkin deica Aolyenitsin. Os xuicios de Wilson son craros e orixináis. Verbo de Gogol, dí que este escritor agardaba a Cristo, pero que se non lle manifestóu a el sinón a Dostoiewski; a Gogol sóio se lle aparecía o Demo. Refírese tamén a Vladimir Nabokov, do que deplora, por aburrido, o seu erotismo intelectualizado. Pondera *Somente un ano*, de Svetlana Alilueiva, e proclama obra clásica a *A casa valeira*, novela de Lydia Chukovskaia. Wilson remata o libro cun sustancioso ensaio adicado a Aolyenitsin.

LE *Sacre de l'ecrivain*, de Paul Bénichou, é un estudo de historia literaria de alcance moito máis amplo do que indica o títduo, xa que incursiona na historia das ideas e as actitudes sociáis. A pescuda de Bénichou limítase ao período abranguido antre 1750 e 1830. O punto de partida do libro é o case místico senso de autoimportancia característico do poeta francés durante o Romantismo, cando se ollaba a sí mesmo como a un mago. Paul Bénichou amosa cómo os escritores franceses chegan a ese senso exaltado da súa misión, mesturado a miudo cunha desesperada visión do posto do home no universo.

UNHA editorial londinense inaugurou unha interesante coleción titduada "Writers and their Backbround". Reúne nela volumes sobre grandes escritores ingleses, situados no seu contexto intelectual, artístico e social por unha serie de estudosos. Teñen aparecido os tomos adicados a S. T. Coleridge, John Dryden, Alexander Pope e Tennyson. Están a piques de aparecer tamén os referentes a Browning e Chaucer.

OS editores franceses restrinxen as súas publicacións. Así o aconsellan a alza do papel, consecutiva á súa escasez, a do petróleo, necesaria pra a súa fabricación, e, por conseguinte, a disminución do poder adquisitivo do leitor. Pra facer frente a esta situación resolveron moderar o seu programa e distribuir en varios trimestres o que de comezo tiñan proiectado pra un só.

NO ano 1956 Leonardo Sciascia chamóu a atención por *Le parrocchie di Regolpetra*. Posteriormente pubricóu varias obras que tiveron grande ésito. En data recente tiróu do prelo *Il mare colore del vino*. Nesta obra o narrador retorna ao seu ámbito predilecto, á súa natal Sicilia, á súa xente e á súa mentalidade. Recóllense no libro varios contos escritos en diversas épocas. O autor sinala que esta obra ofrece unha especie de sumario do seu traballo literario, pois os seus temas son o crime e a mafia, o poder da familia e a "relixión da familia", os desvíos da xusticia e o adulterio.

VLADIMIR Paral, nado no 1932, é un dos principáis escritores checoeslovacos da actualidade. A súa obra, en conxunto, presenta unha visión case balzaciana da sociedade socialista contemporánea do seu país. A acción de todas as súas novelas decorre en Ustinad-Labem, gran cidade industrial da Bohemia do Norte, que pra o escritor é un microcosmos que reflexa o macrocosmos da Checoslovaquia actual. Antre os seus libros sinálanse *A catapulta, Tempestade privada, Amantes e asesinos* e a máis recente, *Unha muller profesional*.

NA Casa-Museu Rosalía de Castro, en Padrón, celebróuse unha exposición de dibuxos e outros traballos de Castelao que nunca se presentaran xuntos. Os traballos de instalación foron realizados por Filgueira Valverde, quen fixo a presentación deste acto de homenaxe ao xenial artista rianxeiro.

O GRAN poeta catalán Salvador Espriu manifestóu nunhas decraracións recentes a súa fonda devoción por Rosalía. A miña ademiración máxima, e non é un lugar común —dixo— é Rosalía de Castro, que, xunto con Bécquer e Verdaguer na dimensión lírica, é a grande poetisa española do século XIX. Espriu engadíu que os galegos, a pesares de ter grandes poetas, non superaron os millores momentos de Rosalía.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venda e suscripción

Número solto	80 ptas.
Extranxeiro	100 "
Suscripción anual, 4 números	280 "
Estranxeiro	320 "

Redacción e Administración

Editorial Galaxia. — Reconquista, 1 — Vigo

Impreso nos Talleres ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Burgos, 96 (interior) - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963


EDITORIAL
GALAXIA, SA